SANTA EULALIA DE BÓVEDA

XUNTA DE GALICIA

SANTA EULALIA DE BÓVEDA

Enrique Jorge MONTENEGRO RÚA
Rebeca BLANCO-ROTEA
Rosa BENAVIDES
César PORTELA

Edita
Xunta de Galicia

Conselleira de Cultura de Deporte
Ánxela Bugallo Rodríguez

Director Xeral de Patrimonio Cultural
Felipe Arias Vilas

Subdirector Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais
Federico Garrido Villa

Xefe do Servizo de Arquitectura
Juan Naveira Seoane

Servizos Técnicos de Arquitectura
Germán Hermida
Manuel Chaín
Victoria Rodriguez
Enrique Fernández
Remigio Rodriguez

Deseño gráfico e maquetación
Eloy Lozano Publicidad

Documentación
Enrique Montenegro
Rebeca Blanco-Rotea
Rosa Benavides
César Portela
José López

Fotografías
Manuel García Vicente
Eloy Lozano
Enríque Montenegro
Rebeca Blanco-Rotea
Sonia García Rodríguez
Anzo Rodríguez Paz
Rosa Benavides
César Portela
Ana Couto
Ejército del Aire

Revisión do galego
Tomás Rodríguez Fernández

Impresión
Gráficas Anduriña S.L.

Depósito legal
PO-353-2008

ISBN:
978-84-453-4606-8

Índice

Presentación 7
Felipe Arias

O monumento de Santa Eulalia de Bóveda, síntese da súa historia coñecida 11
Enrique Jorge Montenegro Rúa

Mirando cara o futuro: coñecer para conservar 43
Rebeca Blanco-Rotea. Rosa Benavides

Santa Eulalia de Bóveda: Intervención arquitectónica 85
César Portela

Traducións/Traducciones/Translation 165

Unha presentación "imposible" do monumento de Santa Eulalia de Bóveda

Cando o colectivo de autores desta obra coincidiu en que tiña que ser quen asina estas liñas o que fixese a presentación dela, pero non como unha obriga institucional senón como introdución xustificativa ao tema que nela se trata, asumímolo de contado pero, ao tempo que o agradecemos fondamente, fomos conscientes de que, tratándose do singular monumento de Bóveda, esta presentación antóllasenos, en realidade, case imposible.

Imposible, primeiramente, porque este conxunto arqueolóxico lucense non precisa demasiada presentación dado o seu coñecemento e mais a sona non só en Galicia senón máis aló das fronteiras estatais; e en segundo lugar, imposible tamén porque, como apuntabamos xa no prólogo dunha das obras máis clarificadoras feita ata agora sobre Bóveda e a súa historia (a dun dos autores deste equipo colectivo, Enrique Montenegro), estamos en presenza dun monumento "aberto" e "agradecido", que admite investigacións case ata o infinito, e iso sen entrar, nin os autores nin nós, nas opinións e nas teorías máis esotéricas nin tampouco no imaxinario, semiculto ou "popular", que acompañou e acompaña aínda moitas veces a Santa Eulalia de Bóveda e o seu contorno.

Son varios e diversos os aspectos que se atoparán nas páxinas que seguen e que aquí tentaremos resumir.

Este libro pensouse como un necesario complemento asociado á última fase de obras realizadas no monumento; é por isto polo que a memoria completa e o resultado final daquelas intervencións conforman un apartado nuclear e fundamental nesta publicación. As actuacións proxectadas e dirixidas, en principio, polos arquitectos Manuel Gallego e César Portela e logo por este último en solitario, queren ser unha intervención, se non definitiva (porque en conservación e restauración patrimonial tal cousa semella improbable) si decisiva e que marque un fito na historia do conxunto de Bóveda. Pois nelas tivéronse en conta con carácter sistemático criterios rigorosos e achegas multidisciplinares, incluíndo a análise e o contraste da documentación de intervencións anteriores, cando tal documentación existe entre as numerosas e moi diversas realizadas desde o descubrimento do monumento soterrado hai xa case un século, como se refire no capítulo correspondente á historia (diriamos mellor, á "bio-bibliografía") deste senlleiro enclave patrimonial.

É importante sinalarmos que nas intervencións desenvolvidas nas últimas dúas décadas, ademais de actuar no propio monumento, por primeira vez prestóuselle atención ao seu singular contorno, pois calquera que coñeza Bóveda, cos ollos abertos, advertirá e apreciará un conxunto etnográfico de valor paisaxístico, ambiental e mesmo vivencial, a maiores, como é lóxico, do especificamente arqueolóxico e histórico-artístico. As fotografías que acompañan este apartado do texto son suficientemente ilustrativas tamén a este respecto. Neste sentido, queda tamén plasmada a sensibilidade de César Portela, como arquitecto director das últimas intervencións para contextualizar e enxergar o monumento arqueolóxico no seu contorno xeográfico-histórico e mesmamente social.

Preséntase esta obra colectiva como un estado da cuestión sobre o monumento de Bóveda, tantas veces alcumado de "enigmático" pero que agora, por mor das achegas científicas xa dispoñibles e que aquí se recollen e resumen, éo cada vez menos.

E isto é así, en gran medida, grazas ás investigacións que se fixeron nos últimos anos e que aparecen aquí reflectidas. No caso bovedense, sempre se considerou fundamental nos ámbitos científicos realizar e ter en conta unha demorada historia tanto dos avatares sufridos polo monumento e o seu contorno arqueolóxico (que non foron poucos como é ben sabido), coma das propias investigacións e estudos a el dedicados con moi diferente obxectivo, extensión e fortuna. Enrique Montenegro fainos aquí esa revisión necesaria de actuacións e estudos anteriores, resumindo o que noutro lugar afondaba facendo o que nós chamabamos "unha arqueoloxía da arqueoloxía".

Esta análise retrospectiva seria, e rigorosamente documentada complétase nesta obra cun estudo, a cargo da arqueóloga profesional Rebeca Blanco, da arqueoloxía da arquitectura, disciplina esta que, como é patente, pode facilitar moitos datos e informacións para unha correcta definición das distintas fases construtivas ou reformadoras dun edificio tan complexo como Bóveda, co apoio de técnicas puramente arqueolóxicas e así mesmo de novas tecnoloxías que acoden na súa axuda e, ao tempo, facilitarán a comprensión das hipóteses propostas.

Se aceptamos que boa parte dos problemas do monumento veñen dados pola súa propia situación topográfica e pola súa estrutura arquitectónica e as relevantes manifestacións escultóricas e pictóricas que ofrece (e que no seu conxunto lle proporcionan o seu carácter senlleiro e único), tamén era lóxico retomar aquí aspectos referidos ás análises e aos estudos

técnicos de conservación preventiva e de restauración paliativa, a cargo neste caso da especialista Rosa Benavides, con novas achegas, sempre abertas ao debate, como calquera estudo ou tese sobre este depósito-monumento lucense.

Polo apuntado nos parágrafos anteriores é evidente que este libro se conforma como a memoria das últimas (seguramente non derradeiras) actuacións realizadas, pero tamén como unha utilísima e necesaria exposición dos datos e as informacións obxectivas dispoñibles sobre Bóveda no momento presente. Pero quere ir máis aló, pois intenta resumir as numerosas hipóteses, teses e opinións a respecto deste singular conxunto, no que un mesmo dato, unha mesma información, pode ser interpretada de moi diversa maneira. Por iso, entendemos que marcará un fito naquela que dixemos "bio-bibliografia" de Bóveda, xa que actualiza o estado da cuestión desde un enfoque multidisciplinar, que non queda soamente nun edificio, que xa de seu é moi complexo e con múltiples facianas e problemas -de conservación, de investigación e mesmo de xestión-, senón que transcende ao seu contorno arqueolóxico e histórico, e incluso ao etnográfico e inmaterial.
En todo caso, compróbase unha vez máis que o conxunto de Santa Eulalia de Bóveda aínda agarda e precisa estudos e atencións constantes, ás veces non tan rápidas como se desexaría porque é o propio monumento o que marca as pautas e os ritmos demorados das análises e estudos que permitan logo unhas intervencións medidas e responsables, para evitar no posible incidir negativamente na súa azarosa vida.

En resumo, esta obra debe ser un fito na historia de Bóveda pero somos igualmente conscientes de que, como diciamos ao comezo, segue sendo un monumento "aberto" e "agradecido" a máis estudos, opinións, actuacións e, mesmamente, á mellora da súa xestión como enclave patrimonial e tamén turístico, outro problema de Bóveda que nós últimos tempos correu o perigo de se converter en endémico e que se procura situar en vías dunha axeitada solución.
Este libro naceu como unha memoria científica pero tamén quere ser unha achega de alta divulgación, e servir así, maiormente, para lograr unha maior difusión da súa importancia e singularidade a todos os niveis: o puramente científico, o intrinsecamente patrimonial e cultural, o desexable aproveitamento educativo e, en fin, o mesmamente socioeconómico a través dunha utilización turística controlada. Ao cabo trátase de conxugar e de sumar de xeito responsable todos os valores que ten un unicum como Bóveda.

Persoalmente e de xeito institucional cómpre agradecer fondamente o traballo de todas as persoas que fixeron posible esta obra colectiva: aos autores e ás autoras que achegaron os diferentes, e ás veces debatidos, puntos de vista; aos responsables –directores e empresa executora- dos traballos realizados no monumento; aos produtores da edición; aos servizos técnicos da Subdirección xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais que a fixeron posible, e, desde logo, ao pobo da parroquia de Santa Eulalia de Bóveda, que coidou e mantivo o monumento ata hoxe, e que nós nos permitimos encarnar aquí nun dos seus naturais, nun personaxe insubstituíble, exemplar e fundamental na súa historia como é Nicandro Ares Vázquez, investigador erudito, profesor apreciado, sacerdote querido, e amigo de todos os que se achegaron a Bóveda para facer o que el veu facendo nos seus oitenta anos: amar e coñecer o monumento e as terras do Mera que o contornan, e saber transmitir os seus múltiples valores.

FELIPE ARIAS VILAS
Director xeral de Patrimonio Cultural

A ventá esquerda, ou lateral sur, nunha fotografía publicada en Vida Galega para dar a coñecer o achado. Era descrita como a "entrada a la galería milenaria descubierta recientemente".

O MONUMENTO DE SANTA EULALIA DE BÓVEDA, SÍNTESE DA SÚA HISTORIA COÑECIDA

Enrique Jorge MONTENEGRO RÚA

O descubrimento

As primeiras noticias do monumento datan de 1926, ano no que se fai público o achado dunha estancia abovedada subterránea, con espléndidas pinturas murais, nun arredado lugar da contorna de Lugo, concretamente embaixo do adro da igrexa parroquial de Santa Eulalia de Bóveda de Mera. José María Penado, párroco do lugar, logrou acceder ao espazo onde a tradición situaba outra igrexa por baixo da actual, construída no último terzo do século XVIII. Tras confirmar, mediante a lectura dos libros de fábrica da igrexa, que podería atopala debaixo do adro, escavou un burato de máis de dous metros de fondo ata dar cun pequeno oco que lle facilitou o acceso a un tobo, de aproximadamente un metro de ancho por seis e medio de longo, conformado por un arranque de bóveda.

A súa sorpresa debeu ser moi grande cando, á par que ía adaptando a súa visión ao escuro do lugar, ía recoñecendo as formas e as cores de diferentes tipos de aves, pintadas entre diversos motivos vexetais que cubrían por completo o paramento abovedado.

Mais, na realidade, estes feitos tiñan pasado anos atrás, arredor de 1914, e non transcenderon ata que a Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Lugo tivo coñecemento deles.

Guiados polo daquela presidente da Deputación Provincial, Vitoriano Sánchez Latas, o vinte de xuño de 1926, Luis López-Martí, vogal da Comisión e director do Museo Diocesano, acompañado de Ricardo García Puig, arquitecto provincial, lograron visitar por vez primeira tan significativas ruínas, onde realizaron os primeiros traballos de documentación dos restos atopados, co apoio de planos e fotografías.

Conscientes de que este achado se trataba dun espectacular acontecemento, non demoraron máis tempo en dalo a coñecer. Días despois, o propio López-Martí escribe un pormenorizado artigo sobre o descubrimento para a revista viguesa *Vida Gallega*, pero non sería publicado ata o mes de novembro. A Real Academia Galega foi quen comunicou a primeira noticia, incluíndo unha recensión no seu Boletín de setembro de 1926.

PARA SABER MÁIS:

(1926): "Arte cristiano en Galicia. Un notabilísimo descubrimiento", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVI, n.º 186, pp. 151-152, A Coruña.

López-Martí Castillo, Luis (1926): "Descubrimiento de una bóveda subterránea: Hallazgo importante", Vida Gallega, n.º 322, 10 de noviembre, 2 p., s/p, Vigo.

Montenegro Rúa, Enrique Jorge (2006): "Santa Eulalia de Bóveda: dos aniversarios y un cumpleaños: Ochenta años de bibliografía sobre el monumento lucense", Croa, n.º 16, pp. 43-66, Lugo.

As actuacións arqueolóxicas

A escavación do monumento tras o seu descubrimento (1926-1929)

Vista a calidade dos achados, a Comisión Provincial de Monumentos Histórico-Artísticos de Lugo actuou con dilixencia e realizou unha primeira achega económica para comezar os traballos de desentullo que permitisen valorar convenientemente a importancia do descubrimento e informar na Xunta Superior de Escavacións en Madrid.

Luis López-Martí foi designado director das escavacións, quen contou coa colaboración do arquitecto Ricardo García Puig como director técnico e co propio párroco José María Penado como encargado das obras.

Un longo muro illaba o estreito recinto descuberto polo párroco do resto da estancia. O muro non era orixinal e tiña a función de termar dunha parte do teitume abovedado, xa que a súa zona central colapsara. Por motivos de seguranza, mantiveron o devandito muro ata non desentullar por completo o interior da edificación, podendo así avaliar os riscos do seu desmantelamento.

Entre os restos da derruba destacan a extracción de fragmentos de fustes de columna marmórea, anacos de arcadas e multitude de pezas destruídas de mármore, moitas delas con decoración en relevo e, por suposto, abundancia de fragmentos de recebo con pinturas.

Axiña, tras un desentullo parcial do interior, observan que se atopan diante dunha estancia cunha planta dividida lonxitudinalmente en tres espazos separados por arcadas. O central era o máis amplo e os laterais apenas chegaban ao metro de ancho. Todo o interior estaría cuberto por unha bóveda de medio punto cunha rica decoración pictórica na que se reflectiría tamén esta división estrutural: representación de aves entre motivos vexetais e florais nos espazos laterais, xunto con motivos xeométricos e astrais en toda a área central.

Esta distribución da planta en tres naves semellante ás basílicas latinas, a aparición dun grande arco ao fondo da nave central (interpretado como arco triunfal) e a orientación da fachada ao leste, precedida dun vestíbulo, facilitan unha primeira identificación deste edificio como un templo cristián primitivo. As súas reducidas dimensións xustificarían a construción, nunha época posterior e cunha solución construtiva distinta, doutra igrexa enriba (da que só se conserva un muro), quedando transformada a orixinal en cripta.

O colapso da planta inferior produciríase como consecuencia da instalación de cinco sepulturas de pedra na igrexa de enriba, segundo deducen duns documentos de mediados do século XVIII que describen estas reformas que, co tempo, resultarían nefastas para a estabilidade estrutural do conxunto arquitectónico. Esta perda xustificaría a construción da actual igrexa parroquial no terreo contiguo.

2

3

2.Un dos fragmentos de mármore con decoración extraído dos entullos na primeira fase das escavacións no que se distinguen dous peixes dispostos simetricamente. O valor simbólico do peixe como representación de Cristo achega, para López-Martí, unha nova proba que identifica os restos arqueolóxicos como os dunha igrexa primitiva. Este relevo, xunto co resto dos fragmentos de mármore, atópase exposto no Museo Diocesano da Catedral de Lugo.

3.Tras o inicial desentullo do interior xa se chegaba a apreciar cal ía ser a súa planta. Dúas arcadas, decoradas con motivos vexetais que afloran dunha especie de cráteres dispostos unha en cada un dos extremos (un de cuxos arranques apreciase xa na parede do testeiro, ao fondo da imaxe), dividían as tres naves. Tamén ao fondo, pero en posición central, se atopa un amplo arco que identifican como triunfal. Sobre os restos dos entullos obsérvase un fragmento de fuste de columna que hoxe podemos ver restaurado nunha hipotética situación.

4. Detalle da decoración pictórica dun dos arranques das arcadas.



5a. Desmantelamento da escaleira que comunicaba a planta inferior coa superior. Os chanzos foron retirados unha vez finalizado o proceso de escavación, dentro da última fase de restauración e saneamento, por consideralos un aditamento non orixinal; tamén se tapiaría o van. En primeiro plano, atópanse grandes bloques de formigón correspondentes a fragmentos da parte central da bóveda derruída.

5b. Fragmento de estela funeraria con simboloxía astral que foi reutilizada como parte dun chanzo da escaleira desmantelada. A representación iconográfica desta estela é moi habitual en época romana, con especial presenza en Galicia e, en xeral, na metade norte da Península Ibérica. Centro de Información de Santa Eulalia de Bóveda.

Estas primeiras conclusións serían enriquecidas polos resultados de novos traballos levados a cabo grazas á achega económica da Deputación Provincial e pola encomiable tarefa de difusión e documentación realizada no Boletín da Real Academia Galega, con colaboracións de Francisco Martínez Morás, Ángel del Castillo, Manuel Vázquez Seijas e do propio López-Martí.

A escavación da fachada ofrece novos datos que achegan unha maior singularidade ás características da construción. Un vestíbulo, porticado e flanqueado por dous robustos machóns, conserva na súa entrada dúas columnas compostas por tambores graníticos que, a diferenza das achadas no interior, quedan na súa disposición orixinal. O conxunto da entrada está, polo tanto, conformada ao xeito dos templos clásicos denominados in antis. Pero o realmente excepcional son a serie de relevos, de temática variada, con representacións de aves e unha parella de homes que identifican como dous posibles eivados mostrándose as súas lazarías, no interior do vestíbulo e, simetricamente dispostos na fronte de cada un dos machóns, cinco figuras femininas, quizais danzantes, enmarcadas con roleos vexetais. Máis abaixo atopa outra figura de maior tamaño, posiblemente masculina, como nimbada (matizan), enmarcada entre dúas columnas alinteladas.

No interior, tras o arco testeiro, localizan un acceso con esqueiras, de factura deficiente e claramente posterior á construción orixinal, que comunicaba as estancias inferior e superior. A finalización das tarefas de desentullo deixa ao descuberto un pavimento formado por grandes lousas de granito que, na maior parte da súa zona central, presenta unha cubrición de placas de mármore. Nas paredes laterais, e a media altura, dispóñense ocos a xeito de fornelas. Entre os entullos atoparon máis fragmentos de relevos marmóreos, algún deles de boa calidade, xunto cos capiteis de tres columnas extremadamente descompostos por efecto da humidade.

Dous anos duraron as escavacións arqueolóxicas en Santa Eulalia de Bóveda. Non hai que esquecer que para que este proxecto chegase a bo termo foi imprescindible o apoio oficial da Dirección Xeral de Belas Artes e da súa Xunta Superior de Escavacións, que tomara boa conta dos traballos e informes realizados pola Comisión de Monumentos Histórico-Artísticos de Lugo. O impulso de Belas Artes manifestouse, ademais de nas importantes achegas económicas, na supervisión técnica realizada polo eminente historiador de arte e arqueólogo Manuel Gómez-Moreno, catedrático da Universidade Central de Madrid.

6a. Fotografías realizadas por Ksado tras os traballos de restauración. No exterior, relevos de figuras humanas marcan o vestíbulo porticado da orixinal fachada.

6b. A afamada decoración pictórica envolve o interior. Distínguese un dos lucernarios de cristal que achegaban luminosidade ao interior do monumento tras cubrilo cunha placa de cemento armado para protexelo das inclemencias do tempo.

Estas primeiras actuacións arqueolóxicas finalizaron despois de realizaren traballos de saneamento, restauración e conservación. Estes consistiron na eliminación da significativa humidade localizada baixo o pavimento, a construción dun teitume de cemento armado que protexese o interior das inclemencias do tempo, así como a protección do espazo exterior da fachada mediante a ampliación do patio amurallado. Ademais, segundo escribiu López-Martí nunha monografía sobre Santa Eulalia de Bóveda publicada pola Xunta do Museo Provincial de Lugo en 1934, "se procuró que los restos arquitectónicos aparezcan con toda verdad, sin nada que estorbe su contemplación o signifique ingerencias de sistemas preconcebidos sobre la apreciación técnica". Palabras que amosan o respecto por un legado patrimonial que desafortunadamente, como máis adiante habemos ver, non sempre reflicten as pautas que se seguiron.

A importancia deste espectacular descubrimento, xunto ao tratamento realizado dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural grazas a este conxunto de actuacións arqueolóxicas, posibilitaría un axeitado control patrimonial. Este será referendado xuridicamente polo Goberno provisional da nacente segunda República diante da necesidade dunha maior intervención e control eficaz da Administración na conservación do patrimonio cultural do Estado. Tendo en conta os informes emitidos pola Xunta Superior de Escavacións e polo Comité Executivo da Xunta de Padroado para a Protección, Conservación e Acrecentamento do Tesouro Artístico Nacional, decídese declarar a Santa Eulalia de Bóveda Monumento Histórico-Artístico, mediante Decreto do 3 de xuño de 1931, publicado na Gaceta de Madrid o 4 de xuño.

Actuacións arqueolóxicas de Manuel Chamoso Lamas (1945-1960)

Traballos de exploración

En plena Guerra Civil, o Goberno do bando nacional aproba o decreto que crea o Servizo de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional, dependente da Xefatura Nacional de Belas Artes. Herda as atribucións das xuntas do Tesouro Artístico, dividíndose en nove zonas a cargo dunha comisaría central.

En 1945, Manuel Chamoso Lamas, que vén de ser nomeado comisario da 1.ª Zona, da que formaba parte Galicia, realiza unha visita a Santa Eulalia de Bóveda, dada a importancia do monumento e o interese que suscita.

O estado no que se atopaba aconsellaba unha intervención urxente, xa que os labores agrícolas efectuados nos terreos lindeiros afectaran varias estruturas,

sobre todo o muro superior que ameazaba desaparecer por estaren destruídos os seus alicerces; proponse a consolidación e o illamento dos elementos arquitectónicos afectados. Tamén determina que era preciso actuar nas pinturas, requiríndose a intervención dun técnico restaurador de pintura mural que as fixe e evite así unha maior perda destas, dado o alto grao de humidade existente no lugar. Complementariamente, recomenda exploracións arredor do monumento que axuden a definir cal foi o destino orixinal do monumento. Por desgraza, pouco ou nada informa sobre as actuacións urxentes de consolidación. Pero, en 1952, sorprenderán as conclusións que publica nun artigo de título revelador: "Sobre el origen del monumento soterrado de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)".

A orientación da investigación mudará o rumbo cando José María Penado, que mantería as súas funcións de párroco de Santa Eulalia de Bóveda ata o seu pasamento en 1974, aos cen anos de idade, lle advirte que o pavimento do interior non fora recoñecido a fondo. Decide levantar as lousas de mármore que cubrían parte da nave central, atopándose con que embaixo destas hai un estanque cheo de auga cristalina. A súa sorpresa foi maior cando comprobou que o nivel de auga se mantiña constante, tanto se botaba máis auga no estanque coma se a quitaba.

Axiña lle puido dar unha explicación a este fenómeno. Segundo comenta, por baixo das lousas de granito estaba a canle do desaugadoiro dun depósito que desembocaba nun prado situado aproximadamente a cen metros do monumento. No inicio deste desaugadoiro principal identificou un dos sistemas que permitía manter constante o nivel de auga. Así o explicaba o propio Chamoso Lamas:

> *[...] No puede ser este más sencillo, pues se reduce a una simple pieza de granito, asentada a escuadra en el fondo y al ancho de la alcantarilla, que corta la corriente de salida de aguas a la altura que se fijó para el nivel de éstas en la piscina, procedimiento con el cual se asegura una cantidad mínima de agua en su interior.*

7. Nas primeiras actuacións xa detectaran a presenza dunha poza ou estanque baixo o pavimento de mármore. Vista do interior tomada polo fotógrafo catalán Aldof Mas Ginestà en 1931 na que xa se aprecia o contorno do lugar onde se atopaba depositada a auga. Arxiu Mas, Institut Amatller d'Art Hispànic.



8. Instantánea do comezo do levantamento do pavimento realizada por Chamoso Lamas na que as lousas de mármore parecen flotar sobre a auga. Fondo Chamoso, Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

Non chegou a localizar o sistema da acometida da auga, pero desbota que o seu nacemento teña lugar en parte ningunha do monumento. Suxire a existencia doutro depósito que regularía a entrada de auga e que presupón que estará embaixo da sancristía da igrexa parroquial, xa que percibe unha maior entrada de auga polo lateral sur que polo norte.

Dos arredores do monumento obtén datos que contribuirían a situalo cronoloxicamente en época romana. Identifica restos de tégulas, tixolos, cerámica común e terra sigillata distribuídos abundantemente polos terreos que enlazan co próximo castro de Corvazal.

Ao respecto da funcionalidade atribuíble ao edificio de Santa Eulalia de Bóveda, Chamoso Lamas quere deixar probado co descubrimento da piscina que a tese proposta por anteriores investigadores de que nos atopamos diante dun ninfeo era a correcta.

Ademais, por unha banda, unha dubidosa análise química indica que a auga do monumento ten propiedades curativas do reumatismo deformante. Esta información estaría corroborada pola presenza do fragmento dun ara coas letras PRO SA[lute] e xustificaría a representación en relevo de dous eivados. Por outra banda, a designación de ninfeo tamén estaría explicada polas múltiples evidencias epigráficas localizadas en todo o noroeste peninsular que nos falan da existencia dun sincretismo coas crenzas prerromanas, xa que deuses autóctonos son substituídos polas ninfas romanas ou designadas estas con cualificativos indíxenas.

Esta circunstancia ritual encaixaría coa cronoloxía determinada polos materiais do ámbito, na que a dominación romana respectaría o culto indíxena ás augas, a diferenza do acontecido tras estenderse o cristianismo que eliminou todo indicio de paganismo e que, no caso de Santa Eulalia de Bóveda, clausuraría a piscina para convertela en templo cristián.

Restauración de Luis Menéndez Pidal e Joaquín Pons Sorolla

O estado no que quedou o pavimento tras os traballos de exploración, xunto á presenza de filtracións de auga na placa de cubrición, facían recomendable que se acometese unha restauración integral de monumento. Este labor, tutelado por Chamoso Lamas, foi encomendado aos arquitectos de zona, Luis Menéndez Pidal e Joaquín Pons Sorolla.

9. Fragmento de ara romana con inscrición incompleta PRO SA. Foi localizada a finais dos anos vinte nas reformas de ampliación do patio ao desmontar o muro que o delimitaba polo leste. A fórmula pro salute era moi utilizada na epigrafía latina como exvoto por curación. Depósito do Museo Provincial de Lugo.

A restauración realizouse ao longo da década dos anos cincuenta, resultou ben acometida tecnicamente, pero optouse por uns criterios de restauración con predominio da reconstrución sobre a consolidación e a conservación, moi en voga na época, pero inadecuados a día de hoxe e que mesmo



10. Plano do proxecto de restauración do interior do monumento. Archivo General de la Administración.



11. Unha das poucas fotografías na que se aprecian as pinturas fixadas na bóveda reconstruída. Fondo Chamoso, Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

12. Restos das pinturas sobre lenzo, localizados no Museo Provincial de Lugo, anos despois de malograrse tras despegarse do teito e caer na auga da piscina.

chegarán a resultar nefastos para algúns dos restos arqueolóxicos. Nos traballos de reconstrución para a recuperación da denominada piscina foi necesario retirar do pavimento os grandes bloques con fragmentos das pinturas da zona central da bóveda. Optaron por extraer as pinturas de cada un dos bloques, fixalas sobre lenzo e trasladalas á súa disposición orixinal, para o que sería necesario reconstruír a parte derruída da bóveda. Este traballo especializado foille encargado ao restaurador de pintura mural Antonio Llopart.

O estado xeral en que se atopaba o monumento recomenda darlle prioridade á reforma da cuberta, que se impermeabilizará aplicándolle unha camada asfáltica e na que, tamén, se fai necesario cambiar o sistema de montaxe dos lucernarios para evitar novas filtracións de auga. O alto grao de humidade existente no interior ameaza o óptimo estado de conservación das pinturas e fai necesaria a construción dunha cheminea de ventilación que permita a súa aireación permanente. No exterior tamén procederán a reconstrución da bóveda do vestíbulo que quedará protexida, xunto cos relevos, por unha cuberta en viseira de formigón.

Unha vez finalizadas as obras previas, poden afrontar a restauración da piscina coa seguranza que lles ofrece o rigor científico do labor achegado previamente por Chamoso Lamas, apoiado polas evidencias materiais descubertas, o que garante o respecto arqueolóxico da súa intervención e, por suposto, co convencemento e a intención de aplicalo na restauración do monumento no seu conxunto.

Lamentablemente, moi pronto se constatará o inadecuado dos criterios de restauración aplicados. Como consecuencia dunha deficiente fixación, desprendéronse os restos das pinturas do teito e, paradoxalmente, foron caer precisamente na piscina. Ademais, no canto de proceder á consolidación urxente dos fragmentos limitáronse a gardalos dobrados nunha caixa que depositaron no Museo Provincial de Lugo de onde, anos máis tarde, desaparecerán. Tampouco se conservan os bloques de formigón da bóveda que contiñan as pinturas, debido á torpe decisión de destruílos porque a súa presenza desluciría a reconstrución do interior do monumento.

Tentativas para a optimización da conservación (1974-1983)

Xa ben entrada a década dos setenta, o estado de conservación no que se atopaba o monumento non era propicio para manterse optimista. O razoable era recoñecer e identificar os posibles desacertos da última grande actuación, corrixilos e intentar reconducir o sistema de prevención.

Indagacións de Alberto Balil Illana

Pouca información existe dos curtos e inconclusos traballos consistentes na realización de dúas catas, unha na fachada e outra na traseira do edificio. Non existe constancia ningunha de que se entregase a memoria dos resultados nin se localizou o proxecto de escavación previo.

Asemade, efectuou un estudo do impacto que podería exercer sobre as pinturas o feito de que houbese un volume de auga considerable no interior do

monumento permanentemente como consecuencia da liberación da piscina. Para iso, dispuxo dunha tarima de madeira móbil, a xeito de gran caixón recheo de area, que tapaba toda a superficie da piscina. Descoñécese tanto o resultado deste experimento coma as conclusións ás que puido chegar.

13. Un dos escasos documentos gráficos publicados da actuación de Alberto Balil. A través do van de entrada, apréciase a tarima que colocou sobre a piscina con auga para comprobar como lle afectaba a humidade interior ás pinturas murais. No vestíbulo, á esquerda, realizouse unha sondaxe. Fondo Juan José, Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

14. Imaxe do interior do monumento tras os traballos de restauración de Menéndez Pidal e Pons Sorolla na que na que xa se observa claramente como sobresaía a auga a través do pavimento e afectaba os muros. Fondo Juan José, Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

A restauración arquitectónica de Antonio González Trigo

O maior problema que detecta era o alto grao de humidade existente no interior do recinto que ameazaba seriamente a integridade da decoración pictórica, como consecuencia das seguintes manifestacións:

- Alto índice de filtración de auga, tanto na base dos muros, polo aumento estacional do nivel freático, coma en varios puntos da cuberta, sobre todo nos situados baixo o muro da área superior, xa que a non cubrición deste e a súa composición e espesor provoca o almacenamento de abundante cantidade de auga de chuvia.
- O efecto da capilaridade permítelle á auga ascender polos paramentos. A capilaridade aumenta cando o nivel freático supera a cota do pavimento interior.
- Todas estas filtracións xeran vapor de auga, pero o principal foco provirá da piscina que, unido á falta dunha axeitada ventilación ocasionada polo levantamento da bóveda interior, xerará un alto índice de condensación.

A solución centrarase en dúas actuacións fundamentais:

- A diminución do nivel freático en toda a superficie do monumento mediante unha cámara bufa perimetral que facilite a drenaxe, para o que se aumentará, ademais, a capacidade de desaugadoiro da condución existente. Igualmente, a cámara bufa estará coroada por elementos resistentes de contrarresto que impidan a alteración da estabilidade do monumento por presións laterais.
- A construción dunha cuberta, sen xuntas e lixeira, para que evite cargas innecesarias, que inclúa o muro da edificación superior.
  Esta nova configuración permitirá liberar os lucernarios para mellorar a ventilación e reducir a alta condensación do espazo soterrado.

Como resposta a esta proposta, os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Cultural comunican a súa decisión de devolver o proxecto de restauración mentres non contemple *"una protección de los restos de bóvedas con materiales y tratamientos más tradicionales, para que no se pierda el aspecto y ambiente rural de las construcciones anejas".* O resultado final desta solución derivará nunha reconstrución do monumento baseada nunha visión arquitectónica moi peculiar que condiciona a interpretación histórica do edificio.



15. Situación da canalización baixo o pavimento. Estado desta antes e despois da actuación de saneamento de González Trigo, para aumentar o caudal de desaugadoiro, segundo o proxecto de restauración de 1974. Archivo General de la Administración.

16. Proposta para a optimización da conservación do monumento para evitar novas filtracións de auga mediante a construción dunha cámara bufa perimetral e a cubrición mediante teitado integral. Estado do monumento antes e despois da restauración de González Trigo, segundo proxecto de 1974. Archivo General de la Administración.

17. Fotografía na que se comproba o resultado final da restauración arquitectónica unha vez que se optou por proxectar nela unha recreación construtiva do monumento orixinal marcadamente subxectiva que desvirtúa a súa interpretación histórica. Estudo previo á actuación de Manuel Gallego e César Portela. Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

18. Estado das pinturas tras a súa limpeza superficial, unha vez rematada a restauración arquitectónica e o secado da piscina. Instituto del Patrimonio Histórico Español.

É inexplicable que a dirección xeral só fixese observacións ao proxecto de obra tendo en conta a estética dos resultados en relación co ámbito arquitectónico do lugar e non esixise o seguimento arqueolóxico dunha obra da envergadura dunha cámara bufa perimetral, na que o habitual é que se destrúan importantes vestixios.

Finalizadas as obras de saneamento e restauración arquitectónicas, solicítaselle a Carmen del Valle Galbán que realice unha limpeza das pinturas murais.

Recuperación da disposición arquitectónica primixenia (1983-1993)

Tras asumir a Xunta de Galicia as competencias do patrimonio artístico, arquitectónico e arqueolóxico, en 1983 a Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Monumental, dependente da Consellería de Cultura e Xuventude, está en disposición de promover un estudo que aglutine diversos especialistas para afrontar, con certas garantías de éxito, os problemas de conservación do monumento.

As obras realizadas por Antonio González Trigo foran moi criticadas, tanto pola recreación da planta superior, que non se axustaba á realidade histórica do monumento, coma pola construción da cámara bufa e a conseguinte eliminación da auga da piscina, principalmente polos efectos nocivos que sobre os paramentos do monumento producen os materiais empregados e polo alto grao de irreversibilidade que presenta a súa estrutura. Pero foi unha solución acorde aos criterios da súa época, necesaria para rebaixar o nivel freático causante, en boa parte, das malas condicións de conservación que ameazaban a integridade do monumento.

Estudos de Francisco Guitián Ojea

A principal preocupación exposta por un grupo de especialistas reunidos no interior do propio monumento en 1984 era determinar se a integridade das pinturas murais corría algún perigo. Para isto, encomendóuselle a Francisco Guitián Ojea, catedrático de Edafoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que realizase as comprobacións oportunas para verificar a súa hipótese de que a configuración arquitectónica resultante tras as obras realizadas por González Trigo modificara severa e inadecuadamente o microclima do monumento, afectando de xeito negativo o estado de conservación das pinturas.
As medicións realizadas por Guitián ao longo dun ano indican que as pinturas están expostas a numerosos ciclos de humectación/desecamento e de bruscas mudanzas de temperatura, que non son normais nunha estancia subterránea. Isto sucede como consecuencia do efecto cheminea xerado pola comunicación dos espazos, o que provoca a entrada de aire do exterior, de natureza moi distinta ao do interior.
As conclusións definirán claramente as actuacións para seguir, xa que *"la conservación de las pinturas exige un mantenimiento de la temperatura y humedad a niveles lo más constantes posibles, y de un orden aproximado al que tenía el monumento antes de ser abierto, condiciones óptimas para su conservación, y que, obviamente, si fueran desfavorables no permitirían que el monumento llegara hasta nosotros".*

Como consecuencia destas conclusións, en 1985 os arquitectos José Manuel Gallego Jorreto e César Portela Fernández-Jardón reciben o encargo dunha actuación arquitectónica que contemple unha restauración correctora das anomalías detectadas.
A base da súa proposta é a eliminación, ata onde sexa posible e entanto non prexudique o estado de conservación, de todos os engadidos arquitectónicos realizados en cada unha das sucesivas restauracións. Para levalo adiante, consideran preciso solicitar unha serie de informes que teñan en conta as investigacións e recomendacións dun grupo de científicos e técnicos restauradores, así como a súa colaboración neste importante proxecto.

Escavacións arqueolóxicas de Felipe Arias Vilas e Rosa Gimeno García-Lomas

Felipe Arias presenta un proxecto científico orientado a obter novos datos que permitan coñecer mellor o monumento en si mesmo e a súa relación cronolóxica e cultural co ámbito próximo. Así mesmo, pretende que os resultados ofrezan directrices suficientes para garantir unha restauración arquitectónica respectuosa coa historicidade deste conxunto arqueolóxico. No monumento habería que intentar definir as escasas zonas nas que se


19


20

19. Extremo dunha canle, que transcorre baixo o pavimento de granito, coa tampa que sobresae no bordo da piscina. Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

20. Traballos de restauración no patio. Tras levantar as lousas que o cobren, pódense ver a dupla canalización de desaugadoiro realizada por González Trigo e a arqueta de rexistro e regulación. Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

podería obter unha estratigrafía orixinal, máis doada de localizar no contorno próximo, e incidir no interior do edificio para, polo menos, proceder ao rexistro de datos non documentados en anteriores intervencións. Non inclúe outras áreas de interese de difícil acceso para unha actuación arqueolóxica, como son o cemiterio, zonas de paso, vivendas, etc. Son áreas que se deben prospectar mediante entrevistas con propietarios, o folclore do lugar, etc.

Fai especial fincapé en intentar localizar os proxectos, memorias e informes das sucesivas intervencións realizadas no monumento que permitan a correcta interpretación do estado no que se atopaba o edificio. Sinala o paradoxo de que se coñeza máis das primeiras actuacións que de todas as posteriores.

Nunha segunda fase contempla tanto a realización dalgunha cata no castro de Corvazal coma prospectar os terreos próximos. Actuacións ambas de interese por ser o castro máis achegado a Santa Eulalia de Bóveda, no que había pouco que se descubrira unha fonte que podería ter relación co monumento.

Por último, realiza un avance do control arqueolóxico das obras de restauración que se realizarán con posterioridade, se estas afectan partes estruturais, decorativas ou o subsolo do monumento.

Rosa Gimeno foi a responsable de executar as distintas escavacións arqueolóxicas demandadas segundo avanzaba o proxecto pluridisciplinar. A principal particularidade que observa nos resultados da escavación é o predominio de niveis de revolto, que presentan unha evidente disparidade cronolóxica como consecuencia das numerosas remocións de terra realizadas ao longo dos máis de sesenta anos que transcorreran dende o seu descubrimento. Outra importante característica común é o tipo do substrato sobre o que se asenta o monumento e todo o seu ámbito, composto por unha potente capa de area resultado da descomposición do granito.

Durante estes traballos afanouse en realizar unha documentación exhaustiva, co fin de paliar o baleiro que caracterizou outras actuacións arqueolóxicas. Destaca a descrición do sistema de canalización.

As canles que atravesan o tramo da piscina teñen ausencia de tampa e sección semicircular. Nas sondaxes do pavimento onde se localizaron conducións, estas estaban cubertas cunha tampa de pedra que asomaban tamén lixeiramente no bordo da piscina. Este sistema de canles aséntase directamente sobre area, sendo esta a base sobre a que descansa todo o monumento, cunha potencia comprobada de 1 a 1'8 metros e evidente ausencia de materiais. A escasa cimentación presente baixo os muros considéraa axeitada, tendo en conta a natureza do chan e o elevado nivel freático da zona.

Para Rosa Gimeno, as canles fan parte dun sistema de drenaxe do edificio no que a piscina en realidade sería unha arqueta de regulación das diferentes tomas de auga, dende onde se distribuiría fóra da área do monumento a través dunha pequena galería que fora descuberta e remodelada por González Trigo nos anos setenta.

Nas proximidades do monumento, limitáronse a prospectar unha zona duns 200 metros en dirección ao castro de Corvazal, localizando restos que identifican como o resultado da dispersión do material arqueolóxico proveniente do desentullo xerado nas múltiples actuacións realizadas en Santa Eulalia de Bóveda. No propio castro chama a atención que só aparecese un muro habitacional no interior, próximo á muralla, sobre todo tendo en conta o escaso tamaño do recinto. O material localizado sitúa cronoloxicamente a ocupación do castro arredor do século I. En relación co manancial, que se atopa case no medio da coroa interior no que gurgulla a auga dentro dunha arqueta similar á localizada en Bóveda, está rodeado de dous niveis de lousado nos que non se constatou canalización ningunha.

A restauración de elementos pétreos por José María Cabrera Garrido

Detecta que unha elevada porcentaxe de material pétreo presenta un preocupante estado de conservación, constatándose ennegrecemento, crecemento de algas e plantas, acumulación de po e erosión superficial que mesmo afecta algúns dos relevos máis significativos. As columnas do interior, formadas por pedras máis moles, presentan unha forte erosión e reparacións mal executadas que se teñen de eliminar e, ao tempo, as columnas deben asentarse sobre unha base máis sa.

A intervención non inclúe ningún factor de desestabilización, utilizaranse ademais produtos reversibles. Elimínanse as eflorescencias salinas procedentes do formigón utilizado na cámara bufa. O estado xeral induce a pensar que para que a restauración resulte eficaz ten que ir acompañada doutras tarefas de saneamento integral do edificio que actúen sobre o alto grao de humidade existente debido á condensación, que afecta a superficie da pedra, filtracións, capilaridade, etc.

Tras unha demorada limpeza das algas no interior do monumento, observan que entre elas e o paramento se atopa un recubrimento negro. A análise química posibilita a súa identificación cunha especie de morteiro con propiedades de illante hídrico. Diante da posibilidade de se acharen co recubrimento orixinal de protección contra a humidade, disponse a súa non eliminación.

Rosa Gimeno realiza unha pequena sondaxe arqueolóxica no muro norte do patio porque nel se detectou a mesma materia, precisamente onde foi ampliado este muro na restauración do monumento de finais dos anos vinte. Púidose comprobar que esta película negra se manifestaba maiormente en pedras en contacto coa capa freática. Conclúe, polo tanto, que a presenza desta capa negra é o resultado dun proceso natural, non antrópico.

A restauración das pinturas murais por Carmen del Valle Galbán

O estado das pinturas murais fai necesaria unha primeira actuación de urxencia que consolide o soporte das pinturas ao muro, xa que existe un serio risco de desprendemento de varios fragmentos.

De seguido, e antes de acometer novas actuacións sobre a superficie pictórica, cóbrese esta cun revestimento provisional de protección que evite desprendementos por vibracións nas obras de eliminación dos falsos agregados arquitectónicos realizados en anteriores actuacións.

Paralelamente, intervense sobre o exceso de humidade que contribúe á deterioración do monumento no seu conxunto.

Finalmente, realízase a limpeza das pinturas, así como o tratamento e reintegración de lagoas por estucado e da superficie pictórica por retoque. Como medida dunha axeitada conservación, Carmen del Valle fai fincapé en que se deberá manter unha temperatura e humidade interior óptimas no futuro.

O proxecto contempla a actuación sobre as pinturas como unidades constituíntes dun conxunto arquitectónico e artístico que necesita ser analizado integralmente, non será o resultado dunha visión illada duns obxectos dignos de estudo. Lamentablemente, algún dos seus obxectivos non se levaron a cabo, como foi o estudo comparativo das pinturas do interior, do vestíbulo e dos escasos restos localizados no muro superior, así como dos distintos paramentos sobre os que se asenta o soporte pictórico. Non se realizou tampouco outro estudo comparativo que tivese en conta o listón de mármore que percorre a base das pinturas murais do interior con outros fragmentos descubertos nos traballos de escavación. Estes estudos terían permitido poñer en relación algúns dos máis importantes aspectos arquitectónicos, obter unha visión máis coherente do monumento e proporcionar datos da súa evolución histórica.

Pola contra, son de interese unha serie de datos e conclusións obtidas tras meses de minucioso estudo das pinturas murais polo que achegan ao coñecemento e á historia do monumento. Entre as súas conclusións, cabe destacar que tanto as técnicas coma os pigmentos utilizados apuntan a unha factura de época romana.


21

21. Fotografía da primeira fase da restauración pictórica na que se consolidou o soporte. Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Eliminación de engadidos: restauración arquitectónica de José Manuel Gallego Jorreto e César Portela Fernández-Jardón

Tras o seu encargo a finais de 1985, presentan o informe de restauración arquitectónica en xullo de 1990. A marxe de tempo transcorrido xustifícase pola súa dependencia da finalización dos estudos e actuacións previas, que cristalizaron nunha serie de informes, aos que houbo que unir as directrices dadas por técnicos da Xunta de Galicia:

> *[...] Un proyecto de estas características supone su carácter pluridisciplinar y que las actuaciones que se realicen no sean irreversibles. No sólo como norma para no caer en problemas anteriores, sino como artefacto arquitectónico de regulación variable, en lo posible, en atención a la luz, el agua y la ventilación.*

Ademais, o desenvolvemento inicial dos distintos proxectos axuda a compensar, en certo modo, a falta de información fiable das restauracións arquitectónicas anteriores e de como estas puideron afectar o estado de conservación do edificio. De todos os xeitos, afrontan a restauración con cautela para intentar definir estes problemas no transcurso da obra.

Para executar con garantías as demolicións proxectadas, encárganlle á empresa Aroca y Asociados o estudo do estado da bóveda orixinal. A anomalía máis grave que se observa é unha acusada deformación no arranque sur da bóveda, causada pola presión da igrexa construída no século XVIII e que afecta ademais os alicerces, manifestándose no afundimento das lousas de granito do pavimento situadas baixo o muro. Malia todo, non atopan risco ningún nas obras proxectadas, dada a estabilidade estrutural do monumento; só recomendan que a demolición sexa realizada por medio de cortes con discos de diamante, para minimizar as vibracións.

As demolicións realízanse en dúas etapas para as que se dispuxo unha cuberta provisional de protección. Na primeira etapa, eliminan a bóveda e



22. Estado do monumento antes e despois da actuación dos arquitectos Manuel Gallego e César Portela. Instituto de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

elementos verticais da planta superior. Na segunda, eliminan a placa horizontal de cubrición e a estrutura coa que se reconstruíu a bóveda da planta inferior.

Posteriormente, constrúen unha nova lousa de formigón impermeabilizada que intentan axustar ás condicións arquitectónicas específicas do monumento, co obxecto de recuperar no posible a forma orixinal da parte superior.

Finalmente, realízanse unha serie de obras puntuais, e igualmente necesarias, entre as que se destacan as seguintes:

- Restauración da ventá dereita da fachada, igualándoa coa outra existente.
- Substitución da escaleira de acceso.
- Cubrición do patio con malla de aceiro inoxidable que impida o paso de aves e coa posibilidade de ser cuberta con toldo para regular a entrada de luz solar directa.
- Restauración do pavimento do patio e estudo de canles de auga e arquetas.
- Incorporación de lucernarios na cuberta de formigón regulables en luminosidade e ventilación.

Prospección xeofísica

O proxecto de Gallego y Portela considera necesario, tamén, realizar unha serie de estudos científicos que comprendan aspectos xeofísicos e topográficos do monumento.

A prospección foi realizada pola empresa TAGSA en 1991. Os resultados confirman que o substrato do ámbito do monumento está formado por granito descomposto, pero obsérvanse dificultades en obter datos fidedignos da potencia deste tipo de chan. Detectan algunhas anomalías susceptibles de se atribuír a restos arqueolóxicos pero, lamentablemente, non se realizaron as catas arqueolóxicas coas que acometer as comprobacións necesarias que esta prospección xeolóxica demandaba.

De especial interese son os resultados que nos permiten coñecer a situación do monumento respecto da rede de drenaxe subterránea. A prospección hidroxeolóxica amosa como o nivel freático diminúe segundo o terreo se afasta do monumento. Porén, esta progresión de nivel non encaixa coa medición realizada no propio monumento, máis baixa do esperado.

> *[...] Es evidente que existe un ligero error de nivelación, ya que si estos valores fueran correctos el monumento estaría inundado cosa que no ocurre ya que se encuentra por encima del nivel freático.*

Os responsables das medicións describen, sen sabelo, o estado do monumento antes da actuación de González Trigo na que conseguiu baixar o nivel freático. O descoñecemento de como estaba disposta a construción, orixinalmente, en relación cos niveis de auga do seu contorno inmediato faille supoñer que o abastecemento da piscina só se realizaba mediante a achega diferencial da auga que o circunda a través do sistema de canalización presente por baixo da súa estrutura.

PARA SABER MÁIS:

(1926): "Arte cristiano en Galicia. Un notabilísimo descubrimiento", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVI, n.º 186, pp. 151-152, A Coruña.

López-Martí Castillo, Luis (1926): "Descubrimiento de una bóveda subterránea: Hallazgo importante", Vida Gallega, n.º 322, 10 de novembro, 2 p., s/p, Vigo.

Martínez Morás, Fernando (1926): "Los hallazgos de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVI, n.º 189, pp. 228-229, A Coruña.

López-Martí Castillo, Luis (1927): "Arqueología gallega: algo más sobre el templo primitivo de Santa María de Bóveda", Vida Gallega, n.º 328, 10 de enero, 2 p., s/p, Vigo.

Martínez Morás, Fernando (1927): "Los hallazgos de Bóveda: nuevos descubrimientos", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVI, n.º 191, pp. 267-272, A Coruña.

López-Martí Castillo, Luis (1927): "Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVII, n.º 194, pp. 57-62, A Coruña.

Castillo López, Ángel del (1927): "Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVII, n.º 197, pp. 140-142, A Coruña.

Castillo López, Ángel del (1927): "Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVII, n.º 198, pp. 165-168, A Coruña.

López-Martí Castillo, Luis (1928): "Las excavaciones de la iglesia de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVII, n.º 204, pp. 322-326, A Coruña.

Vázquez Seijas, Manuel (1929): "Las excavaciones de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XIX, n.º 217, pp. 29-31, A Coruña.

López-Martí Castillo, Luis (1934): Santa Eulalia de Bóveda. Descripción y gráficos de monumento allí existente, Junta del Museo Provincial, Lugo.

Chamoso Lamas, Manuel (1952): "Sobre el origen del monumento soterrado de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)", Cuadernos de Estudios Gallegos, t. VII, n.º XXII, pp. 231-251, Madrid.

Gimeno García-Lomas, Rosa (1995): "Actuación arqueolóxica no edificio romano de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)", Arqueoloxía – Informes, n.º 3, Campaña 1989, pp. 141-146, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Montenegro Rúa, Enrique Jorge (2005): El descubrimiento y las actuaciones arqueológicas en Santa Eulalia de Bóveda (Lugo) : Estudio historiográfico y documental de los avatares de un Bien de Interés Cultural, Concello de Lugo, Lugo.

Os estudos interpretativos

O descubrimento do monumento semisoterrado de Santa Eulalia de Bóveda en 1926 xerou grandes expectativas, dada a singularidade da construción e a espectacularidade e orixinalidade dos seus elementos ornamentais. Pero a relativa sensación de impotencia que embargou o ánimo dos primeiros investigadores ao comprobar que os espectaculares achados, máis que achegar novas claves, engadían cada vez máis interrogantes sobre a súa orixe e funcionalidade, só se puido evitar con solucións que poderían denominarse como de compromiso. A ausencia dunha clara definición cronolóxica e funcional do monumento estimulará o seu carácter enigmático.

No mundo da arqueoloxía, os enigmas abondan, e pódese afirmar que son consubstanciais a esta disciplina porque utilizar correctamente unha metodoloxía científica no proceso de análise de restos materiais doutras épocas non garante a exclusión das incógnitas, senón todo o contrario. Unha función deste método, por exemplo, consiste en xerar o maior número posible de interrogantes, aos que poidamos dar resposta ou non, como consecuencia do proceso de extracción do máximo de datos obxectivos tras unha correcta aplicación de diferentes labores arqueolóxicos.

Pero ata agora, agás honrosas excepcións, o proceso de investigación arqueolóxica do monumento non foi acompañado por un mínimo de fortuna. A evolución do seu estudo estivo condicionada ao asentar as súas bases interpretativas, fundamentalmente, asumindo as premisas dos distintos autores que apostaron por algunhas das alternativas que ofrecen as características dos restos arqueolóxicos. Moitas destas bases interpretativas están vinculadas a correspondencias con paralelos non suficientemente contrastados, asumíndose sen ningún ánimo de revisión ao poñer a confianza no prestixio de determinados investigadores ou simplemente por apoiarse no único esteo das referencias bibliográficas xenericamente asumidas como válidas.

Os primeiros artigos

A hipótese inicial, xa exposta polos primeiros investigadores que, representando a Real Academia Galega visitaron tan expectante descubrimento, establece que se trata en parte dun templo dos primeiros séculos do cristianismo, pero só se basearan na posible identificación de fórmulas visigóticas dalgúns motivos decorativos.

Non é de estrañar que Martínez Morás se congratule ao comprobar que os materiais descubertos tras as primeiras tarefas de desentullo poidan chegar a verificar esta tese. Refírome á aparición de relevos con motivos vexetais en mármore que consideran pertencentes ao primitivo altar, xa que axiña identifican como basilical a planta da construción, así como de triunfal o arco que se atopa ao fondo. Non menos sintomática é a aparición doutro fragmento de mármore co relevo dun peixe, símbolo significativamente cristián. Por último, a orientación ao leste situaría cronoloxicamente o templo nunha época anterior ao século VI.

Esta primeira proposta foi partillada pola maioría de autores que se aproximaron ao monumento nos anos iniciais ao seu descubrimento. Non obstante, tamén eran conscientes de que non podían asumir atinadamente esta elección debido á aparición doutros elementos artísticos e arqueolóxicos identificados maiormente con alternativas pagás. Este é o caso da banda xadrezada pintada que se atopa debaixo e ao longo de toda a superficie pictórica da estancia principal e que identificaban en paralelos pompeianos, se ben tamén os localizan en determinados frescos das catacumbas cristiás. Igualmente, identifica como romanos unha serie de tixolos, de distintas medidas e características mais, ao tempo, formulan a posibilidade de que sexan reutilizados, á imaxe do observado nalgunhas sepulturas de época visigoda.

Pero, sen dúbida, o máis desconcertante en relación coa súa atribución a un templo cristián son os relevos que adornan os machóns, principais protagonistas nun repertorio iconográfico plenamente descoñecido en ámbitos cristiáns, ao contrario que a profusión de molduras na decoración arquitectónica, minimamente representadas en Santa Eulalia de Bóveda.

Estas peculiares manifestacións artísticas, xunto ao carácter soterrado do monumento, atribuíble a un período de persecución relixiosa, permítelles finalmente a López-Martí e a Martínez Morás vinculalo a unha "época de transición del arte pagano al cristiano".

Ángel del Castillo non se decanta por ningunha opción nos seus primeiros artigos. Á espera de novas probas arqueolóxicas, considera as naves laterais o suficientemente estreitas como para desvinculalas da celebración de ritos cristiáns, considerando unha mellor alternativa a súa razón de ser como solución arquitectónica para o sostemento da bóveda que cobre toda a estancia.

García y Teijeiro móstrase máis decidido e non dubida en lle atribuír unha orixe pagá ao templo xa que, a diferenza dos moitos con que Galicia contou e conta, non se acha ao aire libre. É unha mostra do pasado relixioso con exemplos iconográficos que representan ofrendas e alegorías da vella mitoloxía.

As correntes interpretativas

Nos primeiros artigos publicados observábase xa unha dupla vertente interpretativa, na que se continuará a incidir en estudos posteriores, sobre o contraste dos postulados pagáns fronte aos cristiáns para identificar a orixe ou a etapa histórica principal dos restos localizados en Santa Eulalia de Bóveda.

É ben certo que dende a publicación, a principios dos anos cincuenta, dos traballos de Chamoso Lamas hase incidir máis na opinión xeral de que é posible identificar dúas etapas construtivas e/ou culturais no edificio de Bóveda, sobre todo se se presupón que tanto a división en tres naves coma o desenvolvemento da decoración pictórica non foran realizadas na construción orixinal.

Polo tanto, para describir os postulados que optan por un predominio cristián ou pagán partirase da idea de que a etapa principal (ou a que máis desenvolve un determinado investigador) pode corresponderse tanto co momento histórico da construción orixinal coma naquel no que se realizaron as pinturas; etapas das que, por outra banda, non é descartable a súa coincidencia temporal.

Predominio cristián

Na monografía sobre Santa Eulalia de Bóveda publicada en 1934 polo responsable das escavacións arqueolóxicas, **Luis López-Martí Castillo** identifica a adscrición cultural do monumento como romana a partir dos elementos arquitectónicos que aparecen e que lle son propios:

- Paredes de formigón.
- A bóveda estruturada en arcos de tixolos paralelos con recheo de formigón nos espazos intermedios.
- Arcos de entrada e triunfal realizados con doelas de tixolo; de igual factura, pero de lousa, atópanse nos arcos de ventá conservados na muralla de Lugo. A súa tendencia á ferradura atribúea a influencia das lexión romanas provenientes de Oriente, identificando paralelosde época romana no noroeste peninsular en relevos de estelas funerarias.

A sobriedade da factura tanto nos relevos atopados coma nos capiteis das columnas situaríao no último período da dominación romana.



23. O arco de ferradura atópase moi representado en estelas funerarios de época romana no norte e noroeste da Península Ibérica. Fragmento de estela dos séculos II-III. Museo de León.

24. Mosaico de tema nilótico que forma parte da decoración do pavimento da igrexa bizantina da Multiplicación dos Pans e os Peixes datada no século V, construída sobre unha capela do século IV. As escenas do río Nilo era un tema paisaxístico presente un innumerables vilas romanas que sería adoptado polo mundo cristián e xudeu como identificación do Paraíso terreal.

Finalmente, a aparición dun pequeno piar identificado como un arcaico pé de altar, xunto aos materiais anteriormente salientados vinculables a restos dunha igrexa primitiva, permítelle incidir en paralelos da arte paleocristiá existente nas catacumbas romanas:

– As fornelas semellantes aos nichos da cripta dos Papas das Catacumbas de San Calixto (ao igual que os capiteis).
– A figura do relevo dos peixes, coa mesma característica do pareado, localízao noutra tumba cristiá das Catacumbas de San Calixto.
– O claro símbolo eucarístico das uvas.

Ademais, por esas datas acababa de producirse o achado dunha igrexa cristiá do século IV, cerca da cidade palestina de Tabgha, con pavimento de mosaico que contén representacións de pavóns, cegoñas e parrulos entre flores de loto. A semellanza iconográfica deste descubrimento arqueolóxico cos motivos pictóricos de Bóveda permítelle a López-Martí reforzar a súa formulación interpretativa.

Fernando Martínez Morás, pola súa banda, foi un dos máis ferventes defensores, entre os primeiros investigadores, que tamén vinculan a un templo paleocristián a orixe do monumento.

Nos anos sesenta, **Pedro de Palol i Salellas** inclúe a Santa Eulalia de Bóveda na súa importante obra sobre a arqueoloxía cristiá en época romana máis dende o punto de vista das influencias que achegará á arte altomedieval peninsular que dende o estudo do monumento propiamente dito, dado que as recentes conclusións achegadas polas actuacións de Chamoso Lamas facían necesaria unha completa revisión do proceso de investigación que permitise definir a súa funcionalidade.

O quince de setembro de 1970 publica o diario El Progreso de Lugo un polémico, extenso e atraente artigo no que **Celestino Fernández de la Vega** se aventura a situar en Santa Eulalia de Bóveda nada máis e nada menos que a tumba de Prisciliano. Denuncia as neglixencias que afectaron negativamente os restos arqueolóxicos ademais de detectar certo grao de escurantismo nos resultados da recente investigación de Chamoso Lamas, o que incentivaría aínda máis o carácter enigmático do monumento.

Segundo Fernández de la Vega, o edificio constituiría en orixe un recinto termal que sería transformado a finais do século IV nunha igrexa martirial de tres naves onde o cadáver do herexe Prisciliano, executado en Tréveris e traído polos seus discípulos á súa Gallaecia natal, sería venerado. Talvez o vestíbulo porticado conserve a estrutura das antigas termas, pero observa simbolismo priscilianista na iconografía das pinturas e na maioría dos relevos.



25a

25a. O mausoleo descuberto en Isnik (Turquía) nos anos sesenta presenta moitas semellanzas estruturais e decorativas con Santa Eulalia de Bóveda. Unha diferenza significativa está na clara atribución cristiá pola presenza do crismón.

25b

25b. Detalle do acceso ao mausoleo e da súa decoración interior.

No mesmo ano, publica un pequeno libro co artigo acompañado da noticia dun recente descubrimento arqueolóxico en Isnik (Turquía), antiga Nicea, onde se atopara a finais dos anos sesenta un hipoxeo, datado entre os séculos IV e V, con dous sartegos saqueados, similar en estrutura e decoración pictórica a Santa Eulalia de Bóveda. Este feito reforzaría a hipótese da función funeraria do monumento lucense.

Poucos anos despois, **Jacques Fontaine** vincula a decoración pictórica maiormente ao momento inicial dun ninfeo de claro sincretismo hispanorromano, pero opina que a transformación nun templo cristián de planta basilical foi moi próxima no tempo. Opta por un proceso de cristianización que entende máis activo, como foi o da política imperial de finais do século IV, fronte á implantación de parroquias rurais suevas ou as actuacións de Martín de Braga no século VI contra o paganismo aínda presente no rural do noroeste peninsular.

A finais dos anos setenta, **Manuel Núñez Rodríguez** adiará ata o século VIII o momento de transformación en templo cristián, ao igual que a súa decoración pictórica, dado que no testamento do bispo Odoario xa se

menciona unha igrexa dedicada a Santa Eulalia no val do río Mera. Pero a súa achega orixinal estriba en observar, nunha base construtiva primaria do monumento, características arquitectónicas relacionadas con ritos da cultura castrexa. A coincidencia coas dúas principais teorías do momento –ninfeo ou santuario de culto ás augas salutíferas, ou ben mausoleo– maniféstase tanto pola súa relación cun espazo ritual de iniciación, onde a inmersión en auga sería unha compoñente activa, coma polo seu carácter funerario vinculado a un crematorio.

José Manuel García Iglesias aceptará inicialmente atribuír tamén ao século VIII o momento da transformación arquitectónica cristiá, pero nas súas últimas referencias optou por definilo como templo paleocristián do século IV.

Narciso Peinado Gómez tamén opta por unha transformación cristiá temperá acolléndose a paralelos localizados en catacumbas cristiás. Nas de San Calixto atopa un fresco con similares representacións de aves e grilandas florais de reminiscencias pagás, pero vinculadas a símbolos de resurrección e paradisíacos. Na basílica dedicada a Santa Petronila nas catacumbas de Domitila acha o paralelo arquitectónico da división en columnas dunhas estreitas naves laterais. En xeral, consegue achegar unha visión interpretativa bastante ecléctica. A proposta inicial de López-Martí é compaxinada coa funeraria de Helmut Schlunk na transformación do ninfeo de Chamoso e Gómez-Moreno, aceptando como plausible, deste último, o paralelo arquitectónico inicial do templo dedicado ao deus Clitunno en Spoleto (Italia).

> *[…] un templo pagano transformado en paleo-cristiano ligado a una dedicación sepulcral, al finalizar las persecuciones, cuando la evidente decadencia del Imperio y la preponderancia visigoda hacía posible la restauración de los viejos templos con nuevas advocaciones religiosas […]*

Non desbota que a da propia Santa Eulalia fose a advocación inicial do templo transformado ao cristianismo.

Francisco Luis Singul Lorenzo recoñece unha base clásica nas pinturas murais pero desestima que o tema decorativo sexa pagán. En dous artigos nos que analiza a súa iconografía intenta demostrar que en realidade revela unha mensaxe cristiá de carácter eucarístico, orixinario das comunidades cristiás e xudaicas de Palestina do século III. Relaciona, polo tanto, a pintura de Santa Eulalia de Bóveda coa arte cristiá norteafricana e hispánica de raíz orientalizante.

Pero para Singul, a grande influencia do priscilianismo no incipiente cristianismo galaico entraría en contradición coa ortodoxia da mensaxe simbólica da decoración de Bóveda, polo que encadra a realización das pinturas na segunda metade do século VI, vinculándoa á obra evanxelizadora de San Martiño de Dumio, na que se rehabilitan e recuperan para o culto vellos edificios (resultaría dunha terceira fase construtiva porque, ao igual que Núñez Rodríguez, asume dúas fases anteriores pagás).

Unha arriscada aposta a favor dunha vinculación predominantemente cristiá do monumento de Santa Eulalia de Bóveda foi realizada recentemente por **Lorena Vidal Caeiro**, na que conxectura cinco etapas na evolución arquitectónica do edificio, sendo unicamente a primeira delas de época romana. Desta identifica só como orixinal o pavimento de lousado granítico e algunha das primeiras fiadas de cantaría das paredes do interior que tería unha planta máis alongada. Opina que moitos dos elementos tanto arquitectónicos coma decorativos desta etapa se conservarían actualmente por se reutilizaren nas seguintes fases construtivas.

As fases propiamente cristiás iniciaríanse a finais do século V cunha transformación na época visigótica, cando se adaptaría un lugar para celebrar o culto coa construción da ábsida rectangular e o arco triunfal. Ademais, remodelaríase a fachada, pertencendo a este momento tanto o arco de ferradura coma os relevos que terían unha disposición distinta.

No século VIII, en época de Odoario, sufriría unha transformación arquitectónica significativa na que se construiría unha segunda planta, destinada preferentemente a celebrar culto, e o pórtico, cubríndose tanto este coma o interior cunha bóveda de canón. A ábsida pasaría a ser un mero lugar de paso entre ambas as dúas plantas, ao desembocar nel as escaleiras de acceso. A decoración pictórica que lle deu fama ao monumento trasládaa ao século IX, pola súa similitude coas pinturas do prerrománico asturiano.

A última etapa construtiva estaría protagonizada polas transformacións cometidas durante o desenvolvemento das restauracións arquitectónicas levadas a cabo tras o seu descubrimento. A insuficiencia dos datos tratados e a súa inadecuada interpretación levarano a propoñer que a piscina ou estanque foi unha invención de Chamoso Lamas.

Predominio pagán

O máis entusiasta en decantarse por unha consideración integramente pagá tras o descubrimento do monumento foi, como xa comentei, **Miguel García y Teijeiro**. A inicios dos anos trinta, **Ángel del Castillo López** decide achegar a súa opinión sobre a funcionalidade e a cronoloxía do edificio que atribúe a un templo consagrado ás ninfas, polo manancial de auga saudable que encerra unha estrutura arquitectónica romana, posiblemente do século IV.



26a

26b

26a. Reconstrución fachada. Interpretación de Gómez-Moreno.

26b. Paralelo arquitectónico presente na pátera de Teodosio, finais do século IV. Real Academia de la Historia.

A salubridade das augas estaría corroborada polo recente descubrimento dunha ara cunha inscrición que comeza por PRO / SA [lute]... Apunta a posibilidade de que referencias históricas, recompiladas por López-Martí, mencionen o seu uso como igrexa no século VIII, sen explicitar que tivese que haber necesariamente unha transformación arquitectónica. Esta mesma opinión será reflectida pouco despois por **Manuel Vázquez Seijas**.

Manuel Gómez-Moreno Martínez participou en boa medida dende a Xunta Superior de Escavacións da dirección e supervisión dos traballos arqueolóxicos que delegou en López-Martí, pero as súas conclusións non se farán públicas ata 1949. É lóxico, polo tanto, que se produzan coincidencias de criterios e dalgunhas referencias de paralelos.

As características arquitectónicas e os materiais son romanos cunhas influencias claras do mundo oriental, polo que insiste na factura de ferradura dos diferentes arcos sen descoidar, non obstante, referencias occidentais presentes no noroeste peninsular. For cal fose a orixe destas influencias sitúaas anteriores ao período visigodo e adianta a finais do século III o desenvolvemento da decoración pictórica que define como clasicismo de *"alta escola"*. A disposición das arcadas a respecto da bóveda central formúlalle a posibilidade de que a división en tres naves non sexa unha solución orixinal pero, no pouco probable caso de existir dúas etapas construtivas, serían moi próximas no tempo e a súa decoración non superaría a época diocleciana.

Pero, á hora de discernir a posible funcionalidade do monumento, opta claramente por solucións que se afastan dun lugar de culto cristián, por priorizar a opción de ninfeo e acepta a posibilidade de que puidese atribuírselle características de templos pertencentes a outros cultos orientais que contaron cun grande apoio social ao longo do período imperial romano.

Tal é así que nin sequera comparte a opinión maioritaria que identifica o emblema de Cristo no relevo do peixe, inclínase por recoñecer nel unha representación máis clásica, como é a dun golfiño a gurgullar auga. Certo é que posteriormente, en 1966, opta por identificalo cunha balea, símbolo máis próximo á tradición cristiá; á súa vez, acepta unha segunda fase construtiva para a súa adaptación en basílica cristiá, na que toma



27. Planos Gómez-Moreno nos que está localizado, baixo a cubrición de mármore, o depósito de auga.

protagonismo a súa ornamentación pictórica. Mantén a temperá cronoloxía, de aí que a inclúa nunha relación de paradigmas dos inicios da arte cristiá en España.

É importante indicar que o artigo de Gómez-Moreno de 1949 foi publicado nunha obra de recompilación de títulos senlleiros, algúns corrixidos e ampliados xunto a outros inéditos, como é o caso de "Santa Eulalia de Bóveda", tras vinte anos da súa creación. Foi o primeiro en decantarse pola elección de ninfeo, como o propio Ángel del Castillo recoñecerá, e en decatarse de que baixo o pavimento existía un depósito de auga a xeito de estanque. Estas observacións sobre a función e peculiaridades arquitectónicas do monumento foron salientadas por Torres Balbás en 1931, aceptando as teses de Gómez-Moreno.

Téñense comentado as vicisitudes de **Manuel Chamoso Lamas** á hora de optar por unha solución predominantemente pagá, ao vincular o monumento a un antigo ninfeo. Seguindo a Schlunk, asume unha segunda fase cristiá, pero de época máis temperá, na que se adaptaría a súa planta a unha igrexa "moi primitiva" porque observa que as pinturas presentes nos restos das arcadas son iguais ás da bóveda.

A importancia do artigo de Chamoso estriba na gran repercusión científica obtida polo redescubrimento da piscina e pola definición dunha fase arquitectónica vinculada á clausura do templo pagán e á súa adecuación ao novo rito cristián, tanto polo que significou a reconsideración de anteriores postulados coma pola súa influencia en autores ulteriores, de xeito tal que se pode dicir que tamén supuxo o redescubrimento do monumento de seu, no ámbito da investigación arqueolóxica hispanorromana.

Igual de transcendentais foron os estudos realizados por **Nicandro Ares Vázquez**, centrados en extraer a información que encerra o mundo simbólico presente na decoración de Santa Eulalia de Bóveda cos que poder formular algunha das motivacións primixenias que permitan revelar o porqué da orixe do monumento.

Os traballos de Chamoso non aparentan serlle suficientes para afrontar esta explicación polo que preferirá mergullarse, mellor que na piscina, nas fontes da literatura clásica, onde obterá testemuños que achegan algún grao de claridade ao simbolismo dos relevos que atopa no vestíbulo. Algúns dos múltiples e variados exemplos indícanse ao pé das figuras.

Identifica dous artríticos no relevo coñecido como dos eivados; un padecía de quiragra, o outro de podagra. A ave que está sobre unha especie de árbore ou pedestal sería unha ibis (máis concretamente aethiopoca, niliaca ou aegypthiaca) relacionada co culto lunar á deusa

28

29

28. Relevo dos eivados. Ovidio: "A medicina non sabe curar a nodosa podagra, nin se auxilia con formidables augas". Marcial: "Temes o verdugo? Caio ampútase pola podagra ou pola quiragra e preferiría padecer mil azoutas".

29. Relevo de ave. Ibis? Eliano sinala que, cando o ibis mete a súa cabeza debaixo das ás, a súa figura parécese a un corazón. Plinio: "O ibis coa curvatura do peteiro púrgase por aquela parte, pola que é moi saudable botar as cargas dos alimentos".



30. Relevo de ave. Fénix? Tertuliano: "[...] besta máis que ave, aínda que con penacho, de breve cabeza, prolongada cerviz, no demais zancuda". Plauto: "Voa correndo".

exipcia Isis. A ave que ten relevo menos definido consegue identificala coa mitolóxica ave fénix que chega a relacionala coa enfermidade da podagra, o que lle permite vincular así a Santa Eulalia de Bóveda como centro salutífero.

Outros estudos sobre toponimia de xacementos e outros lugares do contorno relacionan o monumento coa auga. O mesmo acontece coa epigrafía, ao dar noticia Nicandro Ares dun feito no que de novo se pon de manifesto a perda lamentable de material arqueolóxico acaecido durante os labores de restauración dos anos cincuenta, aínda que nesta ocasión transcorreu fortuitamente: a caída dunha pedra mal manipulada esnaquizou gran parte dunha lousa marmórea que facía parte do

pavimento. O lado que se atopaba adherido ao chan con argamasa tiña unha inscrición; lamentablemente, só se conservan dous fragmentos extremos que non permiten unha clara lectura.

Os primeiros en interpretar a inscrición foran **Francisco Vázquez Saco** e **Sebastián Mariner Bigorra** poucos anos atrás, identificándoa como unha composición poética. Máis concretamente, Mariner Bigorra vincúlaa a unha lauda funeraria, a semellanza dun poema de Virxilio na súa Eneida. Pola súa banda, Nicandro Ares acha un nexo de unión entre un poema de Ovidio en Amores e Luciano no seu Tragopodagra, que enlazarían a inscrición coa cuestión de Santa Eulalia de Bóveda como centro salutífero nas súas orixes.

31. Únicos fragmentos conservados da placa con inscrición de carácter poético e, probablemente, funerario. Depósito do Museo Provincial de Lugo.

Fernando Acuña Castroviejo presenta en 1973 a súa tese de doutoramento sobre as artes plásticas na Galicia romana, centrándose, para o estudo das pinturas de Bóveda, na súa análise iconográfica. Ao igual que Chamoso (e antes por Helmut Schlunk), identifica dous momentos construtivos: inicialmente, un edificio romano dunha soa nave, ao que pertencerían os relevos da fachada, posteriormente, e nunca anterior ao século IV, a etapa cristiá con transformación en planta basilical e a ocultación da piscina.

Para **Felipe Arias Vilas**, malia facerse eco das opinións predominantes que establecen dúas fases principais que afectarían a historia do edificio; arquitectura, pintura e escultura forman unha unidade, polo que non descarta que todo o conxunto fose realizado en orixe, arredor do século IV, sendo reutilizado no devir dos tempos. Seguindo a Ares Vázquez, prefire o termo máis específico de centro salutífero ao de ninfeo.

A finais dos anos setenta, xunto con **Patrick Le Roux** e **Alain Tranoy**, publicou o catálogo epigráfico da provincia de Lugo, no que optan por unha temática funeraria para a inscrición de Bóveda. Poucos anos despois Nicandro Ares aceptaría esta tese.

En 1982, **Lorenzo Abad Casal** publica unha afanosa obra sobre a pintura romana en España na que acepta o consenso sobre a finalidade de tratarse dun ninfeo e sobre as fases construtivas, pero considera que non existen elementos abondo para afirmar se a transformación obedece a unha simple renovación decorativa ou a un posible cambio de culto de pagán a cristián. O seu estudo sobre o monumento céntrase na análise dos seus motivos decorativos que, como é o caso do enreixado vexetal romboidal no que se distribúen as aves, poden achegar información en canto á datación da transformación ornamental do monumento. Analiza a evolución e as influencias destes enreixados en pinturas e mosaicos e conclúe que os pintados en Santa Eulalia de Bóveda obedecen a unha tipoloxía presente no Occidente romano na segunda metade do século IV. Esta achega cronolóxica xa a propuxera en 1977, no XV Congreso Nacional de Arqueoloxía celebrado en Lugo.

Antonio Rodríguez Colmenero relaciona a orixe do monumento de Santa Eulalia de Bóveda coa chegada de cultos de relixións orientais, concretamente cun *iseum* (culto a Isis) ou cun *serapeum* (culto a Serapis), tras vincular o monumento cunha fonte cultual descuberta na cidade de Lugo. Atopa semellanzas en santuarios dedicados a divindades exipcias con depósitos de auga similares aos de Bóveda, portadoras da auga sagrada do río Nilo. Así mesmo, os relevos serían unha representación dos efectos benfeitores das deidades.

Nesta etapa pagá identifica dúas fases construtivas. Da primeira delas, serían algúns dos relevos que serían amortizados na segunda, tendo en conta a aparente desorde na súa situación. Tamén serían reaproveitadas as cornixas do edificio primitivo como base dos machóns ou pilastróns dun novo edificio de dúas plantas.

Unha terceira e última fase construtiva adaptaría o edificio ao culto cristián, coa división en tres da nave da pseudocripta e o desenvolvemento da ornamentación pictórica e aos que tamén vincula os fragmentos de relevos localizados no interior nas tarefas de desentullo dos anos vinte. Colmenero considera que non se pecharía a piscina, senón que se utilizaría como baptisterio *"por la fácil asimilación de un rito 'sacramental' pagano por otro sacramental cristiano".*

No seu estudo céntrase nas fases construtivas e nas súas respectivas atribucións funcionais, pero non fai mención expresa á súa cronoloxía. En relación coa etapa pagá, amenta o século III como época de esplendor dos cultos orientais. Nun artigo recente sitúa a etapa cristiá na segunda metade do século IV, centrándose nunha nova interpretación epigráfica dos dous fragmentos localizados nos anos cincuenta nos que quere ver referencias a cerimonias bautismais.

Jaime Delgado Gómez retoma a opción funeraria para definir a función orixinaria do edificio de Santa Eulalia de Bóveda. Desvincula a relación piscina-ninfeo para supeditar a auga como un elemento imprescindible dos ritos funerarios que os romanos celebraban en diferentes datas durante o ano para conmemorar os seus familiares falecidos, así como para un axeitado saneamento de, neste caso, un suntuoso mausoleo romano.

O estudo da ornamentación pictórica realizado por **Milagros Guardia Pons** sitúa o edificio de Bóveda en época tardorromana (século IV) como resultado da monumentalización dun ninfeo, as súas pinturas intégranse na estrutura arquitectónica a xeito da mellor tradición romana.

Nesta transformación, que vincula posiblemente un acto de promoción dun dominus dunha vila rural na que estaría integrada o monumento, construiríase unha segunda planta, integrada tamén no ciclo pictórico, e reaproveitaríanse os relevos, datados por Sergio Vidal no século III, dunha estrutura previa pertencente a un horizonte artístico altoimperial.

Este lugar de culto ás augas tería unha orixe ancestral cuxa tradición, a xuízo da autora, sería mantida, aumentada e finalmente monumentalizada en época romana para, posteriormente, ser abandonado, esquecido ou amortizado como rexeitamento da súa evocación pagá. Reduce a súa consideración como templo cristián a un mero episodio de reutilización no século VIII cando consta historicamente que no val do río Mera existiu unha igrexa dedicada a Santa Eulalia.

Outras achegas

Hai que destacar tamén unha serie de investigadores que, sen internarse en profundidade no conxunto de Santa Eulalia de Bóveda, achegan datos significativos da cronoloxía e/ou a funcionalidade do monumento, ao incidir sobre algún dos seus elementos no estudo do catálogo de materiais ou das materias que comprende a súa especialidade.

Así, **José María Blázquez Martínez** foi un dos primeiros investigadores que aceptaron o considerado por Chamoso Lamas, ao recoñecer a Santa Eulalia de Bóveda como un dos testemuños máis importantes do culto ás augas no norte da Península Ibérica, incluíndo o monumento en diversos estudos sobre relixións indíxenas e romanas.

No campo da epigrafía, achamos os estudos de **Javier del Hoyo Calleja** e **Ricardo Hernández Pérez** que recollen o relevo de Mariner Bigorra, como no seu momento tamén o fixo Nicandro Ares de Vázquez Saco. Ricardo Hernández publica a súa tese de doutoramento sobre as fórmulas de expresión comúns utilizadas na poesía epigráfica sepulcral latina na que, ademais de evidenciar unha función funeraria, este estudo permite datar os restos epigráficos entre finais do século III e o século IV. De sumo interese son tanto as apreciacións do investigador italiano **Paolo Cugosi** coma as matizacións de Javier del Hoyo, para unha correcta interpretación dos fragmentos de Santa Eulalia de Bóveda.

Dende o punto de vista da arte arquitectónica, contar coas achegas para o estudo do arco de ferradura de **Emilio Camps Cazorla**, **Leopoldo Torres Balbás** e **Luis Caballero Zoreda** que o datan entre os séculos III e IV, situando o monumento lucense como a construción máis antiga en España con este tipo de arco (ao igual que xa presupuxeran os primeiros investigadores). Pero, sobre todo, destacan as apreciacións de **Ramón Corzo Sánchez** sobre a funcionalidade arquitectónica do arco de ferradura e a xustificación da súa presenza en Santa Eulalia de Bóveda. Torres Balbás, á súa vez, analiza a técnica construtiva da bóveda central na que identifica a súa factura romana. Catalógaa dentro das denominadas como bóvedas de canón con arcos embebidos, nas que se facilitaba o moldeado e axudaba a fraguar o formigón, á vez que permitía economizar na construción da cimbra, a diferenza das que se utilizaba un molde completo en madeira. Na tese de **María de los Ángeles Utrero Agudo**, recente publicada, sinálase unha similar

32a





32. Para Ramón Corzo, a razón de ser do arco de ferradura está máis en consonancia con aspectos funcionais que decorativos.

32a. Para construír un arco de ferradura sobre un van non fai falta apuntalar toda a área de acceso, xa que a cimbra sobre a que se constrúe está sustentada no arranque do propio arco.

32b. No caso de Santa Eulalia de Bóveda, o arco non estaría sobre un lintel, como propuxo Gómez-Moreno posto que as impostas están inclinadas. Neste tipo de edificio, subterráneo e cun solo van de acceso, é necesaria esta solución construtiva para non interromper a entrada. Segundo Corzo, a representación do arco de ferradura nas estelas simbolizaría, polo tanto, este tipo de construción funeraria.

factura mixta, formigón-tixolo, na ábsida da igrexa de Santa María de Bendones, o que lle fai concluír á autora a consideración da posibilidade de definir un momento construtivo para Santa Eulalia de Bóveda, que correspondería co prerrománico asturiano.

33





34

33. Representación da construción dunha bóveda de canón con arcos embebidos (segundo Viollet-le-Duc). Esta técnica construtiva está presente no monumento lucense.

34. Relevo con motivos decorativos florais recentemente datado, xunto co que representa un peixe, entre os séculos IV e V por Sergio Vidal. Museo Diocesano da Catedral de Lugo.

O campo da iconografía tamén ten algo que dicir sobre Santa Eulalia de Bóveda, especialmente en relación cos relevos. **Manuel Antonio Castiñeiras González** insistirá na simboloxía cristiá do relevo do peixe e dátao a finais século V. Dúas teses de doutoramento incluirán significativas achegas coas que coadxuvar a definir significados destas manifestacións artísticas.

Fátima Díez Platas intérnase no mundo simbólico das ninfas que considera factible identificar en relevos da fachada, concretamente nos dous grupos coñecidos como das danzantes, ás que se lle rendería culto. Identifícaas tamén pola súa relación coa ave fénix porque, coma este, non eran inmortais, pero gozaban dunha longa existencia e participaban da rexeneración da vida. **Sergio Vidal Álvarez**, pola súa banda, non descarta a hipótese das fases construtivas propostas por Milagros Guardia, pero o estudo e a súa correspondente datación dos relevos permítenlle propoñer dúas diferenciadas etapas construtivas (ademais doutra inicial, sen determinar cronoloxicamente, vinculada á auga e unha última altomedieval co tapado do estanque para transformarse en cripta). Os relevos que se atopan no vestíbulo e nos machóns sitúaos entre os séculos II-III, anterior á época do emperador Diocleciano. É neste momento cando se transformaría a construción inicial nun templo salutífero de dúas plantas abovedadas, co estanque na inferior e un acceso monumental tamén abovedado. A seguinte fase (mediados séculos IV e inicios do V) definiríana fragmentos marmóreos localizados no interior. O esquematismo e sinxeleza de execución do relevo dos peixes denota unha mostra tardía, avanzado o século IV, cando supón, seguindo a Colmenero, unha transformación ao culto cristián (concretamente un baptisterio). Outro relevo con motivos decorativos florais no que destaca a representación dunha coroa de loureiro e un par de milgrandas, mellor desenvolvido que o anterior, aínda que a man do artista denota unha similar adscrición cronolóxica que o anterior.

En canto aos estudos sobre a cristianización de Galicia, **Xosé Lois Armada Pita** convén que Santa Eulalia de Bóveda podería existir como templo cristián antes do século VI. Baséase na temperá advocación de igrexas dedicadas á mártir de Mérida executada nos primeiros anos do século IV, abundantes no convento xurídico lucense. Evidencias arqueolóxicas mostrarían a superposición dun culto a Santa Eulalia en numerosos lugares pagáns, á vez que indican unha alta probabilidade de que desempeñase un importante papel na cristianización da Gallaecia entre finais do século IV e inicios do V. Pola súa banda, **Cristina Yglesias Veloso** analiza, dentro do ámbito xeográfico do noroeste da Península Ibérica e con Santa Eulalia de Bóveda como referente, distintos aspectos que influirían no proceso de transformación dun lugar sagrado dedicado ao culto ás augas noutro cristián no que debería ser predominante o papel do sacramento do bautismo.

Referencia especial

Unha das contribucións máis significativas coa que se intentou achegar luz á orixe e significado deste monumento arqueolóxico foi a realizada por **Helmut Schlunk** ao longo da súa traxectoria investigadora, da que destaca un completo artigo publicado en 1935; lamentablemente, a súa edición en alemán e nunha obra de divulgación moi restrinxida privouno da repercusión historiográfica que a súa calidade merecía. De aí o reservar a súa achega como colofón desta superficial revisión da historia da investigación sobre Santa Eulalia de Bóveda, na que me estenderei un pouco máis en describila do que aconsella a finalidade desta publicación, á vez que incidirei tamén na obra doutros investigadores alemáns.

35



36



35. Sección transversal e lonxitudinal dun mausoleo da necrópole próxima á cidade Rusa de Taman, a beiras do Mar Negro.

36. Fachada, sección lonxitudinal e planta dun mausoleo representativo dos exemplos sirios consultados por Schlunk.

Schlunk percibe no edificio de Santa Eulalia de Bóveda características arquitectónicas que conforman algúns dos monumentos funerarios localizados no Mediterráneo oriental, concretamente ao sur de Rusia e en Siria. En ambas as zonas xeográficas existen monumentos sepulcrais soterrados aos que se accede mediante chanzos a un pórtico ou vestíbulo do recinto principal que conta coa presenza de nichos e/ou ábsidas. Os exemplos rusos, ademais, están totalmente abovedados, a diferenza dos sirios que se atopan exclusivamente esculpidos sobre rocha furada, pero estes teñen, no único elemento que é construído con perpiaños, a particularidade que máis os identifica con Bóveda, a súa fachada. Esta é robusta e máis ancha que o recinto, o que lle permite actuar como muro de contención, con acceso porticado por dúas columnas e coroado con arcos de medio punto. A zona superior da fachada, ademais, é frecuente que permaneza exenta, ao sobresaír do nivel do terreo que cobre o mausoleo.

Suficientes probas, pois, para permitirlle vincular a construción a un edificio cunha clara funcionalidade funeraria no que só bota en falta o seu mobiliario característico, do que asume a súa perda debido ao saqueo, para unha verificación definitiva da súa tese. Así mesmo, observa nalgúns relevos da fachada representacións iconográficas relacionadas cunha clara simboloxía funeraria.

Xa en 1935, Schlunk considera que a división en tres naves é unha transformación posterior que nada ten que ver co edificio orixinal romano e relaciónaa cunha nova funcionalidade deste, a de templo cristián; o que explicaría, por outra banda, que o mobiliario funerario non perdurara ata os nosos días. Esta valoración de cambio de función do edificio, como vimos, será retomada por Chamoso Lamas e aceptada por moitos dos investigadores posteriores. En relación co exterior, detecta pegadas dun lenzo reconstruído sobre o que se apoia a bóveda do vestíbulo, o que permite vinculala, ao igual que as columnas do pórtico, a unha importante reforma que deduce como consecuencia do derrubamento de parte da fachada.

En canto á súa cronoloxía, a variedade de particularidades tanto arquitectónicas, ornamentais e, en xeral, estilísticas, xunto coas circunstancias que rodearon o seu descubrimento e á presenza de niveis arqueolóxicos moi revoltos, fana ser moi cauta á hora de definirse. Pero non dubida de que as

peculiaridades arquitectónicas se deben a unha clara influencia oriental, posta de manifesto tanto nos paralelos helenísticos de Siria e Rusia coma na utilización do arco de ferradura, herdanza de Siria e Asia Menor, que os visigodos tomarán directamente dos antecedentes romanos.

Ao mesmo tempo, para a primeira fase construtiva do edificio, os paralelos de monumentos funerarios contan cun dobre atranco porque, por unha banda, na publicación dos exemplares rusos non consta información sobre a súa datación, aínda que Schlunk se aventure a situalos entre os séculos II ou I a. C. e o século I d. C. Por outra banda, os exemplares sirios están mellor definidos temporalmente, pero manteñen unha maior continuidade, cunhas datas firmes entre os séculos II ao V d. C.

En relación coa definición cronolóxica dos relevos, a impericia da súa factura lévaa a ver algún parecido con exemplares merovinxios, pero amosa a súa preferencia cos paralelos de ronseis burgalesas que manteñen esta mesma falta de clasicismo, pero de datación romana segura. Basicamente estas son as razóns polas que, dun xeito provisional, sitúa no século IV d. C. a primeira fase construtiva do edificio.

A respecto de cando se produce a transformación en templo cristián sinala, nun primeiro intre, o século IX debido a que equipara os restos das pinturas que se encontraban no centro da bóveda como creacións da mesma escola pictórica encargada de decorar a igrexa de Santullano de los Prados (Oviedo), posto que presenta nas bóvedas das ábsidas laterais idénticos motivos.
Tras o descubrimento da piscina por parte de Chamoso Lamas, desestima a orixe sepulcral do monumento e asume que se atopa ante un antigo santuario dunha fonte medicinal. Ademais, observa que existe unha relación na disposición das arcadas e a piscina, polo que retrotrae ata a época romana a realización da reforma interior, perdurando algún tempo máis na súa función como templo pagán. A revisión dos carácteres estilísticos das pinturas, tanto da bóveda coma dos intradorsos das arcadas, permítelle datar esta reforma antes de finais do século IV. A relación cos talleres pictóricos ovetenses, polo tanto, deixa de ser temporal e designa a Bóveda como un antecedente local, referente do renacemento clásico promovido pola realeza ástur, por atoparse dentro dos dominios do antigo reino de Asturias. Todo iso sen contar con que puidesen existir outros exemplos romanos xa desaparecidos, máis próximos e conservados inmutables durante o período altomedieval.

37. Schlunk publicou debuxos da decoración dos fragmentos desaparecidos da bóveda central realizados polos seus colaboradores.

a. O arquitecto H. Hanson encargouse da documentación gráfica na visita realizada por Schlunk a comezos dos anos trinta.

b. Magín Berenguer Alonso, gran coñecedor da pintura mural prerrománica asturiana, debuxou tamén os fragmentos de Bóveda nos anos cincuenta. Defíneos como de maior mestría técnica que os de Santullano.

c. Detalle pictórico de Santullano de los Prados en Oviedo. Para Magín Berenguer, ao igual que Schlunk, considera a pintura de Bóveda exemplo dos antecedentes romanos nos que se basearon os decoradores asturianos. Estes plasmarían certa rixidez nas súas representacións, máis preocupados en recuperar canons clásicos.

Na primeira reunión galega de estudos clásicos, celebrada en Santiago de Compostela e en Pontevedra en xullo de 1979, Schlunk insiste na súa tese de que a división das arcadas non se realizou como consecuencia da transformación en templo cristián, época na que só admite que se realizase o recubrimento da piscina.

Os motivos das pinturas, tanto das arcadas coma da bóveda interior, son os mesmos e tiveron que ser realizados ao mesmo tempo (ao igual que a construción da bóveda), isto acredítao inequivocamente a figura dunha ave que se atopa nun arranque de arcada. Á súa vez, o simbolismo das pinturas podería ser apropiado para un ninfeo, pero nunca como adorno preponderante dunha igrexa.

Polo tanto, pregúntase cal sería o labor das arcadas, posto que non cre que tivesen exclusivamente unha función estética nin que fosen o resultado da transformación dun ninfeo nun templo cristián primitivo. E amosa categoricamente o seu desacordo con Gómez-Moreno (do que non comprende o seu cambio de opinión en 1966), Chamoso, Núñez e Fontaine.

Theodor Haushild, antigo colaborador de Schlunk, identifica Bóveda como un ninfeo con pinturas romanas datables entre os séculos IV e V d. C. pero, á súa vez, dubida de que a súa iconografía sexa atribuíble a un ninfeo. Os relevos serían anteriores, posiblemente da fase inicial, o mesmo que a piscina. Esta desigual cronoloxía estaría establecida pola diferenza dos materiais de construción empregados no exterior e no interior do edificio. Do século XII identifica os restos da planta superior pertencentes a unha igrexa románica.
As características construtivas do interior do monumento manifestadas por Haushild, xunto coa posible identificación de dúas fases das pinturas por **Sabine Noack-Haley** levan a esta a formular a posibilidade de relacionar a segunda etapa, dalgún xeito, coa arte asturiana non obstante, admite unha maior antigüidade da última fase da obra galega entanto non sexa anterior en máis de cinco séculos á época da asturiana.

Ao final deste punto inclúense as referencias bibliográficas máis significativas do ata aquí comentado, pero non sería de xustiza deixar de mencionar investigadores como Isidro Gonzalo Bango Torviso, Ramón Blanco Areán, Antonio Blanco Freijeiro, José María Castroviejo Blanco-Cicerón, Marcial González Vigo, Eduard Junyent i Subirà, Felipe Senén López Gómez, José Pijoán, Francisco Javier Sánchez Cantón, Blas Taracena Aguirre, José Trapero Pardo ou Joaquín Yarza Luaces.

Está dispoñible en internet (www.boveda.org/bibliografia) un completo catálogo bibliográfico, en constante actualización, sobre Santa Eulalia de Bóveda. Nel inclúense tamén as obras doutros autores que trataron este célebre monumento lucense tanto como referente arqueolóxico, histórico e/ou artístico coma dende o punto de vista da difusión do patrimonio cultural, en artigos de opinión en prensa, guías de viaxe, promoción turística, literatura, etc.

A xeito de breve reflexión

Foron moitos os estudos que tratan sobre a época, función ou funcións atribuídas ao edificio de Santa Eulalia de Bóveda, sendo moi variadas e mesmo contraditorias as súas conclusións. Esta ausencia dunha clara definición histórica dexergábase xa dende o inicio mesmo das escavacións, sendo posta de manifesto polo propio **López-Martí** ao final da súa monografía publicada en 1934, ao incluír un resumo dalgunhas das opinións realizadas sobre o monumento: templo pagán con culto a deuses pagáns, edificio romano dedicado ao culto cristián, edificio romano aproveitado para igrexa priscilianista, edificio romano dedicado ás ninfas, templo visigodo.

Como vimos, no transcurso dos anos estas opinións foron enriquecéndose e complementado con outras novas e con distintos graos de acerto, resultando atractivo o reto de intentar achegar luz ás numerosas incógnitas que encerran estes afamados restos arqueolóxicos, dado que as novas propostas adoitan ter garantido unha aceptable repercusión tanto a nivel mediático coma científico. Por outra banda, o abano de interpretacións previas é tan amplo que calquera das novas propostas adoitan ter unha base anterior na que se fundamentar. Deuse mesmo o caso de chegar a xustificar unha determinada postura, baseándose na proposta inicial dun determinado investigador de prestixio que el mesmo xa se encargara de refutar.

Á súa vez, esta diversidade interpretativa está cimentada, en boa medida, na nula ou limitada documentación dos traballos arqueolóxicos realizados ao longo da historia contemporánea do monumento, o que impide unha axeitada interpretación dos restos conservados e posibilita o abuso de conxecturas na súa análise.

Esta peculiaridade historiográfica de Santa Eulalia de Bóveda foi manifestada, dunha forma ou outra, por diferentes autores; o expresado por **Milagros Guardia** é unha boa mostra diso:

> *"El 'misterio', tal vez enunciado en plural que su explicación parece encerrar deriva, sin lugar a dudas, de dos factores. Uno de ellos es la insuficiencia de una indagación arqueológica que se ha limitado casi al estricto perímetro de lo conservado y a la parquedad de la documentación sobre los pormenores de los trabajos que, en las sucesivas intervenciones, lo han afectado. El segundo son los condicionamientos que las diversas hipótesis interpretativas han generado a la hora de buscar determinados paralelos, precisas correspondencias. Por supuesto que una hipótesis de trabajo comporta la necesidad de intentar demostrarla, de erigirla en tesis. Otra cosa es forzar un monumento para obligarle a hablar en modo inadecuado."*

Se isto acontece en publicacións do mundo académico e científico no que están en xogo non xa só o prestixio do propio investigador, senón o das institucións que o avalan, é presumible deducir o que poida suceder noutros ámbitos de comunicación máis independentes, como é o caso de internet. Son indubidables as vantaxes das posibilidades de comunicación que nos ofrecen as novas tecnoloxías da información á hora de facilitar a edición, publicación e difusión de contidos e sempre se ha de valorar como positiva esta independencia de comunicación. Esta facilidade de achegar contidos e, á súa vez, de acceso á información hanos de esixir un maior esforzo á hora de seleccionar e determinar a solvencia da fonte de información, a validez do aí exposto e a veracidade dos seus argumentos.

Hai que insistir en que o carácter enigmático de Santa Eulalia de Bóveda se xustificou, en boa parte, como consecuencia das lagoas xeradas polas inadecuadas intervencións que foi soportando o monumento. Con independencia dos danos irreparables que puideron ocasionar no monumento estas omisións, a falta de difusión e as dificultades de acceso a esta información contribuíron a proxectar máis incerteza sobre determinados aspectos desta investigación arqueolóxica.

Recentemente, logrouse rescatar do esquecemento unha parte importante da documentación dos traballos arqueolóxicos realizados que foron dados a coñecer polo que subscribe estas liñas, **Enrique Jorge Montenegro Rúa**, nunha monografía sobre Santa Eulalia de Bóveda na que optei por deixar en segundo plano a interpretación do monumento, centrándome na achega de datos contrastados, obtidos tanto na localización de diferentes informes e proxectos de actuación coma nunha revisión historiográfica exhaustiva, que están permitindo entender e clarificar problemas interpretativos deste tesouro histórico-artístico, como son a situación orixinal de determinados elementos arquitectónicos e decorativos, a relación do monumento coa auga, a identificación de modificacións contemporáneas na estrutura do edificio, etc.

Estes novos datos, brevemente sintetizados nesta obra, condicionan os criterios subxectivos de elocuentes novidades interpretativas e poñen en evidencia as excesivamente imaxinativas. Tal é o caso da hipótese publicada en internet que identifica Santa Eulalia de Bóveda como un templo dedicado á deusa Cibeles na que se interpreta como unha especie de aviario sagrado o espazo oco entre os muros orixinais do monumento e a estrutura de formigón colocada nos anos setenta polo arquitecto **González Trigo** para baixar o nivel freático. Outro exemplo significativo de proposta errónea refutada témolo na que afirma que a piscina é unha invención contemporánea.

Esta exploración histórica-arqueolóxica non finalizou, polo que a obriga de cada un dos investigadores que nos enfrontemos a ela é fiar o máis fino que nos sexa posible. Son moitos os factores que convén ter en conta para despexar as distintas incógnitas que aínda persisten e que se poderán ir dilucidando segundo coñezamos máis aspectos, tanto do mundo real coma do imaxinario, dos verdadeiros protagonistas de Santa Eulalia de Bóveda, os nosos antepasados.

PARA SABER MÁIS:

Abad Casal, Lorenzo (1979): "Aportación al estudio de Santa Eulalia de Bóveda", Actas del XV Congreso Nacional de Arqueología (Lugo 1977), pp. 917-921, Zaragoza.

Abad Casal, Lorenzo (1982): La pintura romana en España 2 vol., v.1, pp. 39, 147-152, 265-267, 271, 276, 283, 303-304, 315, 326-327, 329, 366-371, 384-385, 387, 404-405, 411, 413, 425, 435, 437, 441-442, 449, 456, 465, 473, 478, 482, 490; v. 2, pp. 103-106, Universidades de Sevilla e Alicante, Sevilla – Alicante.

Acuña Castroviejo, Fernando (1973): Galicia romana: Artes plásticas (Extracto), pp. 11-14, 19, Tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela.

Acuña Castroviejo, Fernando et alii (1976): La romanización de Galicia, pp. 68-69, 89, A Coruña.

Ares Vázquez, Nicandro (1962): "Santa Eulalia de Bóveda. Dos lisiados y un monasterio", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. VII, nn. 57-58, pp. 115-123, Lugo.

Ares Vázquez, Nicandro (1963): "Santa Eulalia de Bóveda. Mensaje de la Cigüeña", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. VII, nn. 59-60, pp. 173-182, Lugo.

Ares Vázquez, Nicandro (1964): "Santa Eulalia de Bóveda. Otro relieve en el pórtico", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. VII, nn. 61-62, pp. 237-246, Lugo.

Ares Vázquez, Nicandro (1984): "Inscripciones lucenses medievales en verso", Boletín do Museo Provincial de Lugo, t. II, pp. 119-134 (120-121), Lugo.

Arias Vilas, Felipe (1974-): "BÓVEDA, Santa Eulalia de", Gran Enciclopedia Gallega, t. IV, pp. 37-39, Santiago de Compostela.

Arias Vilas, Felipe (1995): "Chamoso Lamas e a Arqueoloxía lucense: Unha revisión", Lugo no obxetivo de Manuel Chamoso Lamas. As nosas raíces, Catálogo da exposición organizada pola Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, pp. 39-55 (41-43), Lugo.

Arias Vilas, Felipe (2003-): "BÓVEDA, Monumento de Santalla de", Gran Enciclopedia Galega, t. VI, pp. 93-94, Lugo – Pontevedra.

Arias Vilas, Felipe; Le Roux, Patrick; Tranoy, Alain (1979): Inscriptions romaines de la province de Lugo, pp. 93 y 102-103, Paris.

Armada Pita, Xosé Lois (2003): "El culto a Santa Eulalia y la cristianización de Gallaecia: algunos testimonios arqueológicos", Habis, n.º 34, pp. 365-388 (372-375, 379-380, 386), Universidade de Sevilla, Sevilla.

Berenguer Alonso, Magín (1964): Las pinturas murales de las iglesias asturianas prerrománicas, pp. 15, 27-28, 30, fig. 2, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo.

Berenguer Alonso, Magín (1966): La pintura mural prerrománica en Asturias, pp. 16-17, 28-29, 31, fig. 4, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo.

Blázquez Martínez, José María (1957): "Le culte des eaux dans la Péninsule Ibérique", Ogam, n.º 9, f. 3, pp. 209-233 (225-228, figs. 3-11), Societe des Amis de la Tradition Celtique, Rennes.

Blázquez Martínez, José María (1977): "El culto a las aguas en la Península Ibérica", Imagen y mito: estudios sobre religiones mediterráneas e ibéricas, pp. 307-331 (328-329), Madrid.

Caballero Zoreda, Luis (1977-78): "La 'forma de herradura' hasta el siglo VIII, y los arcos de herradura de la iglesia visigoda de Santa María de Melque", Archivo Español de Arqueología, vv. 50-51, nn. 135-138, pp. 323-374 (327, 335, 363), CSIC, Madrid.

Camps Cazorla, Emilio (1940): "Aspectos generales del arte visigodo", Historia de España (de Menéndez Pidal), Espasa-Calpe, t. III, pp. 436-458 (444) Madrid.

Camps Cazorla, Emilio (1953): Módulo, proporciones y composición en la arquitectura califal cordobesa, pp. 61-62, figs. 1-2, CSIC, Instituto Diego Velázquez, Madrid.

Castillo López, Ángel del (1932): "La Arquitectura en Galicia", Geografía General del Reino de Galicia (de Carreras i Candi),v. I, pp. 829-1093 (849-851), Barcelona.

Castillo López, Ángel del (1987): Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia, reedición de Bibliófilos Gallegos de 1972, pp. 72-73, Museo de Pontevedra - Barrié de la Maza, A Coruña.

Castiñeiras González, Manuel Antonio (2000): "Peces", Facies Deitatis = Os rostros de Deus [exposición], Mosterio de San Martiño Pinario, p. 362, Santiago de Compostela.

Chamoso Lamas, Manuel (1952): "Sobre el origen del monumento soterrado de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)", Cuadernos de Estudios Gallegos, t. VII, n.º XXII, pp. 231-251, Madrid.

Corzo Sánchez, Ramón (1978): "Génesis y función del arco de herradura", Al-Andalus, v. XLIII, pp. 125-142 (132-133), Escuela de estudios árabes de Madrid y Granada, Madrid.

Cugosi, Paolo (1996): Aspetti letterari dei carmina latina epigraphica (2ª ed.), p. 355, Bologna.

Delgado Gómez, Jaime (1989): "El mausoleo romano de Santa Eulalia de Bóveda", El Progreso, 17 de decembro, Lugo.

Delgado Gómez, Jaime (1993): Aspectos del mundo romano del que surgió nuestro "Lucus", pp. 53-61, Deputación Provincial, Lugo.

Díez Platas, Fátima (2003): "Breviario de imágenes paganas : la iconografía de los dioses y el mito en la Galicia romana", Profano y pagano en el arte gallego, Semata, n.º 14, pp. 207-252 (239-244), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Fernández de la Vega, Celestino (1970): "El enigma de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)", El Progreso, Suplemento do 15 de febreiro, Lugo.

Fernández de la Vega, Celestino (1970): El enigma de Santa Eulalia de Bóveda, Gráficas Bao, Lugo.

Fontaine, Jacques (1973): L'art préroman hispanique, v. 1, [Art paléochrétien. Art wisigothique. Art asturien], La nuit des temps, 38, pp. 50, 91-95, 163, 167, 267-268, 278, 334, 340, 342, 403-404, lám. 12-14, Zodiaque, La Pierre-qui-Vire.

Fontaine, Jacques (1982): El Prerrománico, La España románica, 8, pp. 46, 53, 95-101, 190, 305-306, 372, Encuentro, Madrid.

García Iglesias, José Manuel (1974-): "Pintura (da Prehistoria ao Barroco, inclusive)", Gran Enciclopedia Gallega, t. XXV, p. 2, Santiago de Compostela.

García Iglesias, José Manuel (1989): Pinturas Murais de Galicia, p. VIII-32, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

García y Teijeiro, Miguel (1933): Un vistazo al subter-templo de Santa Eulalia de Bóveda sito en tierras de Mera de Lugo, Lugo.

Gómez-Moreno Martínez, Manuel (1949): "Santa Eulalia de Bóveda", Misceláneas: Historia – Arte – Arqueología. Primera Serie. La Antigüedad, pp. 415-423, CSIC, Instituto Diego Velázquez, Madrid.

Gómez-Moreno Martínez, Manuel (1964): "Prémices de l'art chrétien espagnol", L'Information d'histoire de l'art, a. IX, n.º 5, pp. 185-212 (187-189, 211), Paris.

Gómez-Moreno Martínez, Manuel (1966): "Primicias del arte cristiano español", Archivo Español de Arte, t. XXXIX, n.º 153-156, p. 105-106, lám. II, Madrid.

Guardia Pons, Milagros (2003): "El santuario romano de Bóveda en su ornamentación pictórica", Profano y pagano en el arte gallego, Semata, n.º 14, pp. 253-276, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Hauschild, Theodor (1993): "Sta. Eulalia de Bóveda (Prov. Lugo)", Denkmäler der Römerzeit, Hispania antiqua, pp. 416-418, DAI, Mainz.

Hernández Pérez, Ricardo (2001): Poesía latina sepulchral de la Hispania romana: estudio de los tópicos y sus formulaciones, Anejos de Cuadernos de Filología, XLIII, pp. 16-17, 19-20 y 322, (s 19, 22), Valencia.

Hoyo Calleja, Javier del (2002): "La ordinatio de los CLE Hispaniae", Asta ac pellege: 50 años de la publicación de "Inscripciones Hispanas en verso", de S. Mariner, Monografías y Estudios de Antigüedad Griega y Romana 8, pp. 143-162 (145, 148), Sígnifer Libros, Madrid.

López-Martí Castillo, Luis (1934): Santa Eulalia de Bóveda. Descripción y gráficos de monumento allí existente, Xunta do Museo Provincial, Lugo.

Mariner Bigorra, Sebastián (1960): "Loci similes virgilianos en epígrafes hispánicos de reciente aparición", Emerita, t. XXVIII, fasc. 2.º, pp. 317-326 (326), CSIC, Instituto de Filología "Antonio de Nebrija, Madrid.

Martínez Morás, Fernando (1926): "Los hallazgos de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVI, n.º 189, pp. 228-229, A Coruña.

Martínez Morás, Fernando (1927): "Los hallazgos de Bóveda. Nuevos descubrimientos", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XVI, n.º 191, pp. 267-272, A Coruña.

Montenegro Rúa, Enrique Jorge (2005): El descubrimiento y las actuaciones arqueológicas en Santa Eulalia de Bóveda (Lugo): Estudio historiográfico y documental de los avatares de un Bien de Interés Cultural, Concello de Lugo, Lugo.

Noack-Haley, Sabine; Arbeiter, Achim (1999): Christliche Denkmäler des frühen Mittelalters, Hispania antiqua, von 8. bis ins 11. Jahrhundert, pp.130-131, DAI, Mainz.

Núñez Rodríguez, Manuel (1978): Historia da arquitectura galega. Arquitectura prerrománica, pp. 106, 113-115 y 131-139, COAG, Santiago de Compostela.

Palol i Salellas, Pedro de (1967): Arqueología cristiana de la España romana, siglos IV-VI, pp. 115-116, 212-213, 217, 219, 226-227, 230, 235, CSIC, Instituto Enrique Flórez, Madrid – Valladolid.

Peinado Gómez, Narciso (1984): Lugo en sus orígenes, pp. 130-137, 194, Lugo.

Rodríguez Colmenero, Antonio (1992): "Culto a las aguas y divinidades orientales en el Lugo romano: los monumentos de Bóveda y San Roque", Termalismo antiguo. Actas de la mesa redonda Aguas mineromedicinales, termas curativas y culto a las aguas en la Península Ibérica, Espacio Tiempo y Forma, ser. II, Hª Antigua. t. V, pp. 309-335, Madrid

Rodríguez Colmenero, Antonio (1993): "Arte e proceso urbanizador" = "Arte y proceso urbanizador", Arte prehistórico y romano, Galicia – Arte, v. IX, pp. 287-342 (319-331, 333), Ed. Hércules, A Coruña.

Rodríguez Colmenero, Antonio (1993): "Pintura e mosaico" = "Pintura y mosaico", Arte prehistórico y romano, Galicia – Arte, v. IX, pp. 343-372 (344-356), Ed. Hércules, A Coruña.

Rodríguez Colmenero, Antonio (1993): "Escultura en relevo e vulto redondo" = "Escultura en relieve y bulto redondo", Arte prehistórico y romano, Galicia – Arte, v. IX, pp. 373-476 (458-465), Ed. Hércules, A Coruña.

Rodríguez Colmenero, Antonio (2006): "A aparición do cristianismo no ámbito do convento xurídico lucense. Algúns testemuños", San Froilán: Culto e Festa: [exposición en] Lugo, Catedral, Capela de San Froilán, Praza Ángel Fernández Gómez, 2006, pp. 46-69 (58-61), Xunta de Galicia - Xacobeo, Santiago de Compostela.

Schlunk, Helmut (1935): "Santa Eulalia de Bóveda", Adolph Goldschimdt zu seinem siebenzigsten Geburtstag am 15. Januar 1933 dargebracht vol allen seinen Schülern, die in den Jahren 1922-1933 bei ihm gehört und promoviert haben. [Umschlagt.:] Das siebente Jahrzent, pp. 1-13, Berlin.

Schlunk, Helmut; Berenguer Alonso, Magín (1957): La pintura mural asturiana de los siglos IX y X, pp. 3, 46, 50-51, 103-106, 164, Madrid.

Schlunk, Helmut (1981): "Spätrömische und germanische kunts in Galicien", Primera Reunión gallega de estudios clásicos, (Santiago-Pontevedra, 2-4 de julio 1979), pp. 277-317 (277-279), Santiago de Compostela.

Singul Lorenzo, Francisco Luis (1997): "La Pintura de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo). Ortodoxia y clasicismo en la pintura paleocristiana del Noroeste hispánico", Boletín Auriense, t. XXVII, pp. 175-193, Ourense.

Singul Lorenzo, Francisco Luis (1998): "La Pintura de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo). Significado y relaciones con el arte paleocristiano y la pintura asturiana", Boletín Auriense, t. XXVIII, pp. 59-84, Ourense.

Torres Balbás, Leopoldo (1933): "El arte en la Alta Edad Media y del período románico en España", Arte de la Alta Edad Media, Historia del arte Labor, v. VI, ed. española de Propyläenkunstgeschichte, pp. 147-216 (150-151), 739-740, 873-874, Barcelona.

Torres Balbás, Leopoldo (1935): "La mezquita mayor de Qayrawan", Al-Andalus, v. III, pp. 135-139 (137), Escuela de estudios árabes de Madrid y Granada, Madrid.

Torres Balbás, Leopoldo (1946): "Bóvedas romanas sobre arcos de resalto", Archivo Español de Arqueología, n.º 64, p. 173-208, CSIC, Instituto Rodrigo Caro, Madrid.

Tranoy, Alain (1981): La Galice romaine : recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité, p. 432-433, Paris.

Utrero Agudo, María de los Ángeles (2006): Iglesias tardoantiguas y altomedievales en la Península Ibérica : Análisis arqueológico y sistemas de abovedamiento, Anejos de Archivo Español de Arqueología, XL, pp. 33, 65-67, 142-143, 155, 161 181-182, 187-189, 195, 245-246, 254, 262 n34, 278, 286, 294, 295, 297, 318, 358, 428, 430, 583-584, CSIC, Madrid.

Vázquez Saco, Francisco (1958-59): "Nuevas inscripciones romanas de la provincia de Lugo", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, nn. 49-52, pp. 270-273, Lugo.

Vázquez Seijas, Manuel (1929): "Las excavaciones de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t. XIX, n.º 217, pp. 29-31, A Coruña.

Vázquez Seijas, Manuel (1939): Lugo bajo el Imperio romano, pp. 27-31, Junta del Museo Provincial de Lugo, Lugo.

Vidal Álvarez, Sergio (2005): La Escultura hispánica figurada de la antigüedad tardía (siglos IV-VII), Corpus signorum Imperii Romani, pp. 81 n.º439, 92, 97, 98-102, 315, 319, 363-364, lam. XLVIII, Tabvlarivm, Murcia.

Vidal Caeiro, Lorena (2003): "Posibilidades de la aplicación de la Arqueología de la Arquitectura en Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)", Arqueología de la Arquitectura, n.º 2, pp. 275-286, Vitoria-Gasteiz.

Vidal Caeiro, Lorena (2004): "La cuestión del agua en Santa Eulalia de Bóveda", Gallaecia, n.º 23, pp. 57-83, Universidade de Santiago de Compostela, Sada.

Vidal Caeiro, Lorena (2006): "Arqueología de Santa Eulalia de Bóveda", III Premio de investigación Manuel Vázquez Seijas, pp. 11-122, Lugo.

Yglesias Veloso, Cristina (2003): "La constitución de un espacio sagrado cristiano: el caso de los Ninfeos del noroeste hispánico", Santos, obispos y reliquias : actas del III Encuentro Hispania en la Antigüedad Tardía, Alcalá 1998, pp. 407-411 (407-408, 410-411), Alcalá de Henares.

MIRANDO CARA AO FUTURO: COÑECER PARA CONSERVAR

«[…] por "edificación" debe entenderse el contexto general de lo construido, que ciertamente es el mayor protagonista del ambiente antrópico y de su historia cultural»

Caniggia y Maffei (1995)

A EVOLUCIÓN CONSTRUCTIVA DE SANTA EULALIA DE BÓVEDA,

Rosa BENAVIDES (TOMOS Conservación Restauración)

Rebeca BLANCO-ROTEA (LAr, IEGPS, CSIC-Xunta de Galicia)

Introdución

No marco da última intervención levada a cabo en Santa Eulalia de Bóveda polo arquitecto César Portela, encárgaselle ao Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (IIT, USC) (unidade asociada ao CSIC), o levantamento volumétrico e a lectura estratigráfica de alzados do edificio. Os obxectivos dos traballos sinalados encamiñábanse, por unha banda, á recuperación da volumetría real do conxunto, de xeito que permitise a reconstrución en 3D da súa arquitectura e, por outra, á recuperación da súa secuencia construtiva.

Para iso, o equipo encargado destes traballos baseouse na aplicación de dúas metodoloxías: a topografía de alta definición (HDS), mediante o emprego dunha ferramenta baseada na tecnoloxía do escáner con láser, para o levantamento volumétrico do conxunto; e na análise estratigráfica de alzados ou lectura de paramentos para a recuperación da secuencia construtiva do edificio. De seguido, preséntanse os resultados de ambas as dúas actuacións.

Metodoloxía

Coa finalidade de lle achegar ao lector os métodos de análise cos que se levou a cabo o estudo deste conxunto, de cuxos resultados se extraen as hipóteses interpretativas sobre a evolución construtiva do edificio que se presentarán máis adiante, resumiranse brevemente as metodoloxías empregadas. Aplicáronse as dúas dende as formulacións teórico-metodolóxicas da arqueoloxía da arquitectura, por considerar que esta disciplina podería achegar novos datos para o coñecemento do edificio.

Topografía de alta definición (HDS)

En Santa Eulalia de Bóveda levouse a cabo un rexistro topográfico de gran detalle e precisión que permitiu documentar os distintos espazos, volumes e elementos conservados no conxunto monumental.

Este rexistro realizouse mediante o emprego da denominada topografía de alta definición (HDS), unha ferramenta baseada na tecnoloxía do escáner con láser que realiza o varrido dunha superficie captando miles de puntos por segundo cun feixe de láser en abano. Obtense como resultado unha

nube de puntos composta por centos de miles de medicións individuais que se poden representar nun sistema de coordenadas, a súa aparencia visual é a dunha fotografía en 3D da superficie topografada.

Figura 1. Distintas fases do proceso de traballo de campo para obter a topografía de alta definición de Santa Eulalia de Bóveda: localización do escáner no interior da aula, toma de puntos nun capitel e malla de puntos topográficos da sección N-S da aula e ábsida.

Este rexistro de alta calidade destaca ademais pola rapidez na toma de datos de campo en comparación cos métodos habituais (estación total, fotogrametría, debuxo á man a escala, etc.); deste xeito, por exemplo, no decurso deste traballo xerouse un arquivo de datos composto por máis de 50 millóns de puntos de medición individuais[1].

Este tipo de rexistro permite acadar unha alta precisión nos distintos produtos que se obteñen con esta nube de puntos, como poden ser os debuxos en Cad en 2D e 3D, as seccións, plantas, modelos en 3D, etc.

1. Puntos obtidos en cinco días de traballo de campo.

Asemade, grazas ao uso do láser escáner, obtense tamén un arquivo de datos dixitais sobre os que se pode consultar e traballar nun futuro, un rexistro topográfico de alta precisión do edificio que permitirá, en caso de ser requirido, obter máis información de detalle doutros elementos nos que non foi necesario incidir no actual proxecto.

Unha vez obtidos os arquivos de datos dixitais en campo en cada un dos sectores diferenciados dentro do conxunto, realízase o proceso da información topográfica. Esta fase iníciase coa montaxe dos datos escaneados, unindo os distintos escaneos ou vistas para obter unha nube de puntos 3D completa de todo o edificio. Esta unión baséase no uso de dianas de control dispostas en distintos puntos do edificio, cuxa posición é topografada e vinculada a cada escaneo. Unha vez combinada a posición das dianas xeorreferenciada coa dos escaneos, obtense unha malla de puntos coas súas coordenadas reais.

Sobre esta malla procedeuse a realizar os debuxos en AutoCad dos volumes principais do edificio en 3D (incluíndo columnas, vans, arranques de arcos) e do seu ámbito (cerramento, igrexa, etc.), así como varias seccións e a planta en detalle do lousado do interior da aula e do nártice.

Deste xeito, puidéronse documentar con precisión os distintos elementos estruturais do edificio, destacando o pormenor nas columnas e nos arranques das bóvedas e xuntoiras da arcada da aula pola dificultade de rexistro deste tipo de elementos con métodos máis habituais.

Finalmente, baseándose na recuperación destes volumes, púidose levar a cabo a reconstrución das estruturas que se perderan co transcurso do tempo, como a bóveda que cubría a aula ou os arcos que dividían a aula en tres naves.

Análise estratigráfica de alzados

O presente estudo abordouse dende as formulacións teórico-metodolóxicas da arqueoloxía da arquitectura (*Mañana et alii. 2002*) e, dentro destas, levouse a cabo a súa lectura mediante a análise estratigráfica de alzados.

De forma xeral, poderiamos definir a arqueoloxía da arquitectura como unha disciplina que estuda a arquitectura con metodoloxía arqueolóxica.
A arquitectura, como parte da cultura material que nos deixaron as nosas

sociedades pasadas, sobre todo para períodos de época histórica (pola súa mellor conservación), convértese nun potente medio para o coñecemento dos contextos produtivos e sociais que a xeraron; é dicir, das nosas sociedades pasadas (*Azkarate 2002: 57*).

Pero ademais, precisamente polo seu estado de conservación e a necesidade de xestionar uns bens pasados para un uso actual e futuro, faise necesario articular novas aproximacións de estudo ao patrimonio construído que permitan o seu coñecemento exhaustivo, por exemplo diante da súa práctica restauradora.

Talvez sexan estas as premisas básicas polas que a arqueoloxía da arquitectura nace, se desenvolve e se converte actualmente nunha disciplina de indiscutible valor para o coñecemento, restauración-rehabilitación e xestión da arquitectura xerada polas nosas sociedades pasadas.

Dentro desa bagaxe instrumental que a arqueoloxía da arquitectura foi desenvolvendo e adaptando ao estudo da arquitectura, como a análise estratigráfica de alzados, a cronotipoloxía, a mensiocronoloxía, etc., o piar fundamental desta disciplina é a primeira delas: a lectura ou análise estratigráfica de alzados, xa que permite recuperar a secuencia construtiva das edificacións e datar, inicialmente de forma relativa, as etapas identificadas.

A lectura de paramentos é unha metodoloxía que adapta o estudo estratigráfico arqueolóxico desenvolvido por E. C. Harris (1991, 1993), denominado método Harris, ao plano das construcións históricas. Parte de dous presupostos: que un edificio, como un xacemento arqueolóxico, está suxeito a uns procesos estratigráficos e, daquela, que un edificio debe ser tratado coa categoría de xacemento arqueolóxico.

Nun xacemento arqueolóxico a análise estratigráfica é fundamental para identificar os distintos momentos de uso e os cambios formais producidos ao longo da súa vida, así como os procesos posdeposicionais aos que foi sometido: todo iso conformaría o xacemento final que chega ata os nosos días. Estes mesmos momentos de uso, cambios formais e procesos posdeposicionais (p.ex: as restauracións e arranxos) poden documentarse, rexistrarse e estudarse nun edificio histórico e, como acontece cun xacemento, pode facerse con metodoloxía arqueolóxica.

A diferenza fundamental entre ambos é que entanto o xacemento se estende en horizontal, o edificio faino sobre todo en vertical (aínda que non debemos esquecer que o edificio, entendido como totalidade, como sistema, inclúe tamén as actividades que a consecuencia da súa construción alteraron o subsolo e quedaron depositadas neste en forma de unidades de estratificación). Polo tanto, o segundo deles, como xa se indicara arriba, debe ser estudado cunha metodoloxía arqueolóxica que identifique, ordene e date as diferentes etapas de vida deste, dende a súa construción ata o momento en que nós o estudamos, mediante unha análise pormenorizada das súas unidades de estratificación e procesos construtivos.

Se entendemos as construcións como un produto final no que se foron depositando as unidades de estratificación ao longo do tempo segundo unha serie de principios, como podemos estudalos? Os edificios están suxeitos a unhas transformacións producidas por unha sucesión continua de accións construtivas e destrutivas que conforman unha secuencia estratigráfica, o xeito de extraer esta secuencia faise por medio da análise estratigráfica de alzados ou lectura de paramentos.

Proceso de traballo

Documentar graficamente a construción: planimétrica e fotograficamente, deste xeito recuperarase todo o seu volume. Esta fase é imprescindible antes de efectuar a intervención analítica. Este primeiro paso cubriuse no caso de Bóveda mediante a recuperación do seu volume grazas á topografía de alta definición.

División do edificio en sectores de traballo: división simplemente instrumental, co fin de facilitar a análise.

A observación visual directa sobre a construción ou tamén co apoio da documentación gráfica permite realizar unha análise diferencial das unidades e a lectura das relacións existentes entre elas.

Diferenciación das unidades de estratificación (UE no sucesivo) segundo criterios estratigráficos, observando as accións que as crearon ou a súa dimensión construtiva, as relacións que manteñen con outras unidades ou a súa dimensión espacial e a súa secuencia temporal ou dimensión cronolóxica. En definitiva, diferenciaranse os contornos de todas as UE e as relacións do tipo antes de, despois de e contemporáneo a entre cada unidade. A medida que se van diferenciando as UE, outórgaselles un número que servirá para a súa identificación.

Rexistro en fichas analíticas de cada UE.

Análise das relacións estratigráficas e construción do diagrama: diferenciadas, numeradas e descritas as UE, analízanse as relacións estratigráficas que existen entre elas para construír os diagramas que nos



Figura 2a. Debuxos obtidos a partir da malla de puntos topográficos: na parte superior da figura preséntase unha vista dende o E do conxunto monumental de Bóveda e a igrexa do século XVIII que se localiza sobre esta (o alzado N da igrexa descansa sobre o alzado S da aula de Bóveda).



Figura 2b. Perspectiva da parte soterrada do monumento.



Figura 3a. Planta da parte soterrada do monumento.



Figura 3b. Sección E-W, alzado N



Figura 3c. Sección N-S, alzado N.



Figura 3d. Sección N-S do nártice e da estructura superior.

proporcionen a secuencia estratigráfica final, necesaria para poder interpretar o proceso histórico da construción. Esta etapa da descrición implica unha operación analítica moi importante e delicada, xa que se trata de ler o sentido do transcurso do tempo na relación entre as partes construtivas. Estas relacións posúen unha dimensión espazo-temporal. É moi importante entender o valor cronolóxico para poder interpretalo e posteriormente construír o diagrama que reflicta o proceso construtivo e, con el, o sentido histórico da construción. No diagrama, as relacións sincrónicas de cada momento construtivo orixinal reflectiranse nos chanzos horizontais e en *filum* verticais –de abaixo a arriba–, a evolución diacrónica (*Caballero 1999*).

Procesos de síntese e datación: A través deles recuperarase a unidade da construción para comprendela na súa totalidade, de xeito que o edificio recupere progresivamente o seu carácter de unidade construtiva. Entramos agora nun proceso interpretativo. Estes procesos consisten en:

- Redución das relacións redundantes entre UE.
- Correlación de UE, consistente en agrupar os elementos en contextos cada vez máis complexos, ata chegar de novo á unidade maior, o edificio.
- Procesos de periodización: dedúcense os períodos históricos a través da cronoloxía relativa obtida pola situación nos diagramas das UE, axudados asemade daqueles indicadores cronolóxicos que proporcionan cronoloxías absolutas (*Quirós 1994: 145-6*).

A análise histórica

Sería o último paso do proceso metodolóxico. É agora cando se deben interpretar os datos históricos, obtidos tanto a través da propia análise como mediante outras disciplinas. A arqueoloxía da arquitectura conta cunha finalidade principalmente histórica, ata agora reduciuse esta finalidade a descifrar fundamentalmente aspectos cronolóxicos que definían as actividades ou o mesmo edificio, pero sen afondar en cuestións tales como a que función respondían estes procesos construtivos.



Figura 4. Alzado N da aula, coa diferenciación e numeración das UE, e a matrix na que se representan as relacións físico-temporais entre UE.

É o momento de interrelacionar os datos obtidos da análise cos datos históricos, por unha banda, e con posibles hipóteses arquitectónicas, por outra. Todo iso axudará no establecemento dos patróns de racionalidade que en cada momento xeraron formas, técnicas ou modos diferentes de concibir a arquitectura. Xuntando os datos e acudindo a disciplinas auxiliares culminarase o proceso logrando a interpretación histórica que se pretendía dende un principio.

A evolución construtiva do edificio

De facermos unha revisión sobre as distintas historias da arte galega escritas ao longo do s. XX, poderemos comprobar como Bóveda é un edificio[2] que se inclúe en diferentes capítulos dentro de cada unha destas obras, ben dentro da arquitectura romana, da paleocristiá, da altomedieval... Non era o noso obxectivo, por agora, revisar as distintas teorías existentes sobre a cronoloxía ou funcionalidade de Bóveda, asunto que, por outra banda, é tratado por Enrique Montenegro no capítulo correspondente do presente texto. A nosa intención non era outra que intentar recuperar a súa secuencia construtiva, a través da lectura dos restos materiais que no edificio se conservaron. Non cremos que no punto no que nos atopamos da investigación sobre Bóveda poidamos achegar luz á discusión sobre a súa cronoloxía ou a súa funcionalidade, si podemos, a través da análise da súa estratigrafía, establecer unhas fases construtivas, pero tamén consideramos que é necesario acudir a outras analíticas para podermos datar de forma absoluta o que ata o momento puidemos facer de forma relativa mediante a lectura da estratigrafía do edificio[3]. Neste punto limitarémonos a resumir as conclusións obtidas sobre a evolución construtiva do edificio e centrarémonos nas súas fases principais.

Fase I

Dentro desta fase, ao igual que nas seguintes, incluímos aquelas UE identificadas no edificio que presentan coetaneidade construtiva e estratigráfica ou, o que é o mesmo, aquelas UE entre as que non existen cortes estratigráficos ou que posúen homoxeneidade construtiva (de aparello, de materiais ou estrutural). A partir da súa análise en conxunto, podemos deducir como sería a forma deste primeiro edificio ou os restos máis antigos que actualmente se conservan en Bóveda.

A esta fase correspondería a estrutura conservada na planta inferior, é dicir, o nártice (aínda que non a bóveda que actualmente o cobre); a aula abovedada, aínda que sen división en tres naves e cunha piscina de maiores dimensións que a actual e a ábsida que se abre na parede W da aula, tamén



Figura 5. Alzados W e N da aula coas fases construtivas identificadas.

2. Referímonos ao que os distintos autores identificaron como o edificio orixinal ou primeira etapa de Bóveda.
3. Volveremos sobre este punto nas conclusións a este capítulo.

abovedada. Así estariamos diante un edificio soterrado, de planta cadrada, precedido por un nártice de planta rectangular. Descoñecemos como sería o acceso ao monumento nesta primeira etapa, aínda que supoñemos que se faría mediante unha escaleira. O feito de se atopar soterrado posiblemente estea relacionado coa primeira funcionalidade do edificio, que se vincularía á auga, xa que para a construción desta estrutura buscaron os niveis freáticos, (*Montenegro 2005: 96-7*) canalizando a auga e dirixíndoa cara á piscina ou estanque que ocuparía un grande espazo dentro da aula.

Figura 6. Nas fotografías **1** e **2**, apréciase a roza para embutir a bóveda do nártice. As outras catro fotografías recollen distintas interfaces rexistradas que nos levan a interpretar a existencia dunha reforma na porta orixinal: na fotografía 3, pódese observar como a parte inferior da xamba N está calzada con ripios, entanto que toda a cantaría da fachada está disposta a óso. Na fotografía **4**, apréciase como a parte inferior do limiar está totalmente deformada por distintos cortes. Así mesmo, nas fotografías **5** e **6**, pódese observar como as pezas empregadas nas xambas non fan cara co alzado interior da aula, o oco restante énchese de morteiro e baixo ese morteiro apréciase o repicado dunha das caras dos bloques que forman a cachotaría deste alzado.

Tanto o nártice como a fachada da aula están construídos cun aparello de cantaría de granito de gran tamaño[4], cos perpiaños dispostos a óso, coas xuntas moi finas, sobre todo as horizontais, e tendente a formar fiadas horizontais. Moitos dos perpiaños presentan cóbados[5] e as fiadas, que non gardan regularidade entre si[6], nalgúns casos, sobre todo nos alzados N e S do nártice e na fachada E da aula, van diminuíndo de altura cara aos extremos do alzado.

Na fachada E abriríase a porta de acceso á aula, que formalmente sería distinta á actual porque, como veremos, para a disposición da actual porta na seguinte fase cortaron os perpiaños da fachada orixinal e foron amortizadas algunhas pezas para a súa construción, como as xambas monolíticas de granito[7].

Un dos aspectos que nos chamou a atención das xambas, e que xunto cos cortes identificados levan a incluír a actual porta rematada nun arco de lixeira ferradura noutra fase, é que estas, cara ao interior da aula, non están careadas co muro, entanto que a mocheta si. Descoñecemos como sería a porta orixinal, aínda que ben podería empregar o mesmo sistema que no caso das ventás; é dicir, que fose alintelada: así foi debuxado na reconstrución hipotética da fase I.

Aos lados da porta dispóñense dúas ventás alinteladas cun arco de descarga en mitra sobre elas, ambos os arcos están realizados co muro. Pola contra a bóveda que actualmente cobre este espazo realízase con posterioridade a esta fase, xa que foi documentada unha roza para embutir a bóveda que corta tanto a fachada E da aula como os machóns. Do mesmo xeito para dispoñer as molduras sobre as que descansa a bóveda, que son tamén

4. Cabe resaltar que é de maior tamaño o módulo dos perpiaños dos machóns do nártice que o da fachada E da aula ou os alzados N e S do nártice, reservándose un aparello de maior tamaño para o que se apreciaría do edificio en primeiro termo.
5. Corte rectangular no perpiaño sobre o que encaixa o perpiaño que se lle apoia ou arrima, que pode presentar tamén un cóbado ou non.
6. Non teñen a mesma altura, diferenza que se fai máis patente na fachada E da aula e nos alzados N e S do nártice.
7. Con toda certeza, a xamba S foi reutilizada, non estamos tan seguros no caso da N, que se podería efectuar imitando a peza anterior.

recicladas porque existen diferenzas entre as pezas empregadas[8], córtanse os perpiaños dos alzados N e S do nártice.

Figura 7. Fotografía **1**: lado S da cámara bufa que abraza o monumento, construída na fase Vc. **2**: lado W da cámara bufa. Fotografía **3**: pormenor do formigón da fase I que enche os alzados N, S e W da aula.

Na aula e na ábsida para a cara vista do muro emprégase un aparello de cachotaría de gran tamaño tendente a formar fiadas regulares, sobre todo nas partes baixas do muro, realizado con materiais de distinta factura (cachotes, perpiaños, cantarías e grandes bloques, todos eles coas esquinas bastante redondeadas). Para o caso da fachada da aula, a cara externa realizase con cantaría, como xa se viu. A parte interna do muro, realizada en formigón, non tería cara[9], xa que actuaría a xeito de muro de contención do terreo que se tería baleirado para a construción do edificio. Nos alzados N e S da aula, o muro oscila entre 1,40 e 1,50 m de altura, sobre este dispónse a bóveda de canón realizada con plementaría de formigón e seis arcos faixóns de tixolo incluídos na rosca de 0,40 m de anchura, dispostos a intervalos regulares de 0,60 m. Nos alzados E e W, o muro de cachotaría continúa ata a altura da luz da bóveda.

No alzado W, ábrese unha pequena ábsida de planta rectangular que estaría construída canda a aula, xa que non hai cortes estratigráficos entre elas, cuberta por unha bóveda de medio canón peraltado, realizada en tixolo. Actualmente ábrese no alzado W da ábsida unha porta rematada cun arco escarzado, pero foi aberta a *posteriori*. Chama a atención que moitos dos tixolos empregados na bóveda están fragmentados. Ademais, nela

Alzado este.

Alzado sur.

Fase I **Fase II** **Fase III** **Fase V** **Indeterminado**

Figura 8. Alzados E e S da aula coas fases construtivas identificadas.

documentáronse abundantes buratos, algúns deles conteñen fragmentos de ferro. Iso lévanos a pensar que posiblemente estivo recuberta nalgunha das fases construtivas do edificio.

8. Diferenzas tanto a nivel formal coma de tamaño.
9. Hoxe pódese apreciar o interior do muro, xa que ao se cortar todo o seu perímetro para construír a cámara bufa de formigón que rodea a aula e a ábsida durante a intervención de González Trigo (1974-1983), este quedou á vista.

Finalmente, incluiríase dentro desta fase unha piscina de maiores dimensións que a que actualmente se conserva. Neste caso, a diferenciación do espazo que orixinalmente ocuparía a piscina resultaba máis problemática. O certo é que o lousado de Bóveda foi levantado en varias ocasións, en relación coas distintas intervencións que se levaron a cabo no subsolo da aula. Para podermos establecer cales eran as lousas orixinais e supoñemos sería a piscina orixinal. Habería que dicir que polas fotografías que recolle Chamoso Lamas no seu artigo sobre Bóveda de 1952 (*Chamoso 1952: 245, Lámina VIII*) pode apreciarse como o límite E da piscina localizada baixo as baldosas de mármore se atopaba máis próximo ao alzado E da aula que o actual, acurtándose durante a reconstrución levada a cabo na intervención de Menéndez Pidal e Pons Sorolla (1953-1960).



Figura 9. Alzados N, S e W do nártice (o W correspóndese coa fachada E da aula) coas fases construtivas identificadas.

cales foran removidas baseámonos, por unha banda, nas diferenzas existentes entre os materiais conservados actualmente e, por outra, nas planimetrías realizadas por outros autores e nas fotografías recollidas na bibliografía do edificio. Diso todo dedúcese que a zona do chan que máis se removeu corresponde aos seus lados N e E, ademais de perder o lousado de mármore que cubría a piscina. Se observamos a planta da aula, pódese apreciar como se conservan tres pezas de granito cortadas en ángulo recto, as únicas destas características que existen no chan. Dúas delas, a NW e a SW, atópanse aliñadas entre si, seguindo asemade a liña do alzado W da actual piscina. Delas, a SW atópase, ao tempo, en liña con outra peza situada na esquina NE da aula, esta última, porén, non está aliñada co alzado E da piscina. Teríase perdido a peza que supoñemos se localizaría na zona SE (*Montenegro 2005: 46, plano 10 e 64-5, nota 90*). De trazarmos unha liña recta dende a peza NE cara ao S e dende a SW cara ao E, o punto de encontro entre ambas daríanos o límite do que

Fase II

Ha de indicarse que inicialmente incluiramos dentro desta fase dúas etapas, a fase IIa (vinculada ás reformas levadas a cabo na aula e o nártice) e a IIb (vinculada á construción dun piso superior abovedado), podendo ser ambas coetáneas. Porén, diante da imposibilidade de poder observar a conexión estratigráfica existente entre os restos do lado S da bóveda da aula e os escasos restos do alzado N do piso superior, xa que esta conexión hoxe está oculta baixo a estrutura de formigón que cobre as bóvedas da ábsida, a aula e o nártice; non podemos establecer, sen acudir a outro tipo de analíticas, unha secuencia cronolóxica polo menos relativa entre ambos os elementos. Polo tanto, decidiuse diferenciar dúas etapas distintas ata que se poidan obter outro tipo de indicadores cronolóxicos. Por outro lado, cabe preguntarse do mesmo xeito por que os elementos que incluímos na etapa II son anteriores aos da III, e viceversa, ou se son coetáneos. Efectivamente, se non existe tal conexión é difícil poder identificar un ou outro como

anterior, coetáneo ou posterior. Baseámonos para iso nas diferenzas e semellanzas existentes entre estes e o documentado para a fase I, é dicir, as técnicas construtivas documentadas na fase II aseméllanse máis ás documentadas na fase I e, non obstante, son totalmente diferentes ao documentado na III. Poñamos por caso o xeito de construír os arcos faixóns da bóveda da aula (fase I) e os restos das xuntoiras das arcadas que dividen a aula en tres naves (fase II) ou a bóveda da ábsida e a aula (fase I) e a bóveda do piso superior (fase III). Aínda así, estas son hipóteses que haberá que contrastar en futuros traballos mediante outro tipo de estudos que apuntaremos nas conclusións.

Dentro desta fase acométese unha reforma que transforma a configuración espacial da aula e, posiblemente, a fachada do nártice. A maior parte dos autores consultados coinciden en levar a división en tres naves do edificio a unha etapa posterior á orixinal, aínda que existen bastantes controversias sobre a cronoloxía desta reforma, ao igual que sucedía coa primeira etapa de Bóveda. Non está de acordo, porén, Utrero na súa recente tese sobre sistemas de abovedamento altomedievais, quen apunta que podería corresponder todo á mesma etapa construtiva e ser ademais de cronoloxía altomedieval, aínda que certamente engade tamén que sería necesario levar a cabo un traballo monográfico sobre o edificio que poida botar máis luz sobre este tema (*Utrero 2006: 143*)[10].

No noso caso, despois de realizar a lectura estratigráfica do edificio, si cremos que existen datos dende este punto de vista que apuntan á existencia dunha reforma. Esta consistiría no seguinte:

A división da aula en tres naves, mediante a construción de dúas arcadas dispostas en sentido E-W, de tres arcos de medio punto[11] construídos en tixolo. Para dispoñer as basas sobre as que descansarían os elementos sustentadores destas arcadas sería necesario amortizar a piscina ou, polo menos, diminuír as súas dimensións mediante a colocación dun lousado[12]

Acométese un programa iconográfico no que se incluirían o recebo dos alzados da aula, a disposición dun friso de mármore corrido nos alzados N e S da aula e parte dos alzados E (interromperíase á altura da porta) e W (onde se interrompería á altura da rosca da bóveda da ábsida), sobre este friso dispone unha imposta decorativa de mármore e sobre esta descansan as pinturas que recobren a bóveda da aula, así como as arcadas ás que nos referimos arriba. O revestimento da bóveda sobre o que se aplican as pinturas aumenta o seu grosor a medida que se aproxima á imposta decorativa, empregándose mesmo fragmentos de tixolo para obter este aumento de grosor, de maneira que a curvatura pecha orixinando a aparencia de que a bóveda está xerada por un arco de lixeira ferradura e que o seu arranque se atopa a maior altura que o da verdadeira estrutura abovedada á que cobre.

Reformaríase a porta de acceso á aula, cortando a cantaría da fachada e a cachotaría do alzado E da aula. A porta que corresponde a esta fase está rematada nun arco de lixeira ferradura construído con tixolo que descansa sobre telares de granito e, á súa vez, estes sobre xambas monolíticas tamén de granito. O limiar é tamén unha peza monolítica de granito.

Figura 10. Fachada E dos machóns do nártice coas fases construtivas identificadas.

10. "Las posibilidades permanecen, de esta manera, abiertas, a la espera de un trabajo monográfico en Bóveda. [...] En nuestra opinión, aparte de las actuaciones bajomedievales y modernas, la obra original es unitaria, ante la falta de constatación de las dos fases tradicionales planteadas, y los constantes parentescos con lo asturiano nos lleva a transformar los términos de precedentes empleados para Santa Eulalia en paralelos". (Utrero 2006: 143). Para unha síntese das distintas fases construtivas identificadas por diferentes autores en Santa Eulalia de Bóveda, recomendamos a ficha que esta autora recolle sobre Bóveda no catálogo desta publicación (Utrero 2006: 583-4) e, por suposto, a síntese realizada por E. Montenegro neste mesmo volume sobre Santalla.
11. A forma de medio punto obtívose mediante a reconstrución da curvatura que se conserva nas xuntoiras, a partir da topografía de alta definición que se levou a cabo no edificio.
12. Os alzados que se conservan da piscina chaman a atención, xa que o seu aspecto actual non presenta un acabado para ser visto, apréciase un recheo de pedras e fragmentos de tixolo sobre o que se dispoñen as lousas de granito que forman o lousado dos alzados N e S. Os alzados E e W foron reconstruídos durante a reforma de Menéndez Pidal e Pons Sorolla (1953-1960), momento en que se dispoñen unhas pezas de granito decoradas cunha moldura formada por unha gola, dúas delas localizadas por Chamoso Lamas entre os materiais do edificio e as restantes reconstruídas baseándose nestas. Se efectivamente a piscina tiña as dimensións actuais, cabe preguntarse por que non presentan un acabado regular estes alzados e se documenta un recheo.

Finalmente documéntase ademais unha reforma nas partes altas dos machóns para a construción dos seus linteis (dos cales de conservan as pezas partidas que formaban o lintel do lado N e, grazas a unha fotografía de Casado recollida na figura 6a do texto de Montenegro, sabemos que tamén existían no lado S) que apoiarían probablemente sobre grandes columnas ou piares, aínda que dubidamos que estes elementos sustentadores sexan os que actualmente se conservan, os que, por outra banda, se atopan movidos con respecto á posición orixinal na que se atoparon, xa que non existe unha correlación entre as dimensións que tería o lintel, que se corresponderían coas do machón e coas das columnas.

Non podemos polo de agora saber se a construción da bóveda do nártice se correspondería con esta fase, aínda que nos decantamos por incluíla na fase IV.

Os datos que nos levan a incluír estas reformas na fase II son os seguintes: Con respecto á construción das arcadas hai dous elementos que apoian esta hipótese, por unha banda os cortes documentados nos dous arcos faixóns centrais, tanto no alzado N coma no S, para a disposición das fornelas que neles se abren e, por outra, os cortes documentados nos alzados E e W para embutir as pezas (tanto de pedra coma de tixolo) que conforman as xuntoiras. No primeiro caso, parécenos bastante ilóxico pensar que se as fornelas alinteladas estaban proxectadas co edificio orixinal non se embebesen dentro dos arcos faixóns, por contra, estes córtanse desaparecendo nun treito entre a parte baixa do lintel e a da imposta decorativa; de feito, non os volvemos visualizar ata que se aprecian no corte superior da bóveda. Se efectivamente ambos os arcos faixóns non chegaban ata o arranque da bóveda como os catro restantes de cada alzado, por que volven aparecer por debaixo do lintel?

Ata aquí non poderiamos explicar a reforma das arcadas nesta fase, pero se efectivamente as fornelas, que poderían ser unha reforma puntual, son posteriores á bóveda, sobre os seus linteis practican varios buratos, identificados no edificio como UE093, ver figura 4). Estes buratos dispóñense en dúas liñas paralelas, distando 0,40 m entre elas, por baixo da imposta decorativa, tenden ao circular e están recheos na súa maior parte por un fragmento de ferro sobre o que se dispón un coio de seixo. Identificáronse como os restos dos cravos (os correspondentes á liña superior) e ángulos que termarían das placas de mármore que facían parte do friso. Ademais, cortan o morteiro que recubriría os alzados, no que, nalgún caso, se conserva a pegada da placa. Como diciamos, estes buratos documéntanse tamén sobre os linteis e os arcos faixóns cortados e, nesta zona, o friso adáptase ao oco da fornela, subindo á altura das xambas e cubrindo o lintel. Sobre este friso descansaría a estratigrafía en vertical que se corresponde co programa decorativo ao que se facía antes mención: a imposta decorativa que xace sobre o morteiro que recubría as paredes e as pinturas. Polo tanto, teriamos: o corte da bóveda para a construción das fornelas e sobre estas o programa decorativo que envolve tamén os restos das arcadas.

No segundo caso, o das xuntoiras, como diciamos, documentáronse varios cortes nos alzados E e W da aula cuxa funcionalidade identificamos coa necesidade de embutir as pezas que forman estas no muro preexistente, se

Figura 11. Na fotografía **1**, apréciase a pegada dunha placa sobre o morteiro que recubría os alzados interiores da aula; na fotografía **2**, recóllese un dos buratos cos restos dun cravo de ferro que termaba dunha das placas que formaban o friso que percorría os alzados interiores da aula. Na fotografía **3**, pódense observar, sobre o lintel da fornela S, os fragmentos de tixolo reutilizado e as camadas de morteiro para preparación das pinturas da bóveda. Na fotografía **4**, aprécianse as pegadas dos taboleiros de madeira da cimbra para a construción do arco que remata a porta de acceso á aula.

estes se proxectan co edifico orixinal, por que se realizan estes cortes e non se embeben no muro e a bóveda da aula como no caso dos arcos faixóns? Se formulamos a necesidade de construír estas arcadas para reforzar a luz da bóveda de canón que cobre a aula, cabería preguntarse tamén se estruturalmente este tipo de bóvedas, reforzada ademais neste caso con

seis arcos faixóns, necesita estas arcadas para evitar o seu colapso. De feito, a rotura da bóveda prodúcese precisamente á altura destas arcadas[13]. Con respecto á reforma da porta xa se amentaron os cortes documentados nos alzados para a disposición das xambas, o mesmo acontecería co arco.

Temos bastantes dúbidas sobre a pertenza a esta fase ou polo menos á situación que actualmente se lle deu, das columnas e capiteis colocadas no ámbito da piscina que se supoñen soportarían a arcada que divide o espazo da aula en tres naves. A súa disposición actual data do ano 1929 (*Montenegro 2005: 26*); non obstante, se observamos a figura 3 recollida no capítulo de Montenegro pódese apreciar como un dos fustes recolocados nesa data se atopaba nas zonas superiores do recheo, aproximadamente á altura do arranque da bóveda da ábsida. Dada a súa posición estratigráfica, é bastante improbable que o fuste pertencese á aula e si podería vir da estrutura que se localizaba no piso superior, o cal abre a posibilidade de que este estivese tamén dividido en naves. Pero, evidentemente, isto é unha hipótese (*Montenegro 2005: 26-7, nota 37*).

Fase III

A esta fase pertencen parte dos restos do alzado N do arranque da bóveda do piso superior. Ha de dicirse que deste piso unicamente se conserva este alzado. O devandito alzado era o obxectivo principal da presente intervención, que consistiu na construción dunha estrutura en aceiro e cristal que protexese estes restos.



Figura 12. Debuxos dos restos conservados da bóveda do piso superior.

Neste caso, a lectura estratigráfica unicamente puido ser realizada in *situ* no alzado S, o que correspondería ao interior da estrutura abovedada, xa que o N estaba actualmente oculto por un xeotéxtil e un recubrimento de morteiro de cemento. Recorreuse ás fotografías do alzado efectuadas antes da intervención nas que se podía apreciar con bastante nitidez a súa estratigrafía que, como se verá, confirmaba os datos rexistrados para o lado S.

13. No Informe sobre *"el estado de la bóveda de Santa Eulalia de Bóveda"* emitido por Aroca nos anos 90 do s. XX, encargado durante a intervención de Gallego e Portela, apúntase o seguinte sobre este tema: "*Hay indicios de que en época posterior se construyeron dos arquerías paralelas a la generatriz de la nave, llegando hasta la bóveda, para darle apariencia de iglesia de tres naves. Es perfectamente posible que las obras de estas arquerías hayan contribuido a la ruina que se produjo posteriormente*".

Malia a escasa altura que quedaba ao aire do alzado N do piso superior, rexistrouse unha estratigrafía que nos fala de tres momentos construtivos distintos: os restos do arranque dunha bóveda realizada con tixolos de entalle na cara externa e cachotaría con abundante morteiro na rosca, levantada sobre un muro de cachotaría de pequeno tamaño (fase III); unha reforma no lado E do alzado na que se empregan os mesmos materiais que na bóveda orixinal do piso superior; e unha reforma en cachotaría da parte superior da bóveda que inclúe unha ventá alintelada. Posiblemente estas dúas últimas reformas sexan coevas e estean incluídas dentro da fase IV, como se verá.

Do muro sobre o que se levanta a bóveda amentada, pouco podemos dicir xa que actualmente quedou oculto baixo o forxado de formigón que cobre a bóveda da aula. Polo que pode apreciarse nas fotografías cedidas por José López Fernández e efectuadas durante a restauración dos arquitectos José Manuel Gallego Jorreto e César Portela Fernández-Jardón nos anos 1985-1993, trátase dun muro de cachotaría irregular realizado con cachotes de tamaño medio, aínda que tamén se documenta algún de maior tamaño, tomados con morteiro de cal. A parte superior deste muro regularízase con baldosas de tixolo, as máis delas fragmentadas, e sobre estas disponse a bóveda.



Figura 13. Intradorso e extradorso do lado N da bóveda do piso superior coa diferenciación das fases identificadas.

Pola súa banda, a bóveda está realizada con tixolos de entalle que poderían estar reutilizados[14].

Chama non obstante a atención que a disposición dos tixolos non se corresponde co emprego teórico do tixolo de entalle (disposto nas bóvedas a xeito de arco faixón). Neste caso, todo o intradorso da bóveda está realizado con estes tixolos, que se dispoñen en fiadas horizontais continuas, alternando entre a fiada inferior e a seguinte a coincidencia do entalle, de modo que ao exterior os entalles están dispostos seguindo un reticulado. O oco destes entalles utilízase para que agarre o morteiro de cal que recubriría o intradorso da bóveda e sobre o que se disporían as pinturas. O tixolo disponse radialmente, cunha xunta moi fina cara ao intradorso da bóveda e aumentando a xunta cara ao extradorso grazas ao emprego de morteiro. A rosca, como se dixo, está realizada nunha cachotaría irregular de tamaño medio.

Descoñecemos como sería a comunicación entre os dous pisos na fase III ou se eran plantas independentes, xa que a porta que se constrúe no alzado W da ábsida, da que partían unhas escaleiras cara ao piso superior[15], englobámola na fase IV polo tipo de arco de remate que presenta.

Fase IV

Dentro desta fase incluíronse varias reformas e destrucións producidas en ambas as dúas plantas que corresponderían coa época moderna. Estas serían:

Aula

Corte practicado na bóveda e o alzado W da ábsida para a construción dunha porta e unhas escaleiras que comunican a aula coa planta superior. A porta remátase cun arco escarzano construído con tixolos reutilizados,



Figura 14. Na imaxe **1** (extraída de A. Choisy 1873, figura 18) represéntase unha armadura de arcos de tixolo unidos por fiadas continuas, similar á estrutura abovedada da planta soterrada de Santa Eulalia de Bóveda. Na imaxe **2** (extraída de Pérez Losada 1992, lámina X) represéntase o esquema teórico para o emprego dos tixolos de entalle que, como se pode apreciar, difire do documentado no piso alto de Santa Eulalia de Bóveda (ver figura 12 do presente texto). A imaxe **3** é unha fotografía (extraída de Chamoso 1952, lámina Ia) do estado dos restos da bóveda do piso superior na década dos anos 50 do s. XX.

algúns dos cales presentan marcas de dixitacións. Nas xambas e no limiar realízanse buratos para o gonzo da porta e rebaixes nos que encaixaría esta. Á súa vez, documentáronse unha serie de buratos no alzado W da ábsida e rebaixes no chan deste mesmo espazo que cremos que poderían estar relacionados co mobiliario que se dispuxese nesta zona, talvez un retablo. Tamén vinculamos a esta fase os cortes para a construción dunha ventá alintelada con derrame cara ao interior sobre o arco da porta de acceso á aula.

Nártice

Construción da bóveda de medio punto rebaixada que cobre actualmente a ábsida. Para iso, practicáronse unha serie de cortes nos alzados N e S e no alzado W dos machóns N e S da ábsida e na fachada E da aula. A bóveda

14. Non estamos totalmente convencidos sobre a reutilización destes tixolos. Na publicación de Vidal sobre os tixolos de Santa Eulalia de Bóveda, conclúese dicindo: "*A la luz de todos los datos expuestos, creemos que el material latericio de Santa Eulalia de Bóveda es de cronología romana respondiendo a una estandarización visible tanto en su morfología, como dimensiones y técnicas de fabricación. La presencia de ladrillos de entalle indica una funcionalidad muy concreta de la primera planta, sin duda relacionada con las aguas. Pese a todo la ubicación de éstas y otras piezas formando parte de muros y bóvedas de cronología posterior, indican una clara reutilización del material*". (Vidal 2006:244). Efectivamente, formalmente os tixolos de entalle de Bóveda aseméllanse ao tixolo romano, é máis difícil facer un estudo mensiocronolóxico para o caso dos tixolos postos en obra da bóveda e arcada da aula, dada a imposibilidade de obter todas as súas dimensións. Sabemos tamén que é moi usual a reutilización de material romano (non exclusivamente cerámico) en construcións posteriores, sobre todo altomedievais, pero ante a aplicación doutro tipo de técnicas ao estudo destes tixolos, como a datación por termoluminiscencia, está a comprobarse que en época altomedieval se está a xerar unha produción latericia que imita o tixolo romano nunha cronoloxía posterior, caso por exemplo dos tixolos das bóvedas de Santa Comba de Bande: "*En la iglesia gallega, los ladrillos empleados en bóvedas y roscas de las ventanas han sido considerados de origen romano [...], pero los análisis de termoluminiscencia prueban que fueron producidos en fechas comprendidas en un amplio intervalo que va desde el último cuarto del siglo VI al tercer cuarto del siglo VIII*" (Utrero 2006: 181). Por todo isto cremos que sen unha datación destes tixolos mediante termoluminiscencia non podemos afirmar categoricamente que é material romano reutilizado. Este é un dos aspectos nos que incidiremos nas conclusións a este texto.
15. Ver a figura 5 recollida no capítulo de E. Montenegro deste mesmo texto.

descansa sobre unha imposta formada por unha moldura que no alzado S é unha gola e un listel e no N unha gola, un filete e un listel. En ambos os dous alzados, a imposta está formada por varias pezas (dous no S e tres no N), que son de distinta factura e dimensións, o que nos fai pensar que se trata de material reutilizado dada a falta de coincidencia entre as pezas. Formalmente, a decoración destas molduras aseméllase bastante á das pezas reutilizadas na reconstrución da piscina.

Planta superior

Durante a lectura do muro superior, documentouse unha reforma realizada con materiais distintos: tixolo de entalle e cachotaría. A existencia desta reforma implica probablemente que anteriormente debeu producirse un colapso da bóveda, aínda que non podemos asegurar se esta estaría relacionada coa apertura da ventá alintelada ou se era anterior e, aproveitando a reforma, constrúese a ventá. En todo caso, para regularizar a rotura da bóveda na parte alta do lado E do alzado, imítase a técnica construtiva empregada na bóveda de tixolo, aínda que sen gardar xa a regularidade coa que estaban dispostos os tixolos de entalle na fase III[16], motivo polo que se diferenciaron as dúas UE. Deste xeito, complétase a bóveda de tixolo mantendo a altura conservada no lado central e W. Sobre ela, disponse seguindo a curvatura da bóveda un muro de cachotaría irregular de pequeno tamaño tendente a formar fiadas regulares no intradorso e de cachotaría irregular de tamaño medio-grande[17] no extradorso. Esta reforma inclúe a construción dunha ventá alintelada[18] cun lintel de lousas de granito (dúas pezas) e as xambas de tixolo amortizado. A parte traseira das xambas está realizada en cantaría. Nesta cantaría distinguíronse dúas UE, unha corresponde á ventá orixinal e outra á reconstrución contemporánea (da fase Ve).

Fase V

Nesta fase incluíronse todas as reformas correspondentes á época contemporánea, que van dende o ano 1929 ata a última intervención do arquitecto César Portela. Non entraremos a detallar cada unha destas subetapas, xa que consideramos que están perfectamente recollidas no texto de E. Montenegro, limitarémonos a enumeralas:

Fase Va: 1929-1945

Estas primeiras actuacións non están suxeitas a un proxecto de intervención arquitectónica sobre o monumento, senón que veñen da man das actuacións arqueolóxicas que se están a levar a cabo nel.

Fase Vb: 1953-1960

Reformas realizadas polos arquitectos Luis Menéndez Pidal e Joaquín Pons Sorolla. O primeiro proxecto data do ano 1953. Estas intervencións están directamente relacionadas coas investigacións efectuadas no monumento por Manuel Chamoso Lamas.

Fase Vc: 1974-1983

Dentro deste período englóbanse as obras do arquitecto Antonio González Trigo, o seu primeiro proxecto data do ano 1974. Convén destacar, dentro desta intervención, a construción da cámara bufa que abraza os alzados N, W e S da aula e a ábsida, pola transcendencia que a *posteriori* tivo no monumento.

Fase Vd: 1985-1993

No ano 1985, encárgaselle aos arquitectos José Manuel Gallego Jorreto e César Portela Fernández-Jardón unha actuación arquitectónica encamiñada á restauración do monumento. Esta prolongarase ata o ano 1993 e contempla a realización dunha serie de estudos previos no edificio encamiñados a alcanzar un coñecemento interdisciplinar deste.

Fase Ve: 2006-2007

Esta última subfase inclúe a intervención actual en Bóveda, centrada sobre todo na protección dos restos conservados na planta superior do monumento, e foi realizada polo arquitecto César Portela Fernández-Jardón.

Caracterización dos morteiros analizados en Santa Eulalia de Bóveda[19]

O traballo conxunto entre os equipos de restauración e arqueoloxía na actual intervención levou a determinar que o estudo da caracterización dos morteiros podería botar novos datos sobre a evolución construtiva identificada a través da análise estratigráfica. Tendo en conta esta evolución, extraéronse vinte e dúas mostras de morteiro con distintas funcionalidades dentro do edificio, as mostras foron enviadas para o seu estudo á Cátedra de Petroloxía.

16. É dicir, co entalle cara ao intradorso da bóveda e disposto regularmente formando un reticulado.
17. O módulo do cachote é de maiores dimensións que o empregado no extradorso da bóveda da fase III.
18. A orixinal era de maiores dimensións que a actual, que quedou parcialmente oculta baixo o forxado de formigón, como se pode apreciar se se compara o debuxo actual da ventá, figura 12, e a fotografía dos anos 50 do s. XX recollida na figura 14.
19. Os datos sobre os morteiros que a continuación se expoñen foron extraidos do Informe provisional sobre el estudio de muestras de morteros y sales de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo), elaborado en xullo de 2007 como resultado dos traballos dirixidos por José María García de Miguel.

Das mostras de morteiro enviadas analizáronse un total de catorce, tres tomadas en UE vinculadas á fase I, catro á fase II, dúas á fase III, tres á fase IV, unha á fase V e outra nunha UE indeterminada sobre a que existían bastantes dúbidas e que resulta ser un morteiro que confirma os estudos realizados por CPA en 1992, esta era a denominada "camada negra" que recobre algunhas partes do monumento.

Os resultados destas análises achegan algúns datos interesantes ao coñecemento do edificio, pero tamén seguen incidindo en moitas das dúbidas que sobre el seguen abertas. Iso lévanos a corroborar a idea de que Bóveda segue a ser unha investigación aberta e en canto aos morteiros será necesario completar as analíticas ou tomar novas mostras noutras zonas das mesmas UE que permitan comparar os resultados.

Queremos referirnos a uns parágrafos que se recollen no informe provisional emitido polo equipo de García de Miguel, xa que permiten comprender as dificultades á hora de interpretar estes datos ou as semellanzas e diferenzas que poden existir entre os distintos morteiros analizados, aínda que poidan pertencer a unha mesma ou distintas fases:

En cuanto a la correlación de estos morteros, las dificultades que se plantean a la hora de establecer una posible cronología relativa de los mismos, se fundamentan:

- *En la funcionalidad para la que fueron elaborados y su puesta en obra, donde la relación de árido/aglomerante, la granulometría y la composición pueden variar.*
- *En las contaminaciones del material original durante las intervenciones sin documentar que se hayan podido realizar [...].*
- *En los métodos de estudio, al ser el mortero una mezcla de aglomerante y árido ya consolidado, su disgregación y la separación entre árido/aglomerante es complicada, además de que puede llevar a error a la hora de interpretar los datos [...].*

En cuanto a los métodos de estudio, la dificultad comienza con la escasez de la muestra al tratarse de morteros históricos donde se pretende minimizar el impacto sobre el monumento. (Cátedra de Petrología, 2007: Análisis del recubrimiento negro del mortero de sujeción de las placas de mármol en el alzado Sur del aula)

Morteiros vinculados á fase I

As tres mostras presentan distintas características tanto petrolóxicas como químicas.

O morteiro 1a (arcos faixóns da bóveda da aula, alzado N) é diferente a todos os demais estudados xa que non se emprega nel como ligante o cal, senón a arxila, cunha proporción árido/ligante 2/1, de granulometría grosa e elevada proporción de seixo no seu árido. Trataríase dun *morteiro de xunta.*

O morteiro 2b (arranque da bóveda da aula, alzado S) é un morteiro de cal, singular pola súa proporción árido/ligante de 5/1, de granulometría homométrica e media, con cantidades de áridos de seixo e feldespato similares e unha porosidade baixa dun 5%. Trataríase dun *opus caementicium.*

O morteiro 3 (bóveda da ábsida) é un morteiro de cal, cunha proporción árido/ligante 1/1, de granulometría heterométrica e fina, con proporcións entre os áridos de seixo e feldespato similares aos do morteiro 2b, cun 10% de grans de calcita. A súa porosidade é dun 15%. A súa composición química xeral é próxima ás porcentaxes do morteiro 2b. Polas características analizadas, os autores do informe identifícano cun morteiro de *recebo* ou unha capa de refino que se disporía enriba da capa de revoco, porén a mostra foi tomada nunha xunta. Pola súa granulometría, é moi similar aos morteiros 6 e 7 da fase II e, en canto á súa composición química, existen máis semellanzas entre o morteiro 3 e o 6 que entre o 6 e o 7.

Morteiros vinculados á fase II

Ao igual que na fase anterior, os morteiros presentan características petrolóxicas e químicas variables.

O morteiro 4 (restos das xuntoiras do alzado W da aula) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante 1/1, de granulometría heterométrica e media-fina. O seixo ten unha relación de 1,5 con respecto ao feldespato. A súa composición química difire do resto dos morteiros analizados dentro desta fase construtiva. Polas características analizadas, a súa funcionalidade é a dun morteiro de *recebo*[20], cunha proporción diferente á do morteiro 3 da fase I, aínda que a mostra foi tomada nunha xunta.

O morteiro 5a (morteiro de preparación das pinturas que recobren a bóveda da aula) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 2/1, de granulometría heterométrica e grosa, a area é rica en seixo, cunha proporción seixo/feldespato de 1,9. No informe destácase a elevada

20. Os resultados coinciden co "arricio" analizado por Cabrera en 1991.

presenza de xeso que tamén se detecta na lámina delgada (como no morteiro 6, con composición química similares a este)[21]. En canto á súa funcionalidade, parece tratarse dun *morteiro de recebo*[22].

O morteiro 6 (morteiro de revestimento dos alzados interiores da aula, alzado S) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 1/1, de granulometría heterométrica e fina, cunha proporción seixo/feldespato de 1,3. Contén unha elevada proporción de xofre na súa composición química, observada en forma de xeso na lámina delgada. A súa composición química é moi similar á do morteiro 5a. Trataríase dun *morteiro de recebo* ou capa de agarre moi similar en composición á do morteiro 5a.

O morteiro 7 (arco que cobre a porta de acceso á aula) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante 1/1, de granulometría heterométrica e fina, cunha proporción seixo/feldespato de 1,9, cunha elevada proporción de calcita como árido (18%). Trataríase dun *morteiro de xunta*.

Morteiros vinculados á fase III

Os morteiros analizados para esta fase posúen algunhas características similares, xa que aínda que varía a relación árido/ligante entre eles, presentan semellanzas en canto a granulometría, proporción seixo/feldespato e composición química[23].

O morteiro 8a (bóveda de tixolo do alzado N do piso alto) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 2/1, de granulometría heterométrica e media-fina, cunha proporción seixo/feldespato de 1,8. En canto á súa funcionalidade, parece tratarse dun *morteiro de recebo* ou *de xunta.*

O morteiro 9 (extradorso de cachotaría da bóveda de tixolo do alzado N do piso alto) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante 3/1, de granulometría heterométrica e fina, cunha proporción seixo/feldespato de 2,1, posúe un 10% de grans de micrita e un 2% de xeso. En canto á súa funcionalidade, parece tratarse dun *morteiro de recebo* ou *de xunta*.

Os morteiros da fase III parécense quimicamente aos morteiros 5a e 6 da fase II. O morteiro 9 contén xeso no árido ao igual que os da fase II e a proporción seixo/feldespato é similar á do morteiro 5a.

Morteiros vinculados á fase IV

O morteiro 14 (revestimento e pinturas da bóveda do piso alto) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 3/1, de granulometría homométrica e grosa-media, cunha proporción seixo/feldespato de 1. A súa composición química é de gran semellanza co morteiro 17a. En canto á súa funcionalidade, parece tratarse dun *morteiro de recebo* ou de preparación da pintura.

O morteiro 15 (reconstrución da bóveda do piso alto en cachotaría) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 2/1, de granulometría heterométrica e media, cunha proporción seixo/feldespato de 3. A súa composición química é similar á do morteiro 2b, pero a proporción seixo/feldespato e outras características granulométricas non coinciden. Trataríase dun *morteiro de xunta*.

O morteiro 17a (morteiro de preparación das pinturas do nártice) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 3/1, de granulometría heterométrica e media, cunha proporción cuarzo/feldespato de 1,3. Contén un 15% de calcita como árido. En canto á súa funcionalidade, parece tratarse dun *morteiro de recebo* ou de preparación da pintura.

Os morteiros 14 e 17a gardan estreita semellanza en canto á composición química e proporción seixo/feldespato e son similares no que respecta ás características do árido, pero non así o morteiro 15. Ademais, o 14 e o 17a parecen ter certas similitudes co morteiro 7.

Morteiro vinculado á fase V

O morteiro 18 (morteiro de reposición sobre a parte alta do alzado N da aula) é un morteiro de cal, con proporción árido/ligante de 2/1, de granulometría heterométrica e media, cunha proporción seixo/feldespato de 1,3. As súas características granulométricas aseméllanse ás do morteiro 17a, pero non a súa composición química, que non se asemella á de ningún dos morteiros analizados. Por outro lado, non se detectaron sales.

Morteiro indeterminado

O morteiro CN-M (camada negra extraída do alzado S da aula) é un morteiro de cal que contén materia orgánica (12% de grans de carbón), con proporción árido/ligante de 3/1, de granulometría heterométrica e media, cunha proporción seixo/feldespato de 2,1. Segundo o informe, trátase dun morteiro singular que contén manganeso e fósforo en porcentaxes elevadas. Este morteiro coincide plenamente cos datos extraídos por Cabrera en 1991:

21 En canto á presenza de xeso, os autores barallan varias hipóteses que haberá que contrastar: procedencia por contaminación de recebos, por agregacións intencionadas ou do morteiro de cemento pórtland empregado no reforzo do extradorso.

22 Os resultados coinciden co "morteiro de agarre" analizado por Cabrera en 1991. Trataríase da primeira capa de preparación da bóveda, segundo Vitrubio o morteiro de rectitude, co que se crearía unha superficie uniforme para regularizar a fábrica.

23 No caso destes dous morteiros, cabería a posibilidade de que ambos sexan morteiros de reposición, o que contribúe a que as mostras coincidan. Por iso volvemos facer fincapé na necesidade de continuar a efectuarmos analíticas.

Fragmentos angulosos de carbón de huesos con su característico tono marrón, mezclados con las finas partículas cristalinas de pirolusita [...]. La composición del mortero negro incluye una proporción elevada de arena de granito cuyos constituyentes de cuarzo, feldespato y mica quedan revelados por el diagrama de Difracción de rayos X. La composición del negro sigue siendo de manganeso y fósforo. (Cabrera Garrido, 1991: Análisis del recubrimiento negro de la fachada)

Mortero de árido de granito, con granos de carbón y cal, en proporción 3/1. El aglomerante se compone de calcita con carbón y granos de pirolusita.

Árido 60%: cuarzo mono y policristalino 30%, feldespato potásico 14%, granos de carbón 12%, moscovita y biotita 3% y minerales opacos 1% granos heterométricos subangulosos-subredondeados de cuarzo, feldespato potásico y restos carbonizados. Aparecen en menores proporciones cristales de mica y minerales opacos.

Granulometría general del árido:

>1mm 22%

0,5-1mm 22%

<0,5mm 16%

Ligante 20%: matriz micrítica calcítica con materia orgánica (carbón). Pirolusita criptocristalina.

Relación ligante: árido 1:3

Porosidad interpartícula 20%

Análisis químico: Composición muy variada, pudiéndose destacar el bajo componente de calcio y la presencia importante de fósforo, cloro, azufre, titanio y manganeso. (Cátedra de Petrología, 2007: Análisis del recubrimiento negro del mortero de sujeción de las placas de mármol en el alzado Sur del aula)

Un debe deixarse guiar pola experiencia da humanidade, que se transmite oralmente, de mestre a alumno, e que contén a totalidade do coñecemento da vida que un só ser humano fragmentario xamais pode adquirir de seu.

Linda Fierz-David (c. 1950)

A CONSERVACIÓN DO MONUMENTO: AS PINTURAS DA AULA

Dende o mesmo ano do seu descubrimento, cada proxecto que se iniciou en Santa Eulalia de Bóveda pretendeu coñecer mellor o monumento para dilucidar a súa orixe e garantir a súa conservación futura. Foron numerosas as actuacións, aínda que, dende a perspectiva actual non sempre acertadas. Moitos dos problemas que agora ten derivan das obras de escavación e restauración que afectaron a estrutura do edificio, a piscina e as condución orixinais da auga e tamén as súas singulares pinturas murais.

Unha vez máis, ponse en marcha o proceso. Seguimos sen coñecer en profundidade o edificio, as súas fases construtivas e usos, así como a orixe das patoloxías que inciden negativamente na súa conservación e a metodoloxía de intervención para palialas. De aí, a nosa premisa de «coñecer para conservar». Estamos a dar os primeiros pasos para logralo traballando en equipo, analizando materiais, patoloxías, posibles paralelos e a información xerada nos oitenta anos transcorridos dende o seu descubrimento.

Intervencións de restauración

Como veremos, a conservación do monumento foi unha preocupación constante dende o seu descubrimento, nos primeiros anos do século xx. Antes, no século XVIII xa se tomaran precaucións para evitar a ameazante ruína que debeu de producirse polo exceso de peso acumulado sobre a bóveda. No arquivo parroquial non se atopan noticias que puidesen ser esclarecedoras para establecer as súas fases construtivas e a súa historia; non obstante, no libro de contas, atopou LópezMartí (*López-Martí 1934:31*) estas referencias en documentos de 1751 e de 1755 que recollen a necesidade de consolidar o piso baixo:

"Se rebaja del referido caudal, ciento cincuenta reales que llevaron los carpinteros por terraplenar el coro, echando tierras en él para que se pudiese enterrar en él, poniendo cinco sepulturas todas de piedra enteras de cantería, labradas, y una piedra que se puso en el arco, también de cantería, que sirve de escalón para la capilla mayor iguala con las cinco sepulturas, que como esta iglesia es de bóveda, que está otra iglesia debajo de ella, no se podía enterrar sin terraplenar.

Se aseguraron las columnas de la iglesia que está debajo donde hoy se celebra, terraplenáronse más de dos estados de un hombre y antes se abrieron los cimientos necesarios para las paredes del Cabildo para que no se enterrara en la iglesia, como es de bóveda."

Segundo parece, o párroco José María Penado Rodríguez explorou o lugar por primeira vez cun grupo de veciños, en 1917[24] (*Nicandro Ares 1962:123*); descubriu o costado setentrional e mantívoo practicable «mediante escalera y un muro de mampostería que interceptaba la parte central» (*Gómez-Moreno 1949:415*). O 20 de xuño de 1926 visitan a ruína Luís López-Martí e o arquitecto García Puig «quien obtuvo diversas fotografías de las ruinas, levantando también algunos planos de las mismas; planos y fotografías que fueron entregados a la Comisión provincial de Monumentos» (*López- Martí, 1934:7*). O 3 de agosto dese mesmo ano ou do seguinte (*Montenegro 2005:31*) visitouna Gómez Moreno «quien movió a la Junta Superior de Excavaciones a hacerse cargo de las obras de excavación y saneamiento, ordenando que se trasladara el pintor especialista Elías Segura, para hacer el calco y reproducción de las pinturas murales, lo que llevó a efecto en septiembre de ese año[25]» (*López-Martí, 1934:8*).

O desentullo[26] e a escavación do monumento iniciáronse en 1926, baixo a dirección de García Puig e López-Martí. Non debeu de ser sinxelo este labor debido ao angosto espazo que deixaba o recheo de terras e a inestabilidade, que podía provocar o derrubamento do muro de contención "cuyo derribo es temerario sin ciertas obras de contención" (*Ángel del Castillo, 1927:165*).

Da metodoloxía da escavación e da restauración inmediata pouco sabemos. Polo que coñecemos, o criterio de intervención responde a unha anastilose, parcial, xa que non se recrea a bóveda, senón que se instala unha placa de formigón con lucernarios, segundo proxecto do "joven entusiasta arquitecto" Eloy Maquieira (*López-Martí, 1928: 322-323; López-Martí, 1934:14-15; López-Martí, 1934:8*):

> *"...tratándose, como se trata, de una restauración madurada e inteligente, colocando la piedra caída en el lugar que antes ocupó, el ladrillo movido y la imposta rota, en su primitivo estado, consolidando los muros y procurando convenientes saneamientos, logrando por remate, la conservación de esta curiosísima reliquia, ejemplar único de templos cristianos primitivos, al estudio y admiración de las generaciones venideras."*

> *"Tratando de reconstruir el monumento, como se hallaba en su estado primitivo, se cerró con mampostería la puerta que se abría en el fondo del arco triunfal, haciendo desaparecer la escalera que le obstruía, y procurando también a tal fin evitar humedades al edificio, que tanto podrían perjudicar la decoración pictórica de sus muros.*

> *"Con posterioridad a las obras de excavación y saneamiento, se llevaron a cabo otras no menos importantes, como son: renovación de los muros del atrio exterior, que lindan con el camino vecinal; se libró al edificio de las humedades del suelo; y se construyó una techumbre de cemento armado, con grandes lucernarios, techumbre que sirvió para iluminar el interior del edificio, librándole a la vez de las inclemencias del tiempo."*

En 1945, Chamoso Lamas observa que os labores agrícolas efectuados nos terreos lindeiros co monumento afectaron varias estruturas, maiormente o muro superior, que ameazaba con desaparecer. Propuxo, con carácter de urxencia, a consolidación e illamento das estruturas afectadas e a intervención dun restaurador de pintura mural, debido ás perdas que esta sufría polo alto grao de humidade do recinto. Dos pormenores desta intervención restauradora de 1946 non temos constancia documental, talvez porque os achados arqueolóxicos da intervención de Chamoso foron tan relevantes que ocuparon todo o interese das publicacións.

Máis adiante, proponse reparar a placa de formigón[27] que estaba a ocasionar problemas nas pinturas e restaurar todo o monumento. Desarman neste momento os grandes fragmentos caídos de bóveda e recuperan unicamente a película pictórica, que reimplantan sobre tea na nova bóveda. As obras realizáronse segundo proxecto de Menéndez Pidal e Pons Sorolla (*Montenegro 2005:47*).

> *"El mucho tiempo transcurrido desde la realización de estas obras y la falta de una cubrición apropiada sobre la losa de hormigón han hecho que las diferencias de temperatura agrietan la losa y las aguas de lluvia filtrándose por las grietas y disolviendo las sales solubles del mortero produzcan perjuicios a las pinturas conservadas.*

> *Se realizará con todo esmero para garantizar la ausencia de filtraciones sobre las pinturas. Se comenzará por extender capa impermeabilizante asfáltica sobre la losa de hormigón que hoy sirve de cubierta; se desmontarán los*

24. Para Ángel del Castillo a data é 1896.
25. Segundo Ángel del Castillo, Elías Segura "especialista en estas difíciles labores", estivo vinte tantos días a reproducir fielmente, en cartóns, a pintura.
26. Di López-Martí que se retiraron 500 m³ de entullo.
27. Desprazárona, elevándoa, ao redor de 80 cm.

lucernarios y se replanteará la disposición de tabiquillos de ladrillo y marcos de lucernarios, como base de un doble tablero de rasilla con mortero de cemento 1:4 y doble pendiente lateral del 5%. Colocados los lucernarios en su nueva posición y garantizando su unión al solado mediante juntas de plomo se ejecutará el solado de baldosín cerámico..."

Restáurase tamén agora a piscina descuberta por Chamoso e recolocan nela dúas pezas procedentes das escavacións de López Martí (*Chamoso Lamas, 1952:246*).

"Procedimos, por tanto, a colocarlas dejando la cara labrada hacia el interior de la supuesta piscina y la devastada adosada a los bordes y materiales de relleno, correspondiendo con tanta precisión de proporciones y medidas que dejaba fuera de toda duda era este su destino."

En 1974, retoma a escavación do monumento Alberto Balil Illana. Entre o material revolto procedente dos entullos das campañas anteriores atopa numerosos fragmentos de recebo con pinturas que Felipe Arias depositou no Museo Provincial de Lugo[28]. Considerando que a auga da piscina é a orixe dos males do monumento, realiza un experimento, do que non se coñecen os resultados, consistente en cubrir a piscina cun caixón cheo de area. Carmen del Valle realiza unha primeira e, ao parecer, limitada intervención de limpeza e consolidación das pinturas.

Poucos anos despois intervén no monumento o arquitecto Antonio González Trigo. Entre as actuacións das que existe constancia documental é sen dúbida a máis agresiva co edificio porque destrúe partes orixinais e fai unha recreación innecesaria. O obxectivo era eliminar a auga nun edificio creado para a auga e rematar deste modo coa «piscina de aguas inagotables», como a definiu Abad Casal (*Abad Casal, 1979:917*).

É lamentable que dende os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Artístico e Cultural non só se aprobase a intervención destrutora e irreversible, ademais obrigaron o arquitecto a realizar unha recreación totalmente improcedente, cando el propuxera unha protección bastante respectuosa coa ruína e que melloraría a súa ventilación. En 1979, González Trigo, que segue tratando de reparar o agravio, propón un proxecto para a limpeza e consolidación das pinturas.

En 1984, encárgaselle a Francisco Guitián Ojea un estudo climático do recinto para determinar a incidencia do medio na conservación das pinturas. Tras un ano de estudo termohigrométrico, alternando a apertura e o peche entre os andares[29], Guitián conclúe que:

"La existencia de los huecos que comunican las plantas son perjudiciales para las pinturas, porque hacen variar muy intensamente la humedad del monumento y producen un efecto de chimenea que obliga a la entrada de aire del exterior, con grados de humedad muy diferentes según las estaciones.

En las condiciones actuales, y como consecuencia de lo anterior, las pinturas están sujetas a lo largo del año a numerosos ciclos de humectación/desecación, más intensos en las estaciones de verano e invierno.

Por todo ello, consideramos que la conservación de las pinturas exige un mantenimiento de la temperatura y humedad a niveles lo más constantes posibles, y de un orden aproximado al que tenía el monumento antes de ser abierto, condiciones óptimas para su conservación, y que, obviamente, si fueran desfavorables no permitirían que el monumento llegara hasta nosotros."

En 1985, os arquitectos José Manuel Gallego e César Portela realizan unha proposta coa que tratarán de recuperar, no posible, o edificio histórico. Por primeira vez, fórmase un equipo multidisciplinar para acometer os problemas de comprensión e de conservación da ruína.

O proxecto arquitectónico eliminou, no posible, os engadidos en intervencións anteriores e mellorou o sistema de ventilación do edificio. Menos acertado foi o corte do muro da bóveda do piso alto, aínda que a obra evitara filtracións de humidade ao muro inferior[30]. O obxectivo cumpriríase coa solución actual, adoptada por César Portela.

O proxecto arqueolóxico de Felipe Arias propuxo escavacións no monumento e no seu ámbito e prospeccións na bisbarra. O proxecto de restauración da pedra que constitúe a fábrica e a análise da pintura mural correron a cargo de José María Cabrera e o proxecto de restauración das pinturas murais correspondeu a Carmen del Valle. Foi, sen dúbida, unha intervención ambiciosa que mellorou o estado xeral do monumento e das

28. Os fragmentos permanecen nos almacéns do museo.
29. Daquela, o edificio estaba pechado por unha bóveda no piso alto.
30. É bastante probable que con este corte, que impide a circulación de auga, se potenciase a cristalización de sulfatos na superficie da pintura da aula. Sen o corte, os sales cristalizarían en verán no piso alto o que, se ben isto tampouco é desexable, tería menor importancia porque nel apenas se conserva pintura.

súas pinturas. Mágoa que se detivese aí e que a intervención restauradora nas pinturas apenas xerase informes nos que nos basear para o estudo das patoloxías actuais que, posiblemente, estaban activas daquela e que continúan a ser a nosa principal preocupación.

Recentemente, co proxecto de César Portela, interveuse no casarío do ámbito do monumento e, por fin, realizouse unha protección para o arranque da bóveda do piso alto que, entanto non se demostre o contrario, é parte fundamental do edificio histórico. Neste muro realizouse unha consolidación mínima, con morteiro de cal, para soster algúns elementos da cachotaría.

As pinturas da aula

A técnica

Tanto a técnica como a temática parecen romanas ou de tradición romana.

A preparación das pinturas

O soporte está constituído por varias camadas de morteiro, sen que puidésemos determinar cantas son e o seu espesor. Na parte accesible, sobre a imposta de mármore, este é variable segundo o muro e oscila entre os 7 e os 9 cm, aínda que parece que diminúe considerablemente a medida que ascende. Nesta parte inferior está separado do muro por unha liña de fragmentos de tixolo ou *tegula*. A superficie ten un acabado moi fino; non obstante, obsérvanse numerosas marcas da ferramenta de aplicación.

> *"En los últimos 5 cm de mortero, más próximos a la superficie, distinguimos un fondo de agarre (cal y arena en proporción 1:2) sobre el cual se aplica otro mortero similar, más rico en cal, tirado con paleta, que correspondería al ARRICIO. En la superficie se aprecia una capa más fina y más rica en Cal, de enlucido, similar al INTONACO. En el mortero de agarre la cal y la arena están en proporción de 1:2, mientras que en la de ARRICIO la proporción aproximada es de 1:1. En el INTONACO la cal es más abundante 3:1 y se detectan partículas de CAOLÍN. Los granos de arena alcanzan tamaños de hasta 3 mm y los de Cal hasta 6 mm (Cabrera Garrido, 1991)."*

Vitrubio describe con todo detalle a fabricación dos recebos, aínda que as sete capas de morteiro que el recomenda[31] raramente se atopan na pintura mural romana que coñecemos. De feito, o propio Vitrubio que, como arquitecto oficial, transmite as técnicas "óptimas", sabe que os seus preceptos non se seguen sempre e admite a execución de recebos para pinturas murais con dúas capas, se ben advirte que serán menos sólidos e terán menos brillo:

> *Unha vez rematadas as molduras, aplicar un recebo moi groso sobre as paredes e, posteriormente, cando a camada superficial estea bastante seca aplicar sobre ela as camadas de morteiro de area axustándoas exactamente en lonxitude, mediante regra e corda, en altura, mediante chumbada, e nos ángulos, mediante escuadra. Deste xeito, o estuco presentará un aspecto inmaculado para a pintura. Cando estea bastante seca, aplicar unha segunda camada e logo unha terceira. Canto mellor sexa a aplicación deste morteiro de area, tanto mellor e máis duradeiro e sólido será logo o estuco.*
>
> *Unha vez aplicadas polo menos tres camadas de morteiro de area, ademais da camada de recebo, débese facer a mestura para as camadas de po de mármore, debendo estar o morteiro tan temperado que ao mesturalo non se adhira ao palustre, senón que o ferro saia libremente da cubeta de morteiro e quede limpo. Despois de aplicar o po de mármore e unha vez seco, aplicar unha segunda camada mediana. Unha vez aplicada e ben fregada, estender unha camada máis fina. As paredes así recebadas, con tres camadas de morteiro de area e outras tantas de mármore, serán sólidas e non sufrirán fracturas nin outro tipo de defecto.*

Figura 15. Pegadas do esparavel no recebo.

A organización do traballo sobre a parede realizábase de arriba a abaixo, tendendo o recebo por tramos correspondentes ao espazo limitado por unha

31. Plinio confórmase con cinco.

planta da estada –*pontata*–; na pintura a fresco debe coincidir coa extensión que se pode pintar nun día –*giornata*–, xeralmente fanse coincidir as xornadas coas liñas horizontais e verticais ou cos contornos das figuras da decoración para disimular as uniónsˢ².

Para encaixar os motivos decorativos trazáronse liñas mestras en forma de cuadrícula, con incisión ou cordada realizada sobre o morteiro fresco con regra ou con cordel de marcar. De xeito similar, trázase un debuxo preparatorio que forma losanxes, aplicado a fresco sobre o intonaco, con pincel e terra ocre. Parece que algunhas figuras se encaixan tamén con debuxo preparatorio.

Sobre el Intonaco fresco, aplicado cada día sobre la superficie correspondiente a esa "giornata" y, cuidadosamente alisado, se trazan las líneas de construcción o dibujo preparatorio con sinopia y posteriormente se aplica la pintura, en este caso con negro de carbón de huesos y Tierra verde, mezclados con cal.

Las dos flechas señalan la junta de la giornata, perfectamente fundidos los bordes, siendo también bastante disimuladas las uniones de las pontatas. (Cabrera Garrido, 1991: Análisis de dibujo preparatorio en motivo vegetal-campana-pared sur, centro derecha).

En canto á técnica pictórica, en Santalla tense falado sempre de frescoˢ³.

16

17

18

Figura 16. Liñas mestras: incisión.
Figura 17. Liñas mestras: debuxo.
Figura 18. Liñas mestras: cordada.

32. As xuntas características das *pontate* e *giornate* non son doadas de distinguir entre si. Ás veces non se aprecian as *giornate* porque foron realizadas en pontate sen ningunha outra subdivisión; é dicir, o pintor é o suficientemente rápido como para aplicar os pigmentos co tramo de *intonaco* fresco, correspondente á *pontata*.
33. Na técnica a *fresco* aplícanse os pigmentos, disoltos en auga, sobre o *intonaco* sen carbonatar; disponse dun tempo limitado para a aplicación dos pigmentos, pero a película de carbonato cálcico que se forma sobre eles confírelle gran resistencia á pintura. A pintura a *secco* realízase sobre o *intonaco* xa carbonatado e cos pigmentos diluídos nun aglutinante orgánico: cal, colas vexetais ou animais. A simple vista, diferénciase da técnica a *fresco* porque a policromía, ao non quedar integrada no *intonaco*, presenta certo corpo ou relevo. A necesidade de traballar en seco débese á falta de tempo para completar as decoracións antes da carbonatación do *intonaco* ou a que algúns pigmentos utilizados son pouco estables na técnica a *fresco*.

Aínda non realizamos análise neste sentido e, polo tanto, nada podemos asegurar. Na pintura romana que coñecemos doutros xacementos arqueolóxicos de Lugo documéntanse sempre técnicas mixtas nas que se executan a *fresco* unha parte da pintura e a *secco*, máis ou menos empastado, moitos dos detalles decorativos. Estes detalles son difíciles de

Incisión e cordada en cuadrícula **Debuxo a pincel en *losange***

Figura 16. Mapa das liñas mestras do debuxo preparatorio.

observar actualmente; porén, nos fragmentos conservados no Museo Provincial distínguense polo menos dúas capas de pintura[34]. Ademais hai pigmentos que só deben aplicarse a *secco*, como o azul exipcio ou pompeiano e a terra verde ou terra de Verona, identificados por Cabrera. As limpezas realizadas nos primeiros anos tras o seu descubrimento puideron eliminar estas capas de pintura:

Figura 20. Detalle da cabeza do parrulo (alzado sur). As cores de fondo, probablemente, están aplicadas *a fresco*; os detalles e matices case seguro que se rematraron a *secco*.

"A fin de conocer el procedimiento empleado en las decoraciones murales, se hizo un estudio del enlucido y pinturas, dando por resultado que es idéntico al que constituye la base de la pintura al fresco. El enlucido es muy rico en cales; sobre él extendieron una capa de estuco, delgada, procediendo a pintar sobre esta superficie en estado de humedad, absorbiendo los tonos que penetraron a profundidad variable, según la intensidad, adquiriendo una fijeza que sólo desaparece con la destrucción del enlucido. Las pinturas se sometieron a la acción del agua caliente, de la sosa y del álcali volátil; después de dejarlas algún tiempo sobre la superficie para que mordiesen la pintura, no sólo no desaparecieron los colores, sino que ni aun perdieron la intensidad de sus tonos. (López-Martí, 1934:22)

Es inolvidable la impresión que se recibía contemplando las pinturas del sector de bóveda descubierto primero, con toda la opulencia de colorido que mantenía el ambiente húmedo del subterráneo. Luego, ya al aire libre, y a la intemperie durante más de un año que se tardó en protegerlas con un techo, se llenaron de verdines, cayó algún témpano de enlucido con ellas, sufrieron más aún al limpiarlas y aparecen hoy degradadas, secas sin los toques a temple que, sobre su técnica al fresco, las perfeccionaban (Gómez Moreno, 1949:415-416)."

Os pigmentos

En Santalla Cabrera identificou varios pigmentos de uso común no mundo romano[35], mesmo un dos considerados onerosos: o cinabrio[36].

"La estratigrafía muestra claramente que los fondos se hacen primero y se pulen (contienen algo de caolín) y, sobre ellos se ejecutan después las figuras de frutas y pájaros improvisando directamente con pincel y sin dibujo preparatorio, sin volver a pulir estas figuritas que destacan del fondo gracias al pequeño relieve de la pasta pictórica, que no se ve absorbida por la transparencia del fondo pulimentado.

El pigmento verde es "Tierra verde"; el negro "Carbón de Huesos"; el rojo "Cinabrio" y el blanco "Blanco de San Juan". (Cabrera Garrido, 1991: Estratigrafía de la película pictórica en el racimo de uvas sobre el faisán de la pared sur).

Se trata de un frito de pasta vítrea conocido como "Azul egipcio", típico del mundo romano, construido sobre fondo negro ("negro de huesos") para obtener por transparencia un azul oscuro aterciopelado. El blanco es Carbonato Cálcico ("blanco de S. Juan") (Cabrera Garrido, 1991: Análisis de azul del cuello del pavo real del muro sur).

Sobre el Intonaco, aparecen restos de sinopia y la preparación con VERDACCIO (mezcla de ocre sombra, negro, blanco de S. Juan y cinabrese según Cennini). El rojo está construido con Cinabrio (Bermellón de Mercurio) y, en superficie se aprecia una capa blanca de Carbonato de Calcio que posiblemente corresponde a un encalado para fijar el color que adquiere espesores considerables y contiene poca cantidad de cal mezclada con los pigmentos (Cabrera Garrido, 1991: Análisis de rojo sobre negro cubiertos de una veladura blanca en follaje del arbusto en el muro oeste)."

34. En concreto, está moi claro en fragmentos correspondentes á decoración do arranque do intradorso dos arcos; na pintura conservada *in situ* tamén se aprecia certo espesor na película pictórica que pode indicar unha aplicación a *secco*.
35. Vitrubio e Plinio achegaron dúas listas exhaustivas de pigmentos. Aínda que comparables, manifestan algúns puntos de diverxencia para os brancos e os vermellos. Un total de 24 e 35 pigmentos diferentes son descritos respectivamente por Vitrubio e por Plinio. Os pigmentos chamados onerosos ou floridos (*minium, armenium, cinnabaris, chrysocolla, indicum, purpurissum*) eran comprados polo promotor que, segundo o seu *status* social e a importancia do lugar a pintar, escollia o seu artista. Os outros pigmentos, que constituirían a gama básica ou austera, deixábanse á elección do pintor, quen tería en conta a abundancia de produtos no mercado, a calidade da decoración e a súa propia mestría.
36. Vitrubio chámalle tamén *vermellón*; os latinos chamábanlle *minium* e os gregos *cinnabari*.

Parece que, ademais destes pigmentos, se utilizaron óxidos de ferro nas cores pardas e probablemente nos vermellos[37]; o rosa obtense con vermello e branco e adóitase aplicar a *secco*.

Os motivos decorativos

A decoración mural de Santalla está amplamente difundida, xa que son varios os autores que a describen[38]. Escollemos a descrición de Milagros Guardia porque nós non poderiamos facelo de xeito tan claro e conciso:

Figura 21. Na imaxe da esquerda, detalle da pintura do intradorso dos arcos. Pódense observar as pegadas do pincel deixadas polo pintor nas camadas máis densas. O mesmo acontece coa pintura da outra imaxe. Trátase dun dos fragmentos conservados no Museo Provincial, correspondente á mesma zona. Neste caso aprécianse, ademais, liñas trazadas a *secco* sobre a capa de pintura aplicada en primeiro lugar (banda branca da esquerda).

"[...] se organiza de forma muy rigurosa en relación a la estructura arquitectónica, en una sintaxis resuelta dentro de la mejor tradición romana. El espacio superior de la bóveda, que coincidía exactamente con la línea marcada por la culminación de ambas arquerías, por lo tanto, con la nave central, se decoró con un tema tradicional, de antigua raigambre en la pintura de artesonados romana, casi en un intento de sugerir que éste era el sistema de cubierta. No debemos olvidar que las estructuras basilicales con rica cubierta plana artesonada se continuaron utilizando en la arquitectura romana como una fórmula prestigiosa y adecuada a los edificios monumentales fueran éstos de función civil (basílicas forales) o cultual (templos y, a partir de Constantino, basílicas cristianas).



La parte superior de los muros de las naves laterales, en realidad la zona de arranque de la bóveda, se organiza con una composición de reticulado trazado con temas vegetales que se rellena, en los espacios romboidales o losanges, con figuras o parejas de aves y racimos de uva. Los espacios de los muros de fondo y el hastial, rigurosamente delimitados entre la curva de la bóveda y el arranque de los arcos, formando dos triángulos curvos, se cubren con un motivo repetido que no es otro que parejas de aves, combinándose las gallinas o gallo con perdices, sobre un paisaje vegetal, así como un tema de cáliz del que surge un tallo bulboso o vaina que, a su vez, genera zarcillos verdes, en los espacios correspondientes a la nave central. Por último, el arranque de los arcos se resuelve con un vaso o maceta de la que nace una guirnalda de laurel de cinco hojas con sombra mediana y enriquecido con finos tallos vegetales que debía prolongarse a lo largo de los respectivos intradoses. (M. Guardia 2002:62-63).

O estado de conservación

Todo o edificio e o seu ámbito máis inmediato precisan unha intervención de mantemento, para evitar que se agudicen algunhas patoloxías e tamén para avaliar o estado real de conservación. A colonización biolóxica é

37. Aínda que se detectou cinabrio no vermello da mostra analizada, pensamos que talvez se utilizase para os detalles e non para todas as orlas que delimitan os rexistros decorativos. Debía ser un pigmento bastante caro, a teor dos comentarios de Vitrubio (nesa época, os romanos utilizaban o cinabrio das minas de Almadén): "O aplauso que os antigos solicitaban nas súas obras a forza de habelencia, procúrase agora polas cores e a súa viveza, de xeito que o mérito que as obras tiñan pola maña do artífice, teñen de se conseguir agora a custa do dono. Quen dos antigos non gastou o vermellón tan parcamente como unha medicina? Agora vemos a cada paso cubertas con el as paredes. Úsanse tamén agora o crisocola, o púrpura, o ultramar; porque estas cores, aínda que se poñan sen arte, están cheas de resplandor e beleza e, por seren de moito custo, son excepcionais, e a cargo do dono de fábrica, non do artífice ".
38. Sobre todo Abad Casal, L. (1979 e 1982), Rodríguez Colmenero (1993) e Singul (1997 e 1998)

importantísima. No granito, unido ao morteiro negro, transmite un aspecto pouco agradable, pero non parece que incida excesivamente na súa deterioración. Non obstante, nas pinturas, o problema, aínda que moito menos estendido, é moito máis prexudicial. As patoloxías que observamos nas pinturas da aula son extensibles ás pinturas do nártice.

Figura 22. Detalle da intensa colonización biolóxica no chan, a piscina e o zócolo da aula.

A deterioración das pinturas produciríase por diferentes motivos e en diferentes épocas. Algunhas alteracións poden deberse ao método de execución: a tendencia do recebo a separarse do soporte mural é maior cantas menos capas de recebo ten a preparación e a aplicación da cor a *secco* é máis sensible á humidade.

O uso do edificio durante un período que, evidentemente parece dilatado, ocasionaría manchas e erosións. O colapso da bóveda orixinou a perda máis importante de pintura e o soterramento e abandono do edificio. O feito de que ficase a pintura baixo terra, durante máis de cen anos, favoreceu sen dúbida a disgregación dos morteiros e a alteración de pigmentos e da película pictórica, a causa das achegas continuas de humidade; os depósitos de terra moi adheridos son tamén unha causa de alteración. Como consecuencia da escavación, prodúcense novas degradacións, debido ao cambio brusco do medio.





Figura 23. Na fotografía da esquerda (Ángel del Castillo, arquivo do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC) xa se ve o repicado da pintura. O feito de que só se observe neste recanto fainos pensar que pode ser produto do desentullo e non dun desencalado ou da preparación para unha redecoración. Na fotografía da dereita recóllese o pormenor da zona repicada, tamén o oco no que se encaixaba a estada.

Incidencia das intervencións restauradoras

Aínda que o achado se publica inmediatamente e nun curto prazo se inician as intervencións de desentullo e restauración, pouco sabemos do estado real de conservación das pinturas nese momento; nin sequera se o recinto estaba enchido e as cubría totalmente[39].

39. Tendo en conta que o edificio dende o lousado do chan ata o punto máis baixo da rotura da bóveda mide 3,57 m e 3,93 m ata o punto máis alto e que o recheo ocupou "más de dos estados de un hombre", é posible que as pinturas asomasen algo do terraplenado. As primeiras fotografías do desentullo móstrannos a pintura, pero non sabemos con certeza se iniciaran os traballos cando as tomaron.

Figura 25. Alzado norte, sector 1. Mapa de cristalizacións e colonización.

Figura 26. Alzado sur, sector 1. Mapa de cristalizacións e colonización.

Colonización biolóxica

Velos

Cristalización de sulfatos

Nalgunhas zonas obsérvase un importante repicado da superficie que, ao non ter ningunha referencia dun encalado[40], fainos pensar nunha retirada de terra a pico, sen luz que permitise observar as paredes pintadas ou nunha intervención antiga, previa a unha redecoración pictórica.

Figura 24. Detalle do intradorso noroeste. A película pictórica case desapareceu polo "lavado" dos pigmentos, probablemente nos primeiros meses do descubrimento.

40. Non se descarta esta hipótese, pois na parede exterior permanece o rastro dun posible encalado. No arranque de bóveda do piso alto documéntanse numerosos restos de varias camadas de encalado. Tanto este dato como o recubrimento das partes inferiores co morteiro negro de óso son moi interesantes, xa que poden estar a documentar o uso do edificio ata época moi recente.
41. Ao parecer, de uso frecuente na época de Menéndez Pidal.
42. O cemento Portland está composto por carbonatos cálcico-magnésicos calcinados+sulfatos cálcicos+aditivos con álcalis-sodio e/ou potasio.
43. A presenza destes elementos pódese deber tamén ás plaxioclasas e micas que forman parte do árido dalgúns morteiros analizados.
44. O nitrato pode atribuírse á contaminación orgánica nas augas freáticas que ascenden por capilaridade a través dos paramentos, á presenza de actividade biolóxica (algas, fungos e bacterias) ou a residuos da limpeza de xuntas que se realizou nos anos noventa con etanol:amoníaco 1:1. Os cloruros tamén poden proceder de augas contaminadas, de residuos da aplicación do cloruro de bario na intervención anterior ou á acción dos liques que no seu talo poden conter cloratranorina; das 930 substancias liquénicas coñecidas, 210 presentan cloro. O magnesio pode ter a súa orixe na alteración da biotita contida no granito da fábrica e no árido dalgúns morteiros ou ben nos restos que quedaran nos paramentos de sepiolita-atapulgita (silico-aluminatos hidratados de magnesio) empregada para a limpeza de sales na intervención citada. A traza de fósforo pode deberse á capa de morteiro negro de ósos calcinados ou a restos de enterramentos.

Dos primeiros tratamentos de limpeza e consolidación, mesmo das análises, só temos a referencia de López-Martí. As probas de "resistencia" ás que someteron as pinturas, dende o coñecemento actual, poderíanse considerar un acto vandálico. Da intervención dos anos sesenta tampouco temos documentación. Segundo as observacións de Carmen del Valle e as análises de Cabrera, as pinturas consolidáronse nese momento con caseinato, método habitual na época. Tampouco xerou informe ningún a intervención dos noventa que indique o método e os materiais de restauración utilizados.

A orixe dos sales que alteran as pinturas e contaminan o resto da fábrica posiblemente está relacionada coa placa de formigón e co formigonado da cámara bufa; tamén os cales magros[41] poden dar orixe aos sales de magnesio. Mención á parte merecen as pinturas da bóveda. Ademais de quedar totalmente privadas do seu soporte, que tan interesante sería estudar agora, malográronse ao se desprenderen do teito e caeren á piscina. Hoxe pódense considerar perdidas, aínda que Felipe Arias as atopou nun estado lamentable en 1975 no Museo Provincial, agora nada se sabe do seu destino.

Patoloxías observadas

A pintura está parcialmente colonizada, sobre todo no alzado norte. Aínda que se observan numerosas fisuras e abrasións da película pictórica e do recebo, que deixan á vista as areas do morteiro, en xeral, a pintura está ben adherida ao substrato. Sen dúbida, a patoloxía máis grave e activa é a formación de escamas orixinada pola acción dos sulfatos; a orixe destes sales e as condicións que facilitan a súa mobilidade e cristalización na superficie da pintura son o obxectivo primordial da nosa investigación.

Das análises efectuadas sobre nove mostras de costras superficiais, dedúcese que seis están compostas unicamente por xofre e calcio. A orixe do calcio é sen dúbida o morteiro de cal, alterado pola acción da humidade. O xofre pode provir do cemento[42], o mesmo que o sodio e o potasio detectado noutras mostras[43]. Nas mostras tomadas na parte inferior da bóveda, ademais do sulfato cálcico, detéctanse nitratos, cloruros, magnesio e trazas de fósforo[44]. As consecuencias da cristalización de sales solubles son nefastas; os cloruros de calcio e de magnesio son sales moi móbiles e de grande higroscopicidade, ao igual que certos nitratos de sodio e calcio e que poden afectar no futuro a zonas máis altas.

Figura 27. Alzado leste, sector 1. Mapa de cristalizacións e colonización.

Figura 28. Alzado oeste, sector 1. Mapa de cristalizacións e colonización.

Colonización biolóxica

Velos

Cristalización de sulfatos

29

30


31

32a

32b

32c

Figura 29. Erosión antiga do recebo que deixa á vista o árido do morteiro subxacente.

Figura 30. A colonización de algas chega ás zonas máis elevadas da bóveda.

Figura 31. Detalle da esquina nordés. É a zona máis afectada polas belidas producidas pola cristalización de sales e tamén polos fungos.

Figura 32. Os sulfatos orixinan costras que acaban por romper a camada máis superficial da pintura. Este fenómeno está activo, sobre todo nas paredes norte e leste.

CONCLUSIÓNS

En 1933, Miguel García y Teijeiro, tras unha visita de vinte minutos ao edificio de Santa Eulalia de Bóveda, foi capaz de escribir trinta páxinas para concluír que non se trata dun edificio "único, sino, uno de tantos". Transcorridos máis de setenta anos e tras numerosos estudos e intervencións, seguimos pensando que é un edifico singular, con moitas dúbidas aínda por resolver, tanto no coñecemento das fases construtivas, cronoloxía e usos do edificio, coma no ámbito da súa conservación.

Á luz dos datos, parece sensato pensar que a orixe do monumento está relacionada coa captación do manancial[45]. O seu uso como ninfeo, estanque de augas salutíferas, baptisterio ou *lacus* funerario está por demostrar, pois o tipo de edificio non é determinante.

Ao respecto das fases construtivas identificadas no edificio, pouco podemos engadir ao que xa se ten comentado: documéntanse catro fases de época histórica, aínda que poderían reducirse a tres se efectivamente as fases II e III fosen coetáneas, dato que polo momento non podemos confirmar a través das análises realizadas que, porén, confirman as diferenzas detectadas pola estratigrafía para as distintas fases construtivas.

Baseándonos nestes datos e sobre a topografía de alta definición de Bóveda, reconstruíronse as tres primeiras fases, obviando a IV, xa que nesta fase non se modificou a estrutura do conxunto.

45. "Será fácil de conseguir a auga si os mananciais están sobre a terra e con corrente, pero, non o estando, buscaranse as súas veas abrindo minas e recolléndoos nun" (Vitrubio: Do xeito de achar auga).
46. Son innumerables e de ampla cronoloxía as representacións de pavos, case sempre afrontados cun recipiente entre ambos, do que, ás veces, petiscan a froita: tumba do Banquete en Constanta, Romanía; tumba en Silistra, antiga Durostorum, en Bulgaria; tumba 25 da necrópole da Isola Sacra; en Roma, no mausoleo de Marcus Clodius Hermes en San Sebastiano; no ninfeo-hipoxeo de Via Livenza; no hipoxeo dos Flavios, etc. Tampouco faltan as bóvedas decoradas imitando artesoados.
    Aínda que con menos pericia, represéntanse na "basílica" de Troia, en Portugal, a composición xeométrica da bóveda, a banda de pequenos cadrados alternantes divididos diagonalmente, os marmoreados e floreiros. A historia construtiva do edificio, que non el, ten bastantes semellanzas con Santalla.
47. Á parte das inigualables pinturas pompeianas ou das magníficas decoracións da vila de Livia e a Domus Aurea, tamén en provincias son frecuentes as decoracións con estes temas: pavos e floreiros con froitas aparecen en decoración mural en villae, como sucede en Newport na Isla de Wight; unha decoración de follas lanceoladas alternando cun galiño e un ferreiriño consérvase na vila de Valdonega en Verona. En mosaico, represéntanse pavos na vila de Bignor e na casa de Fortunatus en Fraga aparecen diversas figuras, paxaros e froitos. No santuario da vila romana de Milreu consérvanse tixolos con decoracións similares: pavos afrontados, floreiros, etc.

A pintura mural forma parte do programa decorativo dunha remodelación do edificio. Segue a tradición romana na técnica de execución e nos motivos decorativos e o pintor ou pintores demostran un coñecemento e mestría que fan de Santalla un edificio singular xa nese momento.

Non obstante, **non podemos establecer a cronoloxía e os usos baseándonos nestas percepcións nin nos posibles paralelos que, en calquera caso, sempre son parciais e subxectivos.**

O esquema de decoración da bóveda documéntase amplamente dende a época romana alto imperial, ten a súa repercusión na arte visigótica e no asturiano. É, por outra banda, un deseño esquematizado das decoracións en mosaico das que se fai eco.

A retícula, as flores, as aves e as uvas que poboan as zonas inferiores da bóveda tamén son frecuentes no mundo romano, tanto na pintura coma no mosaico.

Figura 33. Cristalizacións e colonización nas zonas de arranque da bóveda.

As flores e os froitos representaban para os romanos un símbolo de inmortalidade polo constante morrer e renacer. As flores e a vexetación, en xeral, constitúen un dos elementos ornamentais predominantes nos monumentos funerarios (Beltrán de Heredia et al, 2007:107). As aves tamén son un tema frecuente deste mundo; os pavos afrontados cun vaso no medio teñen un amplo uso no ámbito cristián no que estas aves asumen o significado específico do símbolo da resurrección, entanto o vaso alude á copa da inmortalidade[46]. Aínda que non podemos obviar que as representacións de flores, froitos e aves son tamén habituais nas pinturas e nos mosaicos das *villae*[47]. Quizais unha forma de avanzar no coñecemento

da funcionalidade deste edificio singular é a comparación, con criterios homoxéneos, de edificios peninsulares que tiveron a súa orixe relacionada coa auga ou cunha evolución construtiva e decorativa similar e que teñan unha datación absoluta perfectamente contrastada.

Proposta de intervención para un mellor coñecemento

A intervención levada a cabo en Santa Eulalia de Bóveda no presente proxecto considérase aberta, xa que cremos que é necesario acudir aínda a outro tipo de indicadores cronolóxicos que permitan achegar unha cronoloxía absoluta ás fases identificadas no monumento, así como completar os estudos dos factores e formas de alteración que interveñen na deterioración do monumento. Sen estas ou outras analíticas consideramos, como xa se apuntou, que segue sendo extremadamente difícil polo de agora achegar unha cronoloxía absoluta para as primeiras fases de Bóveda. Non digamos xa, falar sobre a súa funcionalidade.

Figura 34. Reconstrucións hipotéticas das fases I, II e III identificadas no monumento. Sección este–oeste.

As primeiras análises realizadas, aínda que moi útiles, non son esclarecedores para determinar con toda precisión as fases construtivas; asemade, a orixe das patoloxías presenta dúbidas razoables. Neste punto formúlase a necesidade de ampliar o ámbito dos estudos e abundar noutros máis específicos, entre os que propoñemos os que seguen:

- Análise dos tixolos empregados nas distintas estruturas do edificio (arcos faixóns da bóveda da aula; restos das xuntoiras das arcadas, arco de ingreso á aula, bóveda que cobre a ábsida ou os tixolos da bóveda do piso superior) mediante a termoluminiscencia.
- Análise de C14 dos restos do morteiro negro empregado na cubrición dalgúns paramentos, talvez para a súa impermeabilización.
- Análise exhaustiva das fontes históricas conservadas que fagan referencia ao edificio.
- Relacionar as mostras estudadas coa estratigrafía das fases construtivas, co obxecto de establecer unha correlación directa que permita unha datación relativa máis concreta e un coñecemento maior das funcións de cada un dos morteiros.
- Realizar unha estratigrafía da superposición das distintas capas de recubrimentos, en cada fase construtiva. Nesta liña sería interesante comparar as estratigrafías da pintura da bóveda e a dos arranques dos arcos para comprobar se coinciden as camadas de recebo.
- Estudar os restos de pintura procedentes da cañeira das primeiras escavacións e tratar de situalos espacialmente. Comparar as estratigrafías desta pintura e a conservada in situ.
- Identificar os pigmentos.
- Estudo comparativo de estratigrafías, técnica e pigmentos doutras pinturas murais romanas da cidade de Lugo, con cronoloxía máis fiable[48].
- Realizar unha cartografía da distribución de sales e humidades para controlar a orixe, distribución e mobilización do cloruro de magnesio detectado. Determinar como está a influír o devandito composto nos procesos de deterioración.
- Ampliar a investigación relacionada co fósforo, co propósito de determinar as causas e a orixe da presenza deste elemento no monumento.
- Investigar a orixe do xeso para discernir entre as hipóteses formuladas, que van dende unha probable procedencia relacionada coa contaminación dos recebos, coas agregacións intencionadas de xeso ao morteiro ou cos morteiros de cemento utilizados nas placas e no reforzo do extradorso.
- Realizar un estudo termohigrométrico para avaliar se os cambios de humidade e temperatura están a influír na mobilidade e cristalización dos sales.

– Analizar a auga que discorre, agora, arredor do edificio para detectar un posible transporte de sales.

Como intervención directa a curto prazo, formúlase a limpeza das colonizacións da aula, unha vez recollidas as mostras que poden servir de indicador cronolóxico e o control da vexetación e colonización do nártice e do espazo de acceso ao edificio.

Os tratamentos de conservación que precisan as pinturas, os morteiros de sostén das placas de mármore e, talvez nalgunhas zonas, a pedra, iniciaranse só cando se coñezan en detalle e, polo tanto, poidan minimizarse os factores de alteración.

48. Pinturas murais dos xacementos arqueolóxicos de Doutor Castro (*Domus Oceani*) e do Vicerrectorado, aínda sen analizar.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

(1926): "El arte cristiano en Galicia: un notabilísimo descubrimiento", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvi, n.º 186, pp. 151-152, A Coruña.

Abad Casal, L. (1979): "Aportación al estudio de Santa Eulalia de Bóveda", Congreso Nacional de Arqueología 1979, Zaragoza, pp. 917-921.

Abad Casal, L. (1982): La pintura romana en España, 2 vol, Universidades de Sevilla y Alicante, v.1 pp. 147-152; 368-370; 384-386; 404; 410-413 y 439-448; v. 2 pp. 103-106

Acuña Castroviejo, F. (1973): Galicia romana: Artes plásticas, Tesis Doctoral, Universidad de Santiago de Compostela, pp. 213-219, 248, 284-290 y 294-295.

Acuña Castroviejo, F. (1980): "A Prehistoria e a Idade Antiga", En VV.AA. Historia de Galicia, T.I, Cupsa Editorial, Editorial Planeta, S.A., Barcelona, pp. 31-106.

Adam, J. P. (1996): La construcción romana. Materiales y técnicas. Editorial de los Oficios, León.

Ares Vázquez, N. (1962): "Santa Eulalia de Bóveda. Dos lisiados y un monasterio", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. vii, nn. 57-58, Lugo, pp. 115-123.

Ares Vázquez, N. (1963): "Santa Eulalia de Bóveda. Mensaje de la cigüeña", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. vii, nn. 59-60, Lugo, pp. 173-182.

Ares Vázquez, N. (1964): "Santa Eulalia de Bóveda. Otro relieve en el pórtico", Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, t. vii, nn. 61-62, Lugo, pp. 237-246.

Arias Páramo, L. (1999): Prerrománico Asturiano. El arte de la Monarquía Asturiana, Ed. Trea, S.L., Gijón.

Arias Vilas, F. (1979): "BÓVEDA, Santa Eulalia de", Gran Enciclopedia Gallega, t. iv, Santiago de Compostela, pp.37-39.

Arias Vilas, F. (1979): Santa Eulalia de Bóveda, Museo Provincial de Lugo y Junta Central de Actividades y Establecimientos Culturales del Ministerio de Cultura.

Arias Vilas, F. (1995): "Chamoso Lamas e a Arqueoloxía lucense", Lugo no obxetivo de Manuel Chamoso Lamas. As nosas raices, Museo Provincia, Diputación Provincial, R.A.G.B.B.A.A. Nosa Señora do Rosario, pp. 39-59.

Arias Vilas, F.; Le Roux, P.; Tranoy, A. (1979): Inscriptions romaines de la province de Lugo, París, pp. 93 y 102-103.

Aroca y Asociados (s.d.): Informe sobre el estado de la bóveda de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo), informe inédito.

Azkarate Garai-Olaun, A. (2002): "Intereses cognoscitivos y praxis social en Arqueología de la Arquitectura", En Arqueología de la Arquitectura 1, Vitoria-Gasteiz, pp. 55-72.

Baldassarre, I.; Pontrandolfo, A.; Rouveret, A. y Salvadori, M. (2006): Pittura romana, Federico Motta Editore, Milano.

Bango Torviso, I.G. (1991): "De la antigüedad cristiana a la restauración repobladora", Imaxes da Arte en Galicia, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, pp. 59-79.

Bango Torviso, I.G. (1995): "La cultura artística de la monarquía astur, la última manifestación de la antigüedad", Astures, pueblos y culturas en la frontera del imperio romano, Ed. Asociación Astures. Gran Enciclopedia Asturiana, Gijón, pp. 171-187.

Barbet, A. (2003): "Les décors centrés en mosaïque et leur écho en peinture murale", Revue Archeologique, n.º 2, pp. 319-330.

Beltrán de Heredia Bercero, J.; Burjachs Casas, F.; Expósito Barea, I.; Tresserras Juan, J. y Matamala, J.C. (2007): "Estudio del "jardín" funerario de la necrópolis de la Plaza de la Vila de Madrid a partir de las investigaciones arqueobotánicas", Quaderns d'Arqueologia i història de la ciutat de Barcelona, n.º 3, Ajuntament de Barcelona, pp. 103-113.

Béarat, H.; Fuchs, M.; Maggetti, M. y Paunier, D. (1996): Roman wall painting. Materials, techniques, analysis and conservation. Proceedings of the international workshop, Institute of Mineralogy and Petrography, Fribourg, 1997.

Cabrera Garrido, J.M. (1991): Las pinturas al fresco de la bóveda baja: materiales de pintura y técnica pictórica, informe inédito.

Caballero Zoreda, L. (1999): "Sobre el análisis arqueológico de construcciones históricas. La experiencia llevada a cabo en Santa Eulalia de Mérida, La Torre de Hércules en La Coruña y S. Pelayo de Arlanza", En Armada Morales, D. (coord. y dir.) Arqueología del Monumento. Actas de los III Encuentros sobre Arqueología y Patrimonio (Salobreña, 13 a 16 de outubro de 1992), Concello de Salobreña, Salobreña, pp. 111-52.

Carandini, A. (1997): Historias en la tierra. Manual de excavación arqueológica, Editorial Crítica, Barcelona.

Castillo López, A del (1927): "Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvii, n.º 197, pp. 140-142, A Coruña.

Castillo López, A. del (1927): "Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvii, n.º 198, pp. 165-168, A Coruña.

Castillo López, A. del (1987): Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia, reedición de Bibliófilos Gallegos de 1972, Barrié de la Maza, A Coruña, pp. 72-73.

Chamoso Lamas, M. (1952): "Sobre el origen del monumento soterrado de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo)", Cuadernos de Estudios Gallegos, t. xxii, Madrid, pp. 231-251.

Chera, C. (1996): "Stratigraphische und chemische analyse der muster von wandmalereien aus der Scythia Minor", Roman Wall Painting. Materials, Techniques, Analysis and Conservation, Proceedings of the International Workshop, Fribourg 7-9 March 1996, Ed. H. Béarat, M. Fuchs, M. Maggetti y D. Paunier, Friburgo 1997, pp.337-345.

Choisy, A. (1873): El arte de construir en Roma, Edición e tradución da edición orixinal L'art de bâtir chez les Romains, Instituto Juan de Herrera, Madrid, 1999.

Croisille, J.M. (2005): La peinture romaine, Picard, Paris.

Diez de Velasco (1997): "Termalismo y religión: consideraciones generales", Termalismo Antiguo (I Congreso Peninsular. Actas), M.J. Peréx (ed.), UNED-CV, Madrid, pp.95-103.

Fernández-Galiano Ruiz, D. (1987): Mosaicos romanos del Convento Cesaraugustano, Ed. Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja, Zaragoza.

Fernández de la Vega, C. (1970): El enigma de Santa Eulalia de Bóveda, Gráficas Bao, Lugo.

García de Miguel, J.M.(1996): "La caracterización de los materiales aplicada al estudio de la construcción histórica", En Caballero Zoreda, L. y Escribano Velasco, C. (ed.). Arqueología de la Arquitectura. El método arqueológico aplicado al proceso de estudio y de intervención en edificios históricos. (Burgos, Junta de Castilla y León, 1996). Pp. 41-51. Salamanca: Europa Artes Gráficas.

García Iglesias, J. M. (1982): "La Edad Media", En Vázquez Varela, J. M. et alii, Historia del Arte Gallego, Ed. Alhambra, Madrid, pp. 71-188.

García y Teijeiro, M. (1933): Un vistazo al subter-templo de Santa Eulalia de Bóveda sito en tierras de Mera de Lugo, Artes Gráficas Gerardo Castro, Lugo.

Gómez-Moreno Martínez, M. (1949): "Santa Eulalia de Bóveda", Misceláneas. Historia-Arte-Arqueología, Primera Serie. La Antigüedad, CSIC, Instituto Diego Velázquez, Madrid, pp. 415-423.

Guardia, M. (2003): "El Santuario romano de Bóveda en su ornamentación pictórica". Semata, nº 14, pp. 253-76. Santiago de Compostela.

Harris, E. C. (1991): Principios de estratigrafía arqueológica, Ed. Crítica, Barcelona.

Harris, E. C. (1993): Practices of Archaeological Stratigraphy. Academic Press, London.

Johnston, D. E. (2004): Roman Villas, Shire Publications Ltd, UK.

López-Martí Castillo, L. (1927): "Los descubrimientos de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvii, n.º 194, pp. 57-62, A Coruña.

López-Martí Castillo, L. (1928): "Las excavaciones de la iglesia de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvii, n.º 204, pp. 322-326, A Coruña.

López-Martí Castillo, L. (1929): Santa Eulalia de Bóveda. En Cao Moure, J. (ed. y dr.). Lugo y su provincia (Libro de Oro), Vigo, pp. 126-7.

López-Martí Castillo, L. (1934): Santa Eulalia de Bóveda. Descripción y gráficos del monumento allí existente, Junta del Museo Provincial de Lugo, nº 1, Lugo.

Mañana, P., Blanco, R. y Ayán, X. (2002): Arqueotectura 1: Bases teórico-metodológicas para una Arqueología de la Arquitectura. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio) 25, Santiago de Compostela: Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (IIT, USC).

Martínez Morás, F. (1926): "Los hallazgos de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvi, n.º 189, pp. 228-229, A Coruña.

Martínez Morás, F. (1927): "Los hallazgos de Bóveda. Nuevos descubrimientos", Boletín de la Real Academia Gallega, t.xvi, n.º 191, pp. 267-272, A Coruña.

Matteini, M.; Moles, A. (2001): La química en la restauración. Junta de Andalucía - Consejería de Cultura - IAPH, Nerea.

Montenegro Rúa, E.J. (2005): El descubrimiento y las actuaciones arqueológicas en Santa Eulalia de Bóveda (Lugo), Concello de Lugo-Concellaría de Cultura e Turismo.

Montenegro Rúa, E. J. (2006): "Santa Eulalia de Bóveda: dos aniversarios y un cumpleaños. Ochenta años de bibliografía sobre el monumento lucense", CROA (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga), nº 16, pp. 43-66.

Nunes Pedroso, R. (1998) Barbet, A (dir.): "La "Basilique2 de Tróia. Un décor luso-romain du ivº s. ap. J.-C.", La peinture funéraire antique, Ed. Errance, París 2001, pp. 305-308 y 397.

Núñez Rodríguez, M. (1978): Historia da arquitectura galega. Arquitectura prerrománica, COAG, Santiago de Compostela, pp. 113-117 y 131-139.

Parcero, C., Méndez, F. y Blanco. R. (1999): El registro de la información en Intervenciones Arqueológicas. CAPA (Criterios e Convencións en Arqueoloxía da Paisaxe) 9. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (GIArPa), IIT, USC.

Pérez Losada, F. (1992): "Hipocaustos na Galicia Romana" Gallaecia, 13, Santiago de Compostela, pp. 129-76.

Portella, I. della (2000): Subterranean Rome, Könemann, Germany.
Quirós Castillo, J. A. (1994): "Contribución al estudio de la arqueología de la Arquitectura", Arqueología y territorio medieval, 1, Jaén, pp.141-58.

Rodríguez Colmenero, A. (1992): "Culto a las aguas y divinidades orientales en el Lugo romano: los monumentos de Bóveda y San Roque", Espacio, Tiempo y Forma, Serie II, Hª Antigua. Termalismo antiguo. Actas da mesa redonda Aguas mineromedicinales, termas curativas y culto a las aguas en la Península Ibérica, t. v, Madrid, pp. 309-335.

Rodríguez Colmenero, A. (1993): "Arte e proceso urbanizador". En Rodríguez Iglesias, F. 1993. Galicia Arte. T. IX. Arte Prehistórica e Romana, Hércules Ediciones, S. A., A Coruña, pp. 288-341.

Rodríguez Colmenero, A. (1993): "Pintura e mosaico" En Rodríguez Iglesias, F. 1993, Galicia Arte. T. IX. Arte Prehistórica e Romana, Hércules Ediciones, S. A., A Coruña, pp. 344-371.

Singul Lorenzo, F. L. (1997): "La pintura de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo). Ortodoxia y clasicismo en la pintura paleocristiana del Noroeste hispánico", Boletín Auriense, T. 27, Ourense, pp. 175-93.

Singul Lorenzo, F. L. (1998): "La pintura de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo): significado y relaciones con el arte paleocristiano y la pintura asturiana. Ortodoxia y clasicismo en la pintura paleocristiana del Noroeste hispánico", Boletín Auriense, T. 28, Ourense, pp. 59-84.

Taracena, B. (1947): "Arte Romano", En VV.AA. 1947. Ars Hispaniae. Vol. II, Editorial Plus-Ultra, Madrid, pp. 11-179.

Teichner, F. (2006): ""De lo romano a lo árabe". La transición del sur de la provincia Lusitania a Al-Gharb Al-Andalus. Nuevas investigaciones en los yacimientos de Milreu y Cerro da Vila", En Chavarría, A. et alli (eds.), Villas Tardoantiguas en el Mediterráneo Occidental, Anejos de AEspA xxxix, CSIC, Madrid, pp. 207-220.

Trapero Pardo, J. (1986): Lugo y su muralla, Ed. Everest, León, pp. 110-115.

Utrero Agudo, Mª. A. (2006). Iglesias tardoantiguas y altomedievales en la península Ibérica. Análisis arqueológico y sistemas de abovedamiento. Anejos de Archivo Español de Arqueología, XL, CSIC, Madrid.

Vázquez Seijas, M. (1929): "Las excavaciones de Santa Eulalia de Bóveda", Boletín de la Real Academia Gallega, T. 19, nº 217, pp. 29-31. Coruña.

Vidal Caeiro, L. (2003): "Santa Eulalia de Bóveda: Análisis de los ladrillos", Gallaecia, 22, Santiago de Compostela, pp. 225-252.

Vidal Caeiro, L. (2006): "Arqueología de Santa Eulalia de Bóveda", III Premio de investigación Manuel Vázquez Seijas, Deputación Provincial de Lugo, Museo Provincial de Lugo, pp. 11-122, Lugo.

Vázquez Seijas, M. (1939): Lugo bajo el imperio romano, Xunta do Museo Provincial de Lugo n.º 2, Lugo.

Vitrubio: Los diez libros de arquitectura, Traducción de José Ortiz y Sanz 1787, Reprodución facsímil, Akal, Madrid 1992.

V.V.A.A. (1985): Le décor géométrique de la mosaïque romaine, Ed. Picard, París.

Yarza Luaces, J. (2004): Arte y arquitectura en España 500-1250, Cátedra, Madrid, pp. 42 y 50-52.

EQUIPO DE TRABALLO

Arqueólogas (Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe, IEGPS, CSIC-Xunta de Galicia):
Rebeca Blanco-Rotea e Sonia García.
Escaneado e debuxo (Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe, IEGPS, CSIC-Xunta de Galicia):
Patricia Mañana e Anxo Rodríguez.
Restauradoras (TOMOS Conservación Restauración): Marta Becerro e Rosa Benavides.
Análises (Cátedra de Petroloxía e Mineraloxía de ETSI de Minas da UPM): Pilar Morillas González, Iñaki Ubiria Rodríguez de Quijano e Cristina Cedazo Tabernero, baixo a dirección de José María García de Miguel.

Así mesmo, este traballo é debedor de José López Fernández, quen leva anos tratando de constituír o libro de fábrica do que o monumento carece. Case toda a información relativa aos tratamentos de conservación obtivémola mercé á súa xenerosidade.

SANTA EULALIA DE BÓVEDA
INTERVENCIÓN ARQUITECTÓNICA

César PORTELA

Introdución

O conxunto arqueolóxico de Bóveda dende o momento do seu descubrimento "oficial", no ano 1926, constituíu un enigma en canto á súa orixe, función, significación e cronoloxía. Foi declarado ben de interese cultural no ano 1931.

Memoria

O territorio

O edificio soterrado, a capela barroca e a aldea de Bóveda, de gran valor tipolóxico e arquitectónico, xunto co territorio circundante, de grande interese morfolóxico e paisaxístico, constitúen un conxunto espacial de gran valor histórico, arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico, artístico, paisaxístico e mítico que é preciso conservar e protexer na súa totalidade.

O contorno territorial de Santa Eulalia de Bóveda é unha unidade de espazo natural que chegou ata hoxe en moi bo estado de conservación funcional e formal, sendo o elemento máis destacable os muros de chantas de pedra propios da zona e que, xunto cos camiños, estruturan o territorio, definen e delimitan a propiedade e atraen pola súa beleza e singularidade.

Consideramos que o monumento debe entenderse no seu contexto e que a visita non debe limitarse só a el. Tanto os valores do seu contorno coma o feito de que chegase ata hoxe mantendo unha vida activa, tanto social como agrícola, diferencian a esta aldea do que acontece en moitas outras de Galicia; por tanto, pode ser un gran complemento que debe ser considerado e coidado. Así, este proxecto marcouse como obxectivo prioritario o mantemento e conservación de todo o conxunto.

O conxunto construído de Santalla é un magnífico exemplo de arquitectura tradicional galega.
Factores que caracterizan a arquitectura tradicional galega:

- Prodixiosa integración no medio.
- Austeridade exterior, baseada nunha rigorosa economía formal e emprego de materiais a pé de obra.
- Existencia e clara gradación en espazos interiores, exteriores e intermedios, e unha perfecta articulación entre eles.
- Abundancia de espazos de uso múltiple: estar, pasear, lecer e traballo, articulados coa maior naturalidade.

Santa Eulalia de Bóveda nunha fotografía aérea de 1957.

Santa Eulalia de Bóveda nunha fotografía aérea de 2002.

E todo isto plasmado nunha linguaxe arquitectónica moi evolucionada, baseada nun deseño de gran calidade conceptual e, ao mesmo tempo, extraordinariamente sinxelo, apoiado nun coidado nivel de execución coa intervención de mestres carpinteiros e, sobre todo, de mestres canteiros.

O conxunto edificado (núcleo):

Descrición

A aldea de Santa Eulalia de Bóveda, no concello de Lugo, é un paradigma representativo da área central da provincia de Lugo, aínda que tamén podía selo das comarcas do interior do medio rural galego.

Trátase dunha pequena entidade de poboación integrada por: un casal típico, de dous pisos, o baixo destinado a cortes e útiles de labranza e o sobrado a vivenda, acompañados por unha serie de elementos construtivos adxectivos propios do mundo agropecuario: canastros, eiras, lavadoiro, bebedoiro para o gando, alboios... Conta tamén cun conxunto monumental, integrado pola igrexa, cruceiro, cemiterio e, por suposto, o monumento.

Na proximidade do espazo central da aldea, que poderiamos considerar como a praza, conflúen unha serie de rúas e espazos públicos de difícil definición pola súa forma irregular e diferentes xeometrías, que se alternan con espazos privados de cultivo cercados por muros. Todo iso inmerso no campo circundante no que se intercalan pequenas hortas, eirados, pradarías e bosques estruturados e delimitados por valados e muros feitos con mampostos e chantos.

O éxodo rural cara á cidade de Lugo ou incluso Madrid, unido ao paulatino avellentamento da poboación residente, propiciou en parte o abandono das actividades do campo, aínda que, a diferenza doutras áreas de Galicia, nesta zona aínda se conserva unha actividade agropecuaria importante que en Bóveda xira ao redor da gandaría. Isto contribuíu positivamente para que chegase ata os nosos días en case perfecto estado de conservación.

Criterios do sistema construtivo empregado tradicionalmente:
A construción da arquitectura popular galega está realizada principalmente con dous materiais: a pedra e a madeira.
A pedra, material universal e atemporal, empregouse como elemento construtivo por excelencia en infinidade de edificacións e obras de enxeñaría. A composición petrográfica do espazo xeográfico galego está constituída por unha ampla gama de rochas. As características da pedra son a facilidade de corte e labrado, resistencia á intemperie, múltiple gama de tonalidades e distintos graos de dureza.

O material complementario da pedra é a madeira, propia da construción do armazón da cuberta, dos forxados e dos taboados das divisións interiores. A madeira empregada procedía das numerosas fragas (bosques mixtos onde conviven especies de árbores de folla caduca: carballos, castiñeiros, bidueiros...) que tapizaban boa parte das zonas arborizadas de Galicia.

Un dos elementos tipolóxicos principias da aldea son as cubertas. En Galicia os tellados, debido ao clima húmido, son de primordial importancia e amósanse extensos, coma grandes mantos que o cobren todo: vivendas, alboios, alpendres..., ata patios. Existe unha clara conexión entre os trazos dunha cuberta e a sensación de abrigo que proporciona que, no caso de Bóveda, se evidencia con claridade.

Obxectivos

Revitalizar os aspectos urbanísticos e arquitectónicos da aldea, para así mellorar os parámetros produtivos, económicos e sociais; mellorando a calidade de vida dos seus habitantes, ao tempo que a calidade medioambiental do conxunto; prestándolle especial atención á restauración, rehabilitación e posta en valor do monumento, icona do lugar e da súa comarca, pero sen perder nunca de vista que o importante é o conxunto, un conxunto que é a expresión material de integración asombrosa entre a espiritualidade máis elevada e o pragmatismo da vida rural.

Principios

Os principios conceptuais que marcaron a actuación son:

- Respectar e conservar os valores históricos, etnográficos, antropolóxicos, paisaxísticos, urbanísticos, arquitectónicos, tipolóxicos, espaciais, formais e construtivos... existentes no núcleo e no seu contorno.
- Restaurar, rehabilitar e recuperar certos valores, dos expostos anteriormente, que existiron noutra época e que hoxe se atopan desvirtuados ou desaparecidos.
- Introducir novos valores, compatibles cos existentes, como consecuencia da rehabilitación que os novos usos e os novos tempos demandan.



Conclusiónes

Ao longo das obras levadas a cabo no monumento tolerado de Santalla de Bóveda e o seu contorno, co galo de proteger e conservar os conjuntos de gran valor histórico, arqueológico, arquitectónico, etnográfico, artístico, paisaxístico e estético, buscouse fundamentalmente a conexión de intervencións erróneas que se foron consolidando ao longo dos anos e dar un exemplo de como se poden acometer rehabilitacións, reformas ou ampliacións, necesarias para a evolución lógica dunha aldea.
Ao tempo que se executaban as obras, trabouse de concienciar e espertar o interesar dos veciños polo singular enclave no que viven, para que eles sejan polo seu mantenimento e conservación.



Plano de cubertas.



Plano de planta baixa.



Actuacións

A actuación abrangue como dous grandes campos: o da edificación e o urbanístico, buscando en última instancia a melhora social do conxunto da poboación de Bóveda e dos seus visitantes.

Edificación. Propostas de actuación e descrición das obras realizadas.

Núcleo habitado, lugar de Bóveda.

As actuacións nas edificacións que rodean o monumento veñen determinadas porque empezan a observarse algunhas actuacións inadecuadas, de pouca entidade, pero grande impacto visual, ben por desaxeneramento ben por carencias económicas, que se trataron de cunrir nelle proyecto.





Edificacións singulares: o lavadoiro, fonte e o bebedoiro:

Procedeuse á rehabilitación do conxunto para continuar co seu uso tradicional. Foi necesario o derrubamento da lousa de formigón que o cubría e que presentaba grandes deformacións, así como dos piares que a sustentaban. Construíronse unhas escaleiras de acceso con chanzos de granito macizo abuxardado que permiten o acceso independente do paso dos animais ao bebedoiro. Para o apoio da nova cuberta, colocáronse catro piares de granito abuxardado de base cadrada, sobre os muros de formigón existentes. A cuberta resolveuse cunha estrutura de madeira, realizada con trabes e taboado de castiñeiro, tratado para previr e combater fungos e coza e aceite. Sobre a estrutura de madeira colocouse unha cuberta de lousas irregulares, de similares características ás existentes no lugar.
Para a protección do manancial de auga, colocouse unha porta de madeira e pechouse a fonte perimetralmente cun muro de chantas colocando un banco de granito fronte a ela.
Todos os elementos con recebo de formigón repasáronse e pintáronse.







Casa nº1

O alboio situado detrás do lavadoiro pertence á casa n.º 1 e presentaba unha cuberta a dúas augas de placas onduladas de fibrocemento e un pincho de tixolo visto. Todo isto mudouse por unha cuberta de lousa a tres augas seguindo a tipoloxía do lugar; para isto, foi preciso colocar unha trabe de aceiro no lateral onde non había muro e construír unha estrutura portante de madeira sobre a que se puxo un taboado e, sobre este, a lousa. Todas as cancelas metálicas se lixaron e pintaron con esmalte. As portas metálicas do alboio en fronte ao monumento foron cambiadas por unhas novas de madeira de iroko tratada con aceite.

